



XUNTA DE GOBERNO

**SESION EXTRAORDINARIA DE TRINTA E UN DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZAOITO
(ACTA NÚMERO 55)**

Presidente:

D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Argelio Fernández Queipo

D. Pablo Rivera Capón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Eduardo Vidal Baamonde

Secretario:

D. Manuel Castiñeira Castiñeira

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as trece horas trinta minutos do día **trinta e un de decembro de dous mil dezaoto**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnense os Sres. Deputados á marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria convocada para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación; e en cumprimento do Decreto da Presidencia de 28 de decembro de 2018 relativo á delegación da resolución de determinados expedientes de competencia do Presidente na Xunta de Goberno de 31 de decembro de 2018.

Actúa de Secretario o Secretario-Interventor D. Manuel Castiñeira Castiñeira.

Non asisten os Sres. Deputados D. Álvaro Santos Ramos, D. Lino Rodríguez Onega, D^a. Mayra García Bermúdez e D^a. Sonsoles López Izquierdo.

1.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO GASTO REFERENTE A SERVICIOS E/OU SUBMINISTRACIÓNS DE MATERIAL NON INVENTARIABLE.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Asunto: Aprobación das prestacións executadas, propias dun contrato administrativo, recoñecemento da obriga e pago da factura correspondente a servizos de asistencia técnica consistentes en ensaios de control de calidade de obras realizadas baixo a dirección facultativa do Servizo de Vías e Obras, no mes de Febreiro do 2018, en execución da Resolución da Presidencia de data 28 de decembro do 2018.

Visto o informe de data 28/12/2018, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasladouse a este Servizo de Contratación e Fomento, factura polo concepto e importe que de seguido se detallan, e respecto da que existe informe emitido pola Intervención Provincial no que consta a existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente no vixente orzamento xeral:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	IMPORTE DA FACTURA	CONCEPTO
Investigación y Control Lugo, S.L. (INVECO)	2018-122	28/02/2018	1.629,14 €	Servizo de asistencia técnica consistente en ensaios de control de calidade de obras realizadas baixo a dirección facultativa do Servizo de Vías e Obras no mes de febreiro do 2018.
SUMA			1.629,14 €	

Visto que xunto coa factura consta:

A propia factura con Rexistro de Entrada de Facturas en data 01/03/2018 e con dilixencia de que os servizos están realizados, precisando o conforme coa cantidade e o prezo.

Declaración responsable asinada en data 26/12/2018 polo representante da entidade Investigación y Control Lugo, S.L., de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e a habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, que non se atopa incursa na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no I.A.E. nunha actividade acorde ás prestacións, así como que as prestacións desenvolvidas están comprendidas dentro dos fins obxecto ou ámbito da súa actividade.

Memoria xustificativa de data 05/04/2018, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, emitida polo Responsable do Servizo de Vías e Obras, na que consta, o Visto e Prace da persoa que naquela data era Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial.

Asemade, incorpórase informe do Servizo de Vías e Obras, e informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que se inclúe a solicitude de consignación orzamentaria.

Existe consignación orzamentaria, segundo resulta do informe de data 3 de xullo do 2018 da Intervención Provincial incorporado ao atado, indicando expresamente que o gasto que reflicte a factura ten consignación orzamentaria no vixente Orzamento Xeral.

No informe do Servizo de Contratación e Fomento emitido con data 26 de decembro do 2018, previo á Resolución da Presidencia do día 28 deste mes, dirimindo a discrepancia, en síntese, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

A Intervención Provincial en data 3 de xullo do 2018, emitiu informe en relación coa seguinte factura:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE
Investigación y Control Lugo, S.L. (INVECO)	2018-122	28/02/18	1.629,14 €
SUMA			1.629,14 €

No devandito informe recóllese o seguinte:

“(…)

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Xefe do Servizo de Vías e Obras, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan ca factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1 a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral, polo importe total de 1.629,14 €.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, (en diante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, (en adiante RD 424/2017), e base Nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe

pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2 c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten na factura obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano e por superar as contías do contrato menor, incumprindo os artigos 23 e 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, sendo de aplicación por ser a factura anterior ao 9 de marzo de 2018, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais os efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2018, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do RD 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do RD 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, ésta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente o, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios os reparos formulados.”

O Enxeñeiro Xefe do Servizo de Vías e Obras, en contestación ó informe de intervención amentado no punto anterior, referente ao recoñecemento de obrigas do ano 2018, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais, emitiu informe en data 09/07/2018 (referido á factura N° 2018-122 de data 28/02/2018, emitida por Investigación y Control Lugo, S.L.) , no que se argumenta o seguinte, respecto da factura de referencia:

“(…)

Os gastos referentes a dita factura corresponden a servizos de asistencia técnica consistentes en ensaios de control de calidade das obras que son imprescindibles para o control e certificación destas, de tal xeito que de non poder realizarse tales ensaios habería que suspender a execución das obras co correspondente prexuízo para o servizo público viario e a consecuencia das posibles indemnizacións ao contratista adxudicatario da obra.

O importe dos ensaios realizados é descontado ao adxudicatario das obras afectadas ata o 1% do Presuposto de Execución Material da obra conforme ao establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato das obras.

Respecto á antelación coa que foi proposta por este Servizo de Vías e Obras a contratación do novo servizo de calidade derivado do fin do prazo de duración en 20/05/2017 do anterior contrato adxudicado a INVECO, S.L., xúntase copia do oficio de 15/03/2017 co que se remitiu o correspondente prego de Prescricións Técnicas Particulares.

(…).”

A factura emitida por Investigación y Control Lugo, S.L. N° 2018-122, correspóndese cos servizos de asistencia técnica consistentes en ensaios de control de calidade das obras realizadas baixo a dirección facultativa do Servizo de Vías e Obras, durante o mes de febreiro do 2018 (é dicir, dende o 01/02/2018 ata o 28/02/2018), con respecto ós que o Servizo de Contratación e Fomento é coñecedor dos seguintes antecedentes administrativos:

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 22/05/2015, adoptou entre outros, o acordo de adxudicar á empresa Investigación y Control Lugo, S.L. (INVECO), o contrato do servizo de asistencia técnica para o control de calidade relativa ás obras e servizos de conservación dirixidos no ámbito do servizo de Vías e Obras, cun prazo de execución de dous anos, a contar dende a súa formalización, sen contemplar prórrogas.

A Deputación Provincial de Lugo e Investigación y Control Lugo, S.L., formalizaron o contrato administrativo amentado no punto anterior, en data 29/05/2015, polo que tendo en conta que a súa duración era de dous anos (a contar dende dita formalización), éste rematou o día 29/05/2017.

Con carácter previo á data de finalización do contrato do servizo de asistencia técnica para o control de calidade relativa ás obras e servizos de conservación dirixidos no ámbito do Servizo de Vías e Obras, dito centro xestor remitiu ó Servizo de Contratación e Fomento a través de rexistro interno de data 15/03/2017, copia do prego de prescricións técnicas particulares para a tramitación dun novo procedemento de contratación co mesmo obxecto.

En base a elo, na sesión ordinaria da Xunta de Goberno desta Deputación celebrada en data 02/06/2017, previos os trámites administrativos oportunos, adoptouse o acordo de aprobar o inicio do expediente de contratación por lotes do servizo de asistencia técnica necesario para levar a cabo o preceptivo control de calidade nas obras e servizos contratados por esta Deputación, aprobando así mesmo os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, e o procedemento de contratación (aberto), incluíndo os seguintes lotes:

- Lote I: Servizo de asistencia técnica para o control de calidade relativo ás prestacións necesarias para executar por Administración dende o servizo do Parque Móbil.
- Lote II: Servizo de asistencia técnica para o control de calidade nas obras contratadas pola Deputación, con excepción das obras dos servizos de Vías e Obras e Parque Móbil.

- Lote III: Servizo de asistencia técnica para o control de calidade das obras e servizos de conservación dirixidas dende o servizo de Vías e Obras.

O correspondente anuncio de licitación publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo N° 146, de data 27/06/2017.

O día 29/12/2017, a Xunta de Goberno aprobou a adxudicación por lotes da contratación amentada no anterior punto IV, cunha duración máxima de vixencia dun ano dos contratos derivados de cada lote, non sendo prorrogables, e con entrada en vigor a partir da sinatura da Acta de inicio da prestación do servizo, resultando adxudicatarios en cada un dos lotes, as seguintes entidades:

- Lote I: Eptisa Servicios de Ingeniería, S.L.
- Lote II: Investigación y Control Lugo, S.L. (Inveco)
- Lote III: Eptisa Servicios de Ingeniería, S.L.

Os correspondentes contratos administrativos para cada lote, formalizáronse todos eles en data 01/02/2018, e con data 01/03/2018 asinouse a acta de inicio de prestación dos servizos correspondentes ó Lote III “Servizo de asistencia técnica para o control de calidade das obras e servizos de conservación dirixidas dende o Servizo de Vías e Obras”.

Posteriormente, no B.O.P. de Lugo N° 084 de data 13/04/2018, publicouse o anuncio de adxudicación e formalización de dita contratación.

O Servizo de Contratación e Fomento, emitiu informe en data 19/06/2018 (referente á factura emitida por Investigación y Control Lugo, S.L., correspondente a servizos de asistencia técnica consistentes en ensaios de control de calidade de obras realizadas baixo a dirección facultativa do Servizo de Vías e Obras no mes de febreiro do 2018), á vez que solicitaba consignación orzamentaria, no que se recolle o seguinte:

“(…)

Analizados os arquivos existentes no servizo, conséntase que non existen contratos en vigor que amparen dita factura.

Pola cuantía da factura e o tipo de prestación periódica, non estamos ante un suposto de contrato menor.

Pola unidade xestora apórtase documentación requirida por este servizo en oficio de data 19/03/2018.

(...)

A factura expídese o 28/02/2018, sendo o período de realización da prestación dende o 01/02/2018 ata o 28/02/2018, o cal non se pode incluír no novo contrato xa que este ten inicio na data de (...).”

Na memoria xustificativa de data 05/04/2018, emitida dende o Servizo de Vías e Obras, e coa conformidade da persoa que era nesa data Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial, relacionase o seguinte:

“(...)

Xustificación do incumprimento do procedemento: O prazo de duración do contrato orixinario prestación finalizou o 29/05/2017 e prodúxose demora na xestión do respectivo expediente de contratación que se propuxera por este Servizo de Vías e Obras en 15/03/2017 (achégase copia).

O período de realización da prestación obxecto da relación valorada da factura: 01/02/2018-28/02/2018.

O importe da prestación realizada é 1.629,14 €.

Dadas as características do contrato non procede garantía.

As unidades utilizadas son as estritamente necesarias para a execución da prestación e os prezos aplicados son correctos e axeitados ao mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio 2018 informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atencións da partida durante todo o ano en curso.”

No espazo temporal que comprende a factura Nº 2018-122 emitida por Investigación y Control Lugo, S.L., é dicir, dende o 01/02/2018 ata o 28/02/2018, co que se corresponde a prestación de servizos de asistencia técnica consistentes en ensaios de control de calidade das obras realizadas baixo a dirección facultativa do Servizo de Vías e Obras, reparadas pola Intervención Provincial en data 03/07/2018, informada polo Servizo de Contratación e Fomento o 19/06/2018, e tamén informada polo Servizo de Vías e Obras o día 09/07/2018 e con memoria xustificativa da mesma unidade administrativa, atopábase formalizado o contrato administrativo para o Lote III “Servizo de asistencia técnica para o control de calidade das obras e servizos de conservación dirixidas dende o Servizo de Vías e Obras” (asinado o 01/02/2018), entre a Deputación Provincial de Lugo e a entidade adxudicataria (Eptisa Servicios de Ingeniería, S.L.), aínda que non se formalizou a acta de inicio das prestacións, ata o día 01/03/2018, polo que na data de realización das prestacións da factura de referencia, aínda non se tiña iniciado o novo contrato.

(...)”

Consideracións

No citado informe deste Servizo de data 26/12/2018 explícanse as distintas circunstancias producidas na tramitación da licitación do servizo de asistencia técnica necesario para levar a cabo o preceptivo control de calidade nas obras e servizos contratados por esta Deputación, incluíndo os lotes que se detallan a continuación, de modo que dirimido o reparo, o recoñecemento das obrigas facturadas debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa:

- Lote I: Servizo de asistencia técnica para o control de calidade relativo ás prestacións necesarias para executar por Administración dende o servizo do Parque Móbil.

- Lote II: Servizo de asistencia técnica para o control de calidade nas obras contratadas pola Deputación, con excepción das obras dos servizos de Vías e Obras e Parque Móbil.

- Lote III: Servizo de asistencia técnica para o control de calidade das obras e servizos de conservación dirixidas dende o servizo de Vías e Obras.

As demoras producidas nas adxudicacións destes servizos, por fin ultimadas na actualidade, resultan imputables ás dificultades propias dun procedemento garantista na licitación e na adxudicación.

Xa que existe unha prestación que resulta necesaria e imprescindible (Pois de non realizarse, habería que suspender a execución das obras co correspondente prexuízo para o servizo público viario e a consecuencia das posibles indemnizacións ao contratista adxudicatario da obra ou ben, cando menos, non se garantiría), que ademais se aproveita ou fai uso da mesma, debe existir unha correlativa compensación da administración que a recibe. A necesidade e idoneidade desas prestacións débemola entender inmanente ao expediente contractual previamente existente, pero cuxo prazo de duración estaría vencido, lembrando que os actos administrativos emitidos na tramitación dese expediente contractual gozan da presunción de validez (Artigo 39 da Lei 39/2015, do 1 de outubro) en tanto non mudasen os presupostos da existencia daquelas prestacións contractuais recíprocas. E tamén as licitacións de ditos servizos xa adxudicadas, confirman a necesidade e idoneidade desas prestacións.

Neste tipos de contratos, que se poden considerar complementarios dun contrato de obras, cabe recordar a lexislación especial que constitúe o artigo 303.2 do TRLCSP, aplicable no momento da prestación:

“Non obstante o disposto anteriormente, os contratos regulados neste Título que sexan complementarios de contratos de obras ou de subministración poderán ter un prazo superior de vixencia que, en ningún caso, excederá do prazo de duración do contrato principal, salvo nos contratos que comprenden traballos relacionados coa liquidación do contrato principal, cuxo prazo

final excederá ó do mesmo no tempo necesario para realizalos. A iniciación do contrato complementario a que se refire este apartado quedará en suspenso, salvo causa xustificada derivada do seu obxecto e contido, ata que comece a execución do correspondente contrato de obras.

Soamente terán o concepto de contratos complementarios aqueles cuio obxecto se considere necesario para a correcta realización da prestación ou prestacións obxecto do contrato principal.”

Por outra parte, doutrinal e xurisprudencialmente, vense aplicando como fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, que tería fundamento no propio artigo 1096 do Código Civil, que alude a que aquelas xorden entre outras dos contratos, pero tamén dos “cuasicontratos”, que se regulan no artigo 1887 do C.C., así como dos feitos lícitos e voluntarios dos que resulta unha obriga do seu autor para con un terceiro e as veces unha obriga recíproca entre os interesados.

Dun xeito máis específico, a doutrina do enriquecemento inxusto aplícase en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en contratos nos perfeccionados ou máis semellantes aos supostos analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; máis tamén outra máis recente como a Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Para a aplicación desta figura do enriquecemento inxusto esíxese a existencia dunha vantaxe para a administración, como a entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; esta vantaxe debe aportar unha utilidade real aos intereses públicos xestionados pola entidade, debendo existir algún tipo de recoñecemento por parte da administración, para evitar iniciativas particulares fraudulentas; ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, que se manifesta, en supostos como o que nos ocupa, na efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións e as condicións nas que se desenvolven, idénticas as do último contrato adxudicado, sendo os prezos aplicados correctos e axeitados ao mercado, segundo se di na memoria xustificativa do Servizo de Vías e Obras, de data 05/04/2018.

A factura relacionada neste informe é obxecto de tramitación por analoxía, co establecido na Base de Execución Nº 20 do Orzamento desta Deputación para o ano 2018, coas mesmas condicións económicas e prestacións que no último contrato.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial (segundo se expresa no apartado sétimo das consideracións deste informe), unha vez salvado o reparo suspensivo da Intervención Provincial formulado consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

No informe 4/2016 da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de 30/06/2016 chega a salientarse a prevalencia do interese xeral que rexe na contratación pública ata o punto de que o artigo 38 do TRLCSP permite o mantemento da vixencia dun contrato nulo, cando se dean razóns de interese xeral; en efecto o artigo 38.2 do TRLCSP permite que o órgano competente para declarar a nulidade, malia concorrer causas, non a declare e acorde o mantemento dos efectos do contrato se atendendo a circunstancias excepcionais que concorran, considera que existen razóns imperiosas de interese xeral que o esixan. Na actualidade a referencia debe entenderse efectuada ao artigo 42.3 da LCSP.

Na revista “El Consultor de los Ayuntamientos” nº 21/2016, recóllense uns comentarios ó STS de 21 de xaneiro de 2015 (recurso de casación 1371/2015) coas seguintes conclusións atinxentes ao asunto que nos ocupa:

“A infracción, no seu caso, das formalidades administrativas establecidas na lexislación de contratos públicos por parte da Administración contratante, nunca poderían enervar o dereito do contratista ó cobro da cantidade realmente executada, pois admitir o contrario suporía un enriquecemento inxusto da Administración.”

Consciente o poder lexislativo das inconveniencias que xorden nas tramitacións administrativas de procedementos de adxudicación de contratos, implementa unha proposta lexislativa de salvagardar as prestacións naqueles supostos en que vencera o contrato anterior sen

ter formalizado o novo contrato que garanta a continuidade das prestacións (...); pode verse o art. 29.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións efectivas de que se preste o servizo, aínda que se estima necesaria.

Aínda que a factura a aprobar non supera os límites do contrato menor, non é susceptible de tramitarse como tal, xa que se trata de prestacións previsibles e con continuidade no tempo, unido a que as prestacións que a factura reflicte se corresponden cun procedemento de licitación xa adxudicado (e co contrato asinado en data 01/02/2018, aínda que sen terse formalizado todavía no período no que se realizaron as prestacións contidas na factura de referencia, a acta de inicio da prestación do servizo que foi asinada en data 01/03/2018), cuxa competencia é da Xunta de Goberno, é o que determina que o Órgano competente sexa a Xunta de Goberno.

Por outra banda:

- Na Base Nº 10 “Recoñecemento e liquidación de obrigas” das de Execución do Orzamento para o 2018, recóllese como regra xeral que o recoñecemento das obrigas, unha vez adoptado o compromiso de gasto, corresponderá ó Presidente ou Órgano en quen delegue.

- E na Base Nº 11 “Ordenación de Pagamentos”, sinálase que a ordenación de pagamentos daquelas obrigas previamente recoñecidas corresponderá ó Presidente ou Órgano en quen delegue.

No caso que nos ocupa, nin o recoñecemento das obrigas nin a ordenación dos pagamentos lle corresponderían ó Presidente, xa que non se realizaron os trámites previos necesarios amentados polas Bases Nº 10 e Nº 11. Polo tanto, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno:

“Correspóndelle á Xunta de Goberno:

- a) A asistencia ao Presidente/a no exercicio das súas atribucións.
 - b) As seguintes atribucións, delegadas do Presidente/a e do Pleno:
- (...)

Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

(...)

A competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

(...).”

A estes efectos debe terse en conta a circular da Secretaría Xeral de data 02/11/2018, na que se di:

“O Pleno da Deputación Provincial en sesión do 30 de outubro de 2018, acordou a conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018, polo que se prestou aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP núm. 170 de data 26 de xullo de 2018, ao abeiro de canto se establece polo artigo 50 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A conversión do citado acto administrativo, implica que o acordo plenario de 26 de xuño de 2018, polo que se aproba o novo Regulamento Orgánico teña, meramente, natureza xurídica de acordo provisorio aos efectos do previsto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora do Réxime Local.

Como consecuencia de tal conversión, o Regulamento Orgánico publicado no BOP núm. 170 de 26 de xullo de 2018, deixa de ter a natureza de disposición administrativa de carácter xeral, e queda sen valor normativo algún, de tal forma que recupera a súa vixencia, na súa integridade e a todos os efectos, o Regulamento Orgánico publicado no BOP núm. 56 de data 10 de marzo de 2011.”

Así mesmo, con data 27 de xullo do 2018, publicouse no B.O.P. de Lugo Nº 171, a Resolución da Presidencia do 26/07/2018, polo que se delega na Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, entre outras, as seguintes atribucións:

“(…)

A contratación, incluídos todos os actos de preparación, adxudicación e execución de obras, servizos, subministracións, de concesión de obras, concesión de servizos públicos, e contratos administrativos especiais, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación, incluída a aprobación dos proxectos e pregos de condicións e todos os demais actos en execución dos devanditos contratos.

A contratación, incluídos todos os actos de preparación, adxudicación e execución, de contratos de natureza privada, concesións sobre bens e adquisición de bens inmoables e alleamento de bens e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial de contía superior á determinada para contratos menores cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

(…).”

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte ao gasto proposto, tratándose dun gasto realizado no exercicio orzamentario de 2018, e xustificado por analoxía ós requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de servizos, o recoñecemento da obriga e o pagamento da seguinte factura correspondente ao servizo de asistencia técnica consistente en



ensaños de control de calidade de obras realizadas baixo a dirección facultativa do Servizo de Vías e Obras no mes de febreiro do 2018:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	IMPORTE DA FACTURA	CONCEPTO
Investigación y Control Lugo, S.L. (INVECO)	2018-122	28/02/2018	1.629,14 €	Servizo de asistencia técnica consistente en ensaios de control de calidade de obras realizadas baixo a dirección facultativa do Servizo de Vías e Obras no mes de Febreiro do 2018 (dende o 01/02/2018 ata o 28/02/2018).
SUMA			1.629,14 €	

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de servizos, recoñecer a obriga e o pagamento da factura relacionada:

▪ N° 2018-122 de data 28/02/2018 emitida por Investigación y Control Lugo, S.L. (Inveco), por un importe total de 1.629,14 €, correspondente ao servizo de asistencia técnica consistente en ensaios de control de calidade de obras realizadas baixo a dirección facultativa do Servizo de Vías e Obras no mes de Febreiro do 2018 (dende o 01/02/2018 ata o 28/02/2018)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE EXPEDIENTES DE GASTOS.

Primeiro.- *Proposta relativa á xustificación da encomenda de xestión da Escola de Piragüismo e das súas instalacións e desenvolvemento de cursos a favor de SUPLUSA 01/07/2016 a 30/06/2017.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deporte, do seguinte teor:

“Tendo en conta que con data de rexistro 18 de decembro de 2017 e número de rexistro 37153, se presentou memoria de actividades e solicitude de liquidación da encomenda de xestión da Escola de Piragüismo e das súas instalacións e desenvolvemento de cursos a favor de Suplusa no período comprendido entre o 1 de xullo de 2016 e o 30 de xuño de 2017,

Tendo en conta que o período reflectido na citada solicitude se corresponde coa encomenda de xestión da Escola de Piragüismo e das súas instalacións e desenvolvemento de cursos a favor de Suplusa, aprobada por Xunta de Goberno de data 27 de xuño de 2016, que establece un orzamento da prestación obxecto de encargo ou encomenda de 55.000,00 € que se retribuirán con cargo a fondos provinciais.

Tendo en conta que o obxecto da encomenda, de acordo coa proposta aprobada, é a xestión da Escola de Piragüismo e das súas instalacións e desenvolvemento de cursos a favor de Suplusa .

Tendo en conta que Suplusa presentou memoria de actividades e solicitude de liquidación da encomenda de xestión de persoal da escola de piragüismo, mantemento das súas instalacións e desenvolvemento de cursos a favor de Suplusa no período comprendido 01/07/2016 a 30/06/2017 por un importe que ascende a un total de 53.928,78 euros.

Tendo en conta o acordo de Xunta de Goberno de data 9 de marzo de 2018 relativo á adopción de acordos en relación co medio propio SUPLUSA

Visto o informe do servizo de Deportes.

Visto o informe de Intervención.

Por todo o exposto, propono á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar a liquidación económica da encomenda de xestión de persoal da escola de piragüismo, mantemento das súas instalacións e desenvolvemento de cursos a favor de Suplusa, aprobada por Xunta de Goberno de data 27 de xuño de 2016, no período 01/07/2016 a 30/06/2017 por un importe que ascende a un total de 53.928,78 euros.

2º.- Propoñer o pagamento pola realización da citadas encomenda nos termos expresados, a favor de SUPLUSA, por importe de 53.928,78 euros”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta en relación co aboamento de facturas á Mercantil Goni, S.L., pola execución de diversas operacións de conservación na R.V.P. desta Excma. Deputación Provincial Lotes 1-8 - Lote 7. (Folgo do Courel – O Incio - Samos – Triacastela – Quiroga – Ribas de Sil) no procedemento declarado de emerxencia en data 09-02-2018.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor literal:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

Polo Responsable do contrato para a execución de diversas operacións de conservación na RVP, zona 7, remitiuse informe na data 07 de febreiro de 2018, no que se conteñen os seguintes extremos:

“D. José Antonio Arias Vázquez, como responsable do contrato administrativo de servizos para a execución de diversas operacións de conservación na R.V.P. da Excma. Deputación Provincial de Lugo, Lotes 1-8-Lote 7, emite o seguinte informe de necesidades:

En atención ás circunstancias climatolóxicas adversas que se están a producir, notorias dada a transcendencia mediática e ponderando o establecido no artigo 220 do TRLCSP en relación

co artigo 103 do RD 1098/2001, aplicando supletoriamente o artigo 56 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, cabe suspender a execución do contrato con base nas seguintes circunstancias de feito, relacionadas en informe emitido polo responsable do contrato:

a) A RVP da nomeada zona 7 abarca os municipios de Folgoso de Courel, Incio, Samos, Triacastela, Quiroga e Ribas de Sil, rurais e de montaña, con incidencias de neve, xeo e choiva, como é natural fundamentalmente na época de inverno.

b) A propia natureza das vías, pero sobre todo o illamento dos pobos que comunica e relaciona esixen dispor de medios humanos e materiais debidamente equipados para unha resposta eficiente. Nas últimas datas a situación da mercantil, en concurso, e coa presentación de un expediente de regulación de emprego (ERE), provoca disfuncións no funcionamento da prestación do servizo, en tanto que non obedece as ordenes do responsable do contrato con especial incidencia na situación presente de neve e xeo.

c) Existe risco de incomunicación desta zona do rural, posto que en moitos casos a RVP da zona 7 constitúe o único ou principal punto de acceso a núcleos de poboación. Este escenario xeográfico pode afectar á seguridade de persoas e bens, máxime se moitas destas persoas son de avanzada idade e necesitan acudir a consultas médicas; ou ben que acudan aos seus domicilios os coidadores (SAF). Significar tamén a necesidade de que accedan vehículos de reparto de alimentos, gas butano, gasóleo-calefacción, etc, necesario para a provisión das necesidades básicas das persoas.

d) Obviamente o mantemento da viabilidade desta RVP necesita necesario para as actividades económicas que se desenvolven nesa zona.

O que antecede, unido ás dificultades encontradas, malia os esforzos, para que o adxudicatario responda ás ordenes do responsable do contrato e do director facultativo, aconsellan que se adopten medidas cautelares de suspensión da execución desta prestación a fin de poder ordenar, en situación de emerxencia como as producidas pola vaga de frío e neve destes días, con

probabilidade de repetición durante os meses de inverno, a outra ou outras empresas a execución do necesario para remediar as incidencias que afecten gravemente á seguridade viaria, que poden conlevar grave perigo para persoas e bens: situacións tales como neve, xeo, choivas torrenciais, caída de árbores ou accidentes graves. Producida esta situación o ordenamento xurídico contractual aporta como resposta a tramitación de expedientes de emerxencia (artigo 113 TRLCSP).

Por todo o exposto, solicítase que se tomen as medidas oportunas para dar resposta eficaz a situación producida e manter a seguridade viaria da zona 7”.

Tendo en conta o anterior, por este servizo, informouse, na data do 08 de febreiro de 2018 o seguinte:

“(…)

O artigo 113 do TRLCSP establece que: “Cuando la administración tenga que actuar de manera inmediata a causa de acontecimientos catastróficos, de situaciones que supongan grave peligro ...

a) El órgano de contratación, sin obligación de tramitar expediente administrativo podrá ordenar la ejecución de lo necesario para remediar el acontecimiento producido o satisfacer la necesidad sobrevenida, o contratar libremente su objeto, en todo o en parte, sin sujetarse a los requisitos formales establecidos en la presente Ley, incluso el de la existencia de crédito suficiente. El acuerdo correspondiente se acompañará de la oportuna retención de crédito o documento que justifique la iniciación del expediente de modificación de crédito”.

Tendo en conta as datas invernais nas que estamos, as circunstancias que se están producindo en canto ás inclemencias meteorolóxicas, e que os tempos necesarios para a tramitación incluso urxente dun procedemento de licitación, para responder ás incidencias, estenderíase mais aló do mes de marzo, (prazo licitación, convocatorias mesas contratación, prazos requerimentos e adxudicación, sinatura do contrato e acta inicio) parece prudente que o ámbito temporal da emerxencia se poda estender ata o 31 de marzo, sempre e cando concorran as circunstancias obxectivas que habilitan a emerxencia, isto é acontecementos catastróficos ou situacións de grave

perigo para persoas e bens (neve, xeo, choivas torrenciais, caídas de árbores, accidentes, etc). Obsérvase que este procedemento de emerxencia coincide cronoloxicamente coa tramitación do procedemento de resolución contractual do lote 7, correspondente a esta zona, da RVP; cunha previsión temporal de finalización do procedemento e licitación aproximada ata o 31 de marzo de 2018.

Debe terse en conta a estes efectos, que o propio artigo 113.1.c do TRLCSP, establece incluso un prazo máximo dun mes para o inicio da prestación por vía de emerxencia, e neste caso, estase pechando o límite temporal máximo ao que se pode estender a eficacia deste acordo.

Así mesmo, e tendo en conta a imposibilidade de facer unha valoración do custe de realizar estas actuacións, dade que se trata de unhas previsións “a demanda”, é dicir que se realizarían actuacións no caso de producirse incidencias, parece prudente limitar, dunha forma inicial, o custo destas emerxencias a 50.000,00 euros mais IVE.

Executadas as actuacións, por este réxime excepcional, deben cumprimentarse os trámites necesarios para a intervención e aprobación da conta xustificativa, a cuxo efecto e atendendo ao informado en data 08-02-2018 polo director facultativo desa zona de conservación, fixaríanse de acordo aos criterios de coste e prelación seguintes:

1. Límite de prezos de proxecto elaborado para a contratación de servizos para a execución de diversas operacións de conservación na RVP zona 7.
2. Sistema de costes e costas previstos no artigo 176 en relación co artigo 130 do RD 1098/2001.

En todo caso deberá redactarse a documentación técnico administrativa das actuacións realizadas tan pronto como as circunstancias o permitan a efectos de aprobación da conta xustificativa.

A vista do anterior, a xuízo do que subscribe, procedería que polo Órgano de Contratación, se adoptasen os seguintes acordos:

Declarar de emerxencia a execución de operacións de conservación na R.V.P. da Excma. Deputación Provincial de Lugo -Lote 7,- Concellos de Folgoso do Courel - O Incio- Samos– Triacastela – Quiroga – Ribas de Sil, que se demanden como consecuencia das incidencias climatolóxicas que se están producindo pola neve ou as placas de xeo na zona de conservación da RVP zona 7, aos efectos establecidos no artigo 113 do TRLCSP en tanto non cesen e non se resolva o procedemento de resolución contractual desta zona 7 da RVP, en tramitación, e se licite un novo contrato, cunha estimación de duración prevista de finalización do procedemento e licitación ata o 31 de marzo; e previa xustificación das circunstancias habilitantes de acontecementos catastróficos ou situacións de emerxencia e co límite de custe, inicialmente, de 50.000,00 euros mais IVE, sen prexuízo de poder incrementarse esta contía, se as necesidades o xustifican, previos acordos ao efecto.

As actuacións liquidaranse á súa terminación mediante conta xustificativa que incorpore a documentación técnico administrativa das actuacións realizadas e respecte o seguintes parámetros de custe e prelación:

Límite de prezos de proxecto elaborado para a contratación de servizos para a execución de diversas operacións de conservación na RVP zona 7.

Sistema de custes e costas previstos no artigo 176 en relación co artigo 130 do RD 1098/2001.

Determinar que pola area de xestión territorial se ordene a execución das prestacións necesarias para atender as necesidades derivadas das situacións de emerxencia”.

No servizo de contratación recíbense facturas relativas a actuacións de emerxencia na zona 7, realizadas nos meses de febreiro e marzo de 2018, acompañadas de informe do Servizo de Vías e Obras no que se xustifica a situación de emerxencia así como a valoración das actuacións realizadas, que foron informadas e remitidas á intervención para o seu aboamento.

A disposición transitoria 1ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), que precisa “1. Los expedientes de contratación iniciados antes de la entrada en vigor de esta Ley se registrarán por la normativa anterior. A estos efectos se entenderá que los expedientes de contratación han sido iniciados si se hubiera publicado la correspondiente convocatoria del procedimiento de adjudicación del contrato. En el caso de procedimientos negociados sin publicidad, para determinar el momento de iniciación se tomará en cuenta la fecha de aprobación de los pliegos”. Esta norma transitoria é a que xustifica a aplicación das disposicións citadas do TRLCSP.

A LCSP entrou en vigor o 9 de marzo de 2018, con posterioridade a aquel acordo de Xunta de Goberno de 09 de febreiro, non obstante a regulación contida no artigo 120 da vixente LCSP, non difire do establecido no artigo 113 do TRSLCP.

En data 14 de setembro de 2018, polo Servizo de Vías e Obras, achégase informe relativo ás facturas pendentes de aboamento á mercantil Excavaciones Goni SL, que lle foron devoltas pola intervención, xa que se sobrepasaba o importe inicialmente aprobado pola Xunta de Goberno de 9 de febreiro (50.000,00€ mais IVE), relacionándose deseguido as que se atopan pendentes de pagamento e tramitación, salvo que pola intervención se dispoña doutra información:

EMISOR	Nº FACTURA	IMPORTE	DATA REALIZACIÓN INCIDENCIAS
EXCAVACIONES GONI SL	2018-56	15.221,38€	23-03-18 a 26-03-18
	2018-36	12.127,91€	05-03-18 a 07-03-18
	2018-41	883,64€	08-03-2018
	2018-57	1.044,56€	24-03-2018
	2018-58	165,65€	25-03-2018
	2018-72	27.134,65€	28-03-2018 a 03-04-2018
	2018-79	987,99€	04-04-2018 a 05-04-2018
	2018-80	435,27€	09-04-2018
	2018-81	6.028,80€	10-04-2018 a 11-04-2018
	2018-83	8.125,31€	22-04-2018 a 25-04-2018
	2018-90	323,01€	06-05-2018
	2018-129	174,06€	27-06-2018
	2018-145	323,01€	30-06-2018
	2018-146	323,01€	01-07-2018
	2018-147	1.623,70€	16-07-2018 a 17-07-2018
	2018-163	367,84€	22-07-2018
	2018-164	527,21€	22-07-2018
	2018-165	641,60€	26-07-2018



	2018-166	738,80€	26-07-2018
	2018-174	1.472,53€	04-08-2018 a 05-08-2018
	2018-176	328,43€	08-08-2018
	2018-184	355,74€	15-08-2018
	2018-186	176,44€	20-8-2018
IMPORTE TOTAL		79.530,54 €	

Con cada unha destas facturas, xúntase o que se identifica como “documentación técnico-administrativa xustificativa de actuacións de emerxencia realizadas”, (precísase en cada caso a data de realización, segundo o sinalado no cadro precedente). O documento explica os antecedentes (acordo da Xunta de Goberno de data 9-2-18, a xustificación da situación de emerxencia, actuacións levadas a cabo e valoración económica; o documento aparece asinado polo adxunto ao xefe de Servizo de Vías e Obras, responsable do contrato de conservación e mantemento e polo xefe da unidade de coordinación e apoio.

Con data 03 de agosto de 2018, pola Xunta de Goberno acordouse, entre outros, “autorizar a cesión do contrato administrativo de servizos para a execución de diversas operacións de Conservación na RVP de Lugo, (lotes 1-8), lote 7 a favor da empresa COMFICA SOLUCIONES INTEGRALES SL, formalizándose dita cesión en escritura de cesión de contrato número 2373 en data 27 de agosto de 2018 ante Notario D. José Manuel López Cedrón, e asinándose acta de continuación da prestación do servizo en data 31 de agosto de 2018.

O sinalado informe do 14 de setembro de 2018 asinado polo responsable do contrato de conservación da rede viaria, logo de expoñer o que tivo por conveniente, remata dicindo “... ao abeiro de todo o sinalado é necesario que pola Xunta de Goberno se consigne crédito necesario para facer fronte ao pago das facturas anteriormente enumeradas da mercantil Goni SL, e que ascenden a un total de 79.530,54 euros (IVE incluído) as cales están dotadas de xeito individual neste expediente da xustificación axeitada”

O expediente foi trasladado a intervención, que en data 08 de novembro de 2018, emite informe relativo á existencia de crédito na aplicación 4530.210 do vixente orzamento xeral para o importe de 79.530,54 euros (RC-22018/27726).

O acordo adoptado o 09-02-2018 establecía unha estimación en tempo e diñeiro, que se superou en ambos parámetros. Polo Servizo de Contratación e Fomento emitíuse informe de data 17 de decembro de 2018, que foi trasladado ao Servizo de Vías e Obras a fin de que emitiran informe en relación con:

“(…)

Debe xustificarse a situación de emerxencia, como situacións que supoñan grave perigo e debe aclararse que as prestacións executadas obedecen a ese suposto habilitante.

Deberá precisarse se a contía de 79.530,54€ é a maiores dos 50.000,00 euros indicados, ou ben incluídos eses 50.000,00 euros inicialmente previstos.

En canto aos supostos habilitantes deste procedemento excepcional cabe resaltar o seguinte:

- a. A situación debe supoñer un grave perigo para persoas e bens (interpretación restritiva).
- b. Que non sexa posible resolver a situación utilizando outros procedementos, aínda tramitadas por vía de urxencia: certamente nesa zona 7 da RVP, estaban detectados problemas coa empresa inicialmente adxudicataria, dada a súa situación concursal. Finalmente culminouse unha cesión do contrato por acordo da Xunta de Goberno, en sesión 03 de agosto de 2018, asinándose a acta de continuación de prestacións o 31 de agosto de 2018.
- c. Que a emerxencia sexa apreciada polo órgano de contratación: corresponde ao órgano de contratación a apreciación da emerxencia, sen necesidade dunha declaración expresa e formal no momento de actuar.
- d. Que a tramitación se limite ás estritamente indispensables no ámbito obxectivo e temporal para remediar os danos derivados desa situación.

Por escrito de data 19 de decembro de 2018, achégase informe da Unidade de apoio, coordinación e xestión territorial xustificando a situación de perigo, ao que acompaña informe climatolóxico, avisos da garda civil, avisos de emerxencias (112), partes de traballo e actuacións

realizadas. Así mesmo tamén indica que o importe adeudado á mercantil GONI SL, non se atopa incluído nos 50.000,00 euros.

O órgano competente, en función do importe da materia contractual, artigo 57 apartados 8 e 12 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018), e en relación co establecido na base 36 (e por analogía na base 24ª –subvencións-) de execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2018, e a Xunta de Goberno.

Tendo en conta o anterior, así como informe de intervención de data 08 de novembro de 2018, que indica que existe crédito suficiente na aplicación 4530.210, quen subscribe entende que procede:

- a. Que o órgano de contratación aprecie, e polo tanto declare, a situación de emerxencia de cada unha das actuacións e incidencias relatadas no apartado quinto deste informe, atendendo á respectiva xustificación e documentación incorporada ao expediente.
- b. Que se recoñeza a obriga derivada de cada unha das prestacións realizadas, con ocasión das incidencias relacionadas, consideradas como situacións de emerxencia e con amparo –consecuentemente- no artigo 113 do TRLCSP (tramitación de prestacións contractuais por vía de emerxencia) ou ben no artigo 120 da LCSP, cun contido semellante. Este trámite de recoñecemento da obriga encádrase na previsión normativa da conta xustificativa das actuacións desenvoltas (art. 113.1.d TRLCSP) ou ben, no seu caso, os trámites de recepción e liquidación da prestación (art. 120.1.d LCSP).
- c. Que se efectúen os trámites necesarios para o aboamento das facturas indicadas polas cantidades adebedadas á mercantil GONI SL, (79.530,54€) polos servizos prestados na

execución de actuacións derivadas da emerxencia producida polas circunstancias expostas en canto antecede.

É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Que o órgano de contratación aprecie, e polo tanto declare, a situación de emerxencia de cada unha das actuacións e incidencias relatadas no apartado quinto deste informe, atendendo á respectiva xustificación e documentación incorporada ao expediente.

2º.- Que se recoñeza a obriga derivada de cada unha das prestacións realizadas, con ocasión das incidencias relacionadas, consideradas como situacións de emerxencia e con amparo – consecuentemente- no artigo 113 do TRLCSP (tramitación de prestacións contractuais por vía de emerxencia) ou ben no artigo 120 da LCSP, cun contido semellante. Este trámite de recoñecemento da obriga encádrase na previsión normativa da conta xustificativa das actuacións desenvoltas (art. 113.1.d TRLCSP) ou ben, no seu caso, os trámites de recepción e liquidación da prestación (art. 120.1.d LCSP).

3º.- Que se efectúen os trámites necesarios para o aboamento das facturas indicadas polas cantidades adebedadas á mercantil GONI SL, (79.530,54€) polos servizos prestados na execución de actuacións derivadas da emerxencia producida polas circunstancias expostas en canto antecede”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- Transferencia de crédito.-

Tras ver a proposta da Sra. Interventora, a teor do seguinte texto:



“Á vista da execución do orzamento vixente, considérase necesario, para cumprir o principio de especialidade, proceder a realizar ás seguintes transferencias de crédito:

Aplicación Orzamentaria	Denominación	Crédito a aumentar	Crédito a diminuír
1720.120	Prot. mellora medio amb., Retrib. básicas pers. funcionario		9.496,22
1720.789	Prot. mellora medio amb., Subv. Cap. Fam. Inst. s/fins lucro	9.496,22	
3330.121	Museo Provincial, Retrib. complementarias pers. Funcionario		10.000,00
3400.16000	Administración xeral de Deporte, Seguridade Social		9.128,27
3342.48900	Mocidade, Subv. corr. fam. instit. sen fins lucro		3.580,00
3380.22609	Festas populares e festexos, Act. culturais e deportivas.		9.239,23
3340.779	Promoción Cultura, Sub. De Capital a empresas privadas	25.000,00	
3410.789	Prom. fom. deport, Subv. capital fam. instit. s/fins lucro	6.947,50	
4120.13000	Granxa Prov. Gaioso Castro, Retrib. básicas pers. lab. Fixo		55.000,00
4530.210	Estradas, Rep., mant. e conservación, Infr. e bens naturais		20.256,80
4190.48911	Out. act. agric., gand. e pes, Subv. corr. fam/inst s/fins lucro	13.983,80	
4320.48911	Inf. promoción turística, Subv. corr. fam. instit. sen fins lucro	7.000,00	
4330.789	Desenvol. empresarial, Subv. capital fam. instit. s/fins lucro	45.000,00	
4540.789	Infr. Int. Vec., Subv. Capital a fam. Inst. sen fins de lucro	9.273,00	
9200.120	Administración Xeral, Retrib. básicas pers. funcionario		20.772,94
9240.22602	Participación cidadá, Publicidade e propaganda		30,00
9240.22606	Participación cidadá, Reunións, conferencias e cursos		30.000,00
9250.48911	Atenc. aos cidadáns, Subv. Corr. a fam. e Inst. s/ fins lucro	10.880,00	
9250.789	Atenc. aos cidadáns, Subv. Capital a fam. e Inst. s/fins lucro	39.922,94	
9201.150	Parque Móbil, Produtividade		32.000,00
9202.150	Formación, Produtividade		10.000,00
3333.150	Museo do Mar, Produtividade	10.000,00	
4120.150	Granxa Provincial Gaioso Castro, Produtividade	32.000,00	
TOTAL TRANSFERENCIA		209.503,46	209.503,46

Segundo a base nº 6 de execución do Orzamento, o órgano ao que competente a súa aprobación é o Ilmo. Sr. Presidente.

As transferencias de crédito regúlanse, ademais de na citada base, nos arts. 179 a 180 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e concordantes do R.D. 500/90, de 20 de abril. O expediente axústase á citada normativa.

A presente modificación de crédito non afecta ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria segundo o establecido no RD 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade

Orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais, e na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓNS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta relativa ao convenio da subvención excepcional outorgada por esta Excma Deputación Provincial de Lugo á Asociación Comisión de Festas de Antas de Ulla, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto “Festa campestre San Cristovo” na anualidade 2018.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada de Área de Cultura PHA e Artesanía e Deseño do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder ao Asociación Comisión de Festas de Antas de Ulla co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto denominado “Festa Campestre San Cristovo” durante a anualidade 2018, polo importe 1.800,00 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

1. Informe emitido pola Área de Turismo e Cultura (Servizo de Cultura) que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

2. Existencia de convenio regulador da concesión, elaborado na Área de Turismo e Cultura (Servizo de Cultura) que instrumenta a subvención antes mencionada.

3. Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2018.

4. Informe da Área de Turismo e Cultura (Servizo de Cultura), no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

5. Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2018.

6. Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24.2 das Bases de Execución do Orzamento 2018 e tendo en conta os informes precedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da 5.2-c), titulada "Cultura" (Outras actuacións específicas), da Área de Cultura, do PES da Deputación de Lugo 2017-2019.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar unha subvención directa de carácter excepcional, por importe de 1.800,00 €, a favor da Asociación Comisión de Festas de Antas de Ulla, para sufragar os gastos derivados da actuación denominada “Festa Campestre San Cristovo” na anualidade 2018 subvención incluída na Liña 5.2-c), titulada "Cultura" (Outras actuacións específicas), da Área de Cultura, do PES da Deputación de Lugo 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 1.800,00 € con cargo ao vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2018 a favor da Asociación Comisión de Festas de Antas de Ulla, para sufragar gastos derivados da actuación denominada “Festa Campestre San Cristovo”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, elaborado na Área de Turismo e Cultura (Servizo de Cultura)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta relativa ao Convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Excm. Deputación Provincial á Asociación Cultural Instituto Galego de Estudos do Pito Pastoril (IGAESPI), para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto “Pito Pastoril Galego e Banda de Música”, nas anualidades 2018 e 2019.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada de Área de Cultura, PHA e Artesanía e Deseño do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Asociación Cultural Instituto Galego de Estudos dos Pito Pastoril (IGAESPI), co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución do proxecto “Pito pastoril galego e banda de música”, nas anualidades 2018 e 2019, polo importe total de 6.995,00€, (2.303,00 € para 2018 e 4.692,00 € para 2019), co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado para cada anualidade, é dicir, 1.151,50€ para 2018 e 2.346,00€ para 2019, con dispensa de garantía, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de

aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2018.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio, ao conformar o do Servizo de Contratación e Fomento.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 5.3 – Artesanía e Deseño, pertencente á área funcional de Turismo e Cultura, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2018 foi aprobada polo mesmo órgano o 16 de marzo de 2018.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

a) Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa plurianual de carácter excepcional, por importe de 6.995,00€ a favor da entidade Asociación Cultural Instituto Galego de Estudos do Pito Pastoril (IGAESPI), para sufragar os gastos derivados do proxecto “Pito pastoril galego e banda de música”, nas anualidades 2018 e 2019, subvención incluída na Liña 5.3 – Artesanía e Deseño, pertencente á área funcional de Turismo e Cultura do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Ano 2018: 2.303,00€

Ano 2019: 4.692,00€.

O importe da anualidade 2019 queda supeditado ao condicionante fixado na cláusula seguinte.

b) Aprobar o gasto por importe de 6.995,00 € correspondendo á anualidade 2018 o importe de 2.303,00€ con cargo ao vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2018 e para a anualidade 2019 o importe de 4.692,00 €, a favor da Asociación Cultural Instituto Galego de Estudos do Pito Pastoril (IGAESPI), para sufragar gastos derivados do proxecto “Pito pastoril galego e banda de música”. A Deputación adquire o compromiso supeditado ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira de incluír no orzamento de 2019 a cantidade de 4.692,00 €.

c) Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta relativa ao convenio da subvención excepcional outorgada por esta Excm. Deputación Provincial á Sociedade Deportiva Cultural Residencia, co obxecto de colaborar na actividade “IX Torneo Alevín Fútbol II, Conservas Calvo e Concentracións Biberóns Luís Calvo Sanz”, ano 2018.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Sociedade Deportiva Cultural Residencia, para sufragar os gastos derivados da actividade: “IX Torneo Alevín Fútbol II, Conservas Calvo e Concentracións Biberóns Luís Calvo Sanz”, ano 2018, durante a anualidade 2018, polo importe de 5.000,00 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

.- Informe emitido pola Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deporte, Servizo de Deporte, que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

.- Existencia de convenio regulador da concesión, elaborado na Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deporte, Servizo de Deporte.

.- Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso nas prohibicións para obter as condicións de tal, sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2018.

.- Informe da Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deporte, Servizo de Deporte, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

.- Informe da Secretaría e do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2018.

.- Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24ª.2 das Bases de Execución do Orzamento 2018 e tendo en conta os informes procedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da Liña 4.2 que leva por título “Deporte” das recollidas, na Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deporte, do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación 2017 – 2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Provincial de data 23 de xuño de 2017.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.- Que se aprobe a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 5.000,00 €, a favor da entidade Sociedade Deportiva Cultural Residencia, para sufragar gastos derivados da actuación “IX Torneo Alevín Fútbol II, Conservas Calvo e Concentracións Biberóns Luís Calvo Sanz”, subvención incluída na liña 4.2 que leva por título “Deportes” da Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deporte , do PES vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º. -Que se aprobe o gasto de 5.000,00 €, con cargo ao vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2018, a favor da entidade Sociedade Deportiva Cultural Residencia para sufragar gastos derivados da actuación “IX Torneo Alevín Fútbol II, Conservas Calvo e Concentracións Biberóns Luís Calvo Sanz”.

3º.- Que se aprobe o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, que se achega con este informe”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Addenda ao convenio de convenio de colaboración entre esta Excma. Deputacion Provincial e a Asociación do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular para a execución do proxecto “Optimización da xestión de residuos nos concellos da provincia de Lugo” durante a anualidade 2018.*

Tras ver a proposta do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, a teor do seguinte texto:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, de data 24 de decembro de 2018, no que literalmente establécese canto segue:

“En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de Feito:

I.- Segundo se desprende dos seus Estatutos, a Asociación Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular é: “unha asociación transfronteiriza de Dereito Público, integrada por municipios e entidades da Administración Local que configuran o sistema urbano da eurrerrexión Galicia-Norte de Portugal, sometida á lexislación portuguesa, ben como ao dereito comunitario aplicable” (Artigo 1º).

A constitución do Eixo Atlántico baseouse no Convenio Marco Europeo sobre Cooperación Transfronteriza entre Comunidades ou autoridades territoriais, que determina as condicións para o establecemento de asociacións transfronterizas (Instrumento de Ratificación publicado no BOE de data 16 de outubro de 1990). Segundo se establece neste convenio, no seu artigo 2º, considérase cooperación transfronteriza toda acción concertada, e tendente a reforzar e desenvolver as relacións de vecindade entre comunidades ou autoridades territoriais pertencentes a dúas ou varias partes contratantes.

II.- A Declaración de Porto, de data 1 de abril de 1992, constituíuse como o documento fundacional do Eixo Atlántico. Recóllese no seu texto que: “La aplicación y entrada en vigor del Acta Única Europea a partir de enero de 1993, así como el desarrollo de las medidas adoptadas en la Conferencia de Maastricht requieren la urgencia de adoptar medidas políticas que permitan asegurar el papel de las ciudades en la construcción de la Europa Unida”.

O espazo eurrerrexional que conforma o Eixo Atlántico estaría integrado, segundo se recolle no artigo 3º dos seus Estatutos polas seguintes cidades e entidades: A Coruña, Barcelos, Braga, Braganca, Carballo, Eurocidade Chaves-Verín AECT, Ferrol, Gimaraes, Lalín, Lugo, Macedo de Cavaleiros, Maia, Matosinhos, Mirandela, Monforte de Lemos, Narón, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Ourense, Paredes, Peso de Régua, Pontevedra, Porto, Riveira, Santa Maria da Feira, Santiago de Compostela, Sarria, Valongo, Viana do Castelo, Vigo, Vila do Conde, Vila Nova de Famalicão, Vila Nova de Gaia, Vila Real, Vilagarcía de Arousa e a Deputación de Lugo.

III.- Dentro do artigo 7º dos Estatutos, atopamos unha relación dos obxectivos e propósitos do Eixo, enmarcados dentro do ámbito de cooperación transfronteriza que se consideran prioritarios para a súa promoción e desenvolvemento. Así, enumera os seguintes:

- “Proxectos de infraestruturas.
- Desenvolvemento económico.
- Desenvolvemento sostible.
- Desenvolvemento innovador.
- Turismo.
- Política social e cultural, entendida como a promoción de todo tipo de actividades

sociais, culturais e deportivas que se identifiquen coas raíces e identidade dos municipios e entidades da Administración Local membros e que favorezan a cohesión do sistema urbano da Eurorexión norte de Portugal – Galicia.

- Políticas Urbanas”.

IV.- As cidades e entidades que conforman o Eixo Atlántico son conscientes das causas reais dos seus problemas e pretenden atopar as mellores solucións no ámbito denominado Eixo Atlántico, promovendo a cohesión económica, social e cultural principalmente, mediante a vertebración dun territorio común. Este Eixo, incluíndose nun espazo máis amplo que é a Unión Europea, ten como principal finalidade o desenvolvemento económico, social, cultural, tecnolóxico e científico das cidades e das rexións que o constitúen.

Entre os propósitos e obxectivos do Eixo Atlántico atópase a definición dos problemas de orde económico, social, técnico e cultural que poidan afectar aos integrantes do mesmo, e a procura das mellores solucións para resolvelos, mediante a realización de diferentes estudos, planos, programas e proxectos (especialmente os que sexan susceptibles de co-financiamento estatal, comunitario ou internacional) ou mediante acordos de colaboración entre axentes, estruturas e entidades, públicas e privadas, susceptibles de contribuír para o desenvolvemento dos respectivos territorios fronteirizos.

Establece o artigo 8º dos seus Estatutos que: “Para la prosecución de los referidos objetivos, el Eixo Atlántico del Noroeste Peninsular actuará en coordinación con los organismos que tengan competencia para apoyar e implementar las acciones necesarias, particularmente con los que dependen de las instituciones comunitarias europeas”.

V.- Na acta nº 36 da Comisión Executiva do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, de data 18 de xuño de 2014 no punto 5 da orde do día “Informe sobre a ampliación do Eixo Atlántico”, recóllese a aprobación, por unanimidade, da integración da Deputación de Lugo.

VI.- Na sesión ordinaria do 29 de xullo de 2014, o Pleno da Deputación Provincial de Lugo acordou por unanimidade a incorporación da Deputación de Lugo ao Eixo Atlántico, como socio colaborador.

VII.- Con data 15 de febreiro de 2016, o Eixo Atlántico e a Deputación de Lugo asinaron un convenio de colaboración para desenvolver e executar o proxecto relativo á optimización da xestión dos residuos nos concellos da provincia de Lugo durante a anualidade 2016. A esta iniciativa uníronse 51 municipios.

Con data 21 de marzo de 2017, o Eixo Atlántico e a Deputación de Lugo asinaron un convenio de colaboración para desenvolver e executar o proxecto relativo á optimización da xestión dos residuos nos concellos da provincia de Lugo durante a anualidade 2017. A esta iniciativa uníronse 7 municipios a maiores, alcanzando os 58.

VIII.- Con data 31 de outubro de 2017, o Secretario Xeral do Eixo Atlántico remitiu un escrito á Deputación de Lugo no que informaba do Catálogo de Servizos que ofrecía a Axencia de Ecoloxía Urbana do Eixo Atlántico para o ano 2018, e da apertura dun prazo para presentar candidaturas de proxectos nos respectivos territorios, concedendo prioridade aos proxectos conxuntos que involucrasen a varias cidades do Eixo Atlántico dentro das posibilidades financeiras dispoñibles.

IX.- Con data 15 de decembro de 2017, D. Darío Campos Conde, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, presentou ao Eixo Atlántico a candidatura desta administración relativa á

continuación durante a anualidade 2018 do proxecto de optimización da xestión dos residuos nos concellos da provincia de Lugo iniciado no 2016.

X.- Con data 29 de xaneiro de 2018 o Secretario Xeral do Eixo Atlántico remitiu un escrito á Deputación de Lugo no que informaba que a candidatura presentada: “... foi aprobada e en consecuencia financiada polo Eixo Atlántico. De forma excepcional, este ano tamén se cubrirán as viaxes que habitualmente estarían a cargo das cidades”; e remitía o alcance final e os tempos de execución do proxecto aprobado.

A valoración económica das actuacións comprometidas polo Eixo Atlántico ascenden a un total de 13.045,20 € (15.784,69€ co 21% do IVE incluído). No seu escrito de data 29 de xaneiro de 2018, o Eixo atlántico informa que o financiamento pola súa parte será do 100%, polo que a Deputación de Lugo non tería que realizar achega económica algunha. Ademais, aclara en dito escrito que de forma excepcional, este ano tamén se cubrirán as viaxes que habitualmente estarían a cargo das cidades.

XI.- Con data 27 de setembro de 2018, o Eixo Atlántico e a Deputación Provincial de Lugo asinaron un convenio de colaboración para a execución do proxecto “Optimización da xestión de residuos nos Concellos da provincia de Lugo” durante a anualidade 2018.

XII.- Segundo se establece na cláusula novena do Convenio de colaboración para a execución do proxecto de “Optimización da xestión de residuos nos Concellos da provincia de Lugo” durante a anualidade 2018:

“A vixencia do presente convenio terá efecto a partir da súa sinatura e con efectos económicos dende o 1 de marzo de 2018 e manterase ata o cumprimento do mesmo e unha vez terminaran o conxunto de actuacións dos compromisos adquiridos polas partes, tendo en conta o establecido no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 1 de outubro de 2015, do réxime xurídico do sector público (RXSP).

O prazo de execución estimado remata o 31 de decembro de 2018.

O convenio de colaboración poderase prorrogar como máximo 4 anos”.

Consta no expediente proposta da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medio Ambiente, de addenda ao convenio de colaboración suscrito entre a Deputación Provincial de Lugo e a Asociación do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular para a execución do proxecto obxecto do convenio asinado en data 27 de setembro; posto que segundo se expón no texto da devandita proposta, existe un atraso na execución das actuacións que impediría cumprir coas obrigas comprometidas antes da finalización da vixencia do convenio.

XIII.- Deste xeito, preténdese a modificación da cláusula novena do Convenio asinado o 27 de setembro de 2018, entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo, de tal xeito que, a cláusula novena, quede redactada do seguinte xeito:

“A vixencia do presente convenio terá efecto a partir da súa sinatura e con efectos económicos dende o 1 de marzo de 2018 e manterase ata o cumprimento do mesmo e unha vez terminaran o conxunto de actuacións referentes aos compromisos adquiridos polas partes, tendo en conta o establecido no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 1 de outubro de 2015, do réxime xurídico do sector público (RXSP).

O prazo de execución estimado remata o 31 de marzo de 2019.

O convenio de colaboración poderase prorrogar como máximo 4 anos”.

Consta polo tanto no expediente a minuta da Addenda ao Convenio de colaboración suscrito entre a Deputación Provincial de Lugo e a Asociación do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular para a execución do proxecto “Optimización da xestión de residuos nos concellos da provincia de Lugo” durante a anualidade 2018, xunto co informe da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos e a proposta de aprobación da devandita addenda.

Consideracións

A xestión de residuos, de acordo coa Directiva 2008/98/CE, do 19 de novembro, sobre os Residuos, consiste na recolleita, o transporte, a valorización e a eliminación dos residuos, incluída a vixilancia destas operacións, así como o mantemento posterior ao peche dos vertedoiros, incluídas as actuacións realizadas en calidade de negociante ou axente. A Directiva Marco sobre residuos fixa uns obxectivos de reciclado do 50% dos residuos municipais xerados para o ano 2023, moi distantes das porcentaxes de recolleita selectiva obtidos actualmente nos residuos municipais.

O artigo 12. 5 letra A) da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados determina que corresponde ás Entidades Locais, a) Como servizo obrigatorio, a recollida, o transporte e o tratamento dos residuos domésticos xerados nos fogares, comercios e servizos na forma en que establezan as súas respectivas ordenanzas no marco xurídico do establecido nesta Lei, das que no seu caso ditén as Comunidades Autónomas e da normativa sectorial en materia de responsabilidade ampliada do produtor. A prestación deste servizo corresponde aos municipios que poderán levala a cabo de forma independente ou asociada.

Por outra banda e Segundo se establece no artigo 12. 6 da Lei 22/2011, do 28 de xullo de residuos e solos contaminados: “(...) Las administraciones públicas en sus respectivos ámbitos competenciales podrán declarar servicio público todas o algunas de las operaciones de gestión de determinados residuos cuando motivadamente se justifique por razones de adecuada protección de la salud humana y del medio ambiente”.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...)

h) Subscrición de convenios administrativos (...).

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas entidades.

Establece o artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local que, en particular, “non se entenderá como o exercicio de novas competencias “a colaboración entre administracións, entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse mais aló do concreto reparto de competencias nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 de la Lei 5/1997”, da administración local de Galicia, que precisamente reflicte este e concepto.

Na actualidade o marco xurídico dos convenios establécese nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público. En particular, no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, establécese a definición do que debe entenderse por convenio. Así:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

(...)”.

O amentado artigo fai referencia, no seu punto segundo, á tipoloxía de convenios establecendo que:

“2. Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

1) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes de distintas administracións públicas, e que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos de outra Administración Pública, organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente, para o exercicio de competencias propias ou delegadas.

(...)

En canto ao contido do convenio, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

(...)

g) Réxime de modificación do convenio. A falta de regulación expresa a modificación do contido do convenio requirirá o acordo unánime dos asinantes.

(...)

Precepto semellante a este, non se contemplaba na anterior lexislación; máis de concorrer vontade das partes asinantes deste Convenio para procurar a súa modificación, non debe existir impedimento, máxime se destacamos que, a modificación pretendida non altera os fundamentos técnicos e xurídico- administrativos do convenio preexistente e dos acordos que o sustentan; antes ben amosa que contribúe a corrixir a disfunción que se produce con ocasión da sobrevida imposibilidade de cumprimento do prazo de execución correspondente (31 de decembro de 2018) establecido no convenio.

Segundo o artigo 51 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, producírase a extinción do convenio polo cumprimento das actuacións que constitúan o seu obxecto, ou por incorrer en causas de resolución tales como: o transcurso do prazo de vixencia do mesmo sen acordarse prórroga; o acordo unánime dos asinantes; o incumprimento das obrigas e compromisos adquiridos no mesmo por algunha das partes; por decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio, ou por calquera outra causa prevista no convenio ou na Lei.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; c) La prestación de servicios públicos de carácter supramunicipal y, en su caso, supracomarcal y el fomento o, en su caso, coordinación de la prestación unificada de servicios de los municipios de su respectivo ámbito territorial. En particular, asumirá la prestación de los servicios de tratamiento de residuos en los municipios de menos de 5.000 habitantes, y de prevención y extinción de incendios en los de menos de 20.000 habitantes, cuando éstos no procedan a su prestación d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

O artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art.

25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera: “(...); b) Medio ambiente urbano: en particular, parques y jardines públicos, gestión de los residuos sólidos urbanos y protección contra la contaminación acústica, lumínica y atmosférica en las zonas urbanas”.

Nesta mesma norma, no artigo 26 establécese:

“1. Los Municipios deberán prestar, en todo caso, los servicios siguientes:

a) En todos los Municipios: alumbrado público, cementerio, recogida de residuos, limpieza viaria, abastecimiento domiciliario de agua potable, alcantarillado, acceso a los núcleos de población y pavimentación de las vías públicas.

b) En los Municipios con población superior a 5.000 habitantes, además: parque público, biblioteca pública y tratamiento de residuos.

(...)

2. En los municipios con población inferior a 20.000 habitantes será la Diputación provincial o entidad equivalente la que coordinará la prestación de los siguientes servicios:

a) Recogida y tratamiento de residuos.

(...)

Para coordinar la citada prestación de servicios la Diputación propondrá, con la conformidad de los municipios afectados, al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas la forma de prestación, consistente en la prestación directa por la Diputación o la implantación de fórmulas de gestión compartida a través de consorcios, mancomunidades u otras fórmulas”.

A Lei 10/2008, do 3 de novembro, de Residuos de Galicia, establece que as entidades locais serán competentes para a xestión dos residuos urbanos nos termos previstos nela, e na Lei 10/1998, de 21 de abril, de Residuos [derogada pola Lei 22/2011, do 28 de xullo].

Enumera ademais, no seu Capítulo II, artigo 6º, cales son as competencias específicas das deputacións provinciais:

“1. Adoptar as medidas oportunas para asegurar, con arranxo ao establecido na lexislación vixente en materia de administracións locais, a colaboración precisa aos concellos na prestación do servizo de recollida e xestión de residuos urbanos, incluíndo estes servizos como de carácter preferente nos planes provinciais de obras e servizos.

2. Así mesmo, de acordo co contido dos planes de residuos e nos termos establecidos na lexislación de réxime local, poderán contribuír economicamente á elaboración e execución de planes comarcais e locais de xestión de residuos”.

Doutra banda, a STC 41/2016, de 3 de marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais, relacionadas ao longo deste informe.

Sinalar que o convenio de colaboración se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia, que se reforza no artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, en canto regula a potestade de autoorganización e os sistemas de cooperación pública vertical e horizontal.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. Na Comunidade

Autónoma galega (aínda que non aplicable, en principio, ás entidades locais, artigo 1.3), o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, establece unha regulación semellante ó RXLS estatal.

O presente convenio (e á súa modificación) non lles é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídica pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...).

O convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalguna das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben

ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación.

En canto ao órgano competente do ente provincial o artigo 54.41 do Regulamento Orgánico (BOP nº 56, do xoves 10 de marzo de 2011), en relación cos artigos 57.20 e 59.b) 18 do mesmo texto, lévanos a entender que a competencia é da Presidencia posto que o convenio de cooperación referenciado non comporta achegas económicas por parte da Deputación Provincial de Lugo e tendo en conta ademais que a contía do convenio é inferior ás dos contratos menores.

En consecuencia, infórmase favorablemente a proposta de modificación ao Convenio a medio addenda, onde se faga constar a modificación identificada no presente informe, dada a motivación exposta pola Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medio Ambiente.

Tal é o que procede informar ao respecto, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

Por canto vai dito, proponse que pola Presidencia se resolva:

Modificar a cláusula novena do Convenio de colaboración suscrito entre a Deputación Provincial de Lugo e a Asociación do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular para a execución do proxecto “Optimización da xestión de residuos nos concellos da provincia de Lugo” durante a anualidade 2018 en canto a establecer que o prazo de execución estimado rematará o 31 de marzo de 2019, nos termos da addenda de modificación incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio de Colaboración de referencia.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Quinto.- *Proposta relativa ao convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Excma. Deputación Provincial á Asociación de Veciños de San Cosme de Nete co obxecto de*

colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Adquisición de instrumentos para cursos de música tradicional” na anualidade 2018.

Logo de ver a proposta do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, a teor do seguinte texto:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Asociación de Veciños de San Cosme de Nete co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Adquisición de instrumentos para cursos de música tradicional”, polo importe de 3.785,75€, co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 1.892,88€ con dispensa de garantía, correspondentes á anualidade 2018, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

1. Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.
2. Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.
3. Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2018.
4. Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.
5. Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio.
6. Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio, ao conformar o do Servizo de Contratación e Fomento.

7. Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da 5.2 – Cultura, pertencente á área funcional de Turismo e Cultura do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2018 foi aprobada polo mesmo órgano o 16 de marzo de 2018; xa que na mesma se establece como obxectivo estratéxico o de satisfacer as demandas culturais do conxunto da cidadanía e a potenciación e a conservación da cultura en todas as súas vertentes.

O obxecto que se persegue con esta subvención é recuperar, salvagardar, protexer, manter e transmitir de xeración en xeración os coñecementos, as ideas e as experiencias da música e o folklore tradicionais galegos, e especialmente os propios da provincia de Lugo.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 3.785,75€ a favor da entidade Asociación de Veciños de San Cosme de Nete, para sufragar os gastos derivados do proxecto de “Adquisición de instrumentos para cursos de música tradicional”, subvención incluída na Liña 5.2 – Cultura, pertencente á área funcional de Turismo e Cultura do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 3.785,75€ con cargo ao orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2018, a favor da Asociación de Veciños de San Cosme de Nete, para sufragar gastos derivados do proxecto de “Adquisición de instrumentos para cursos de música tradicional”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Sexto.- *Proposta relativa ao convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Excm. Deputación Provincial á Asociación de Veciños Río Móvese, para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto de “Reparación e consolidación de muro de pedra en río de Castro” na anualidade 2018.*

Logo de ver a proposta do Sr. Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, a teor do seguinte texto:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Asociación de Veciños Río Móvese, co obxecto de colaborar nos gastos derivados da execución do proxecto de “Reparación e consolidación de muro de pedra en Río de Castro”, polo importe de 9.500,00€, co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 4.750,00€, con dispensa de garantía, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

- Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

- Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

- Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2018.

- Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

- Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio.

- Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio, ao conformar o do Servizo de Contratación e Fomento.

- Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 1.3 – Infraestruturas e servizos, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017 e cuxa actualización para o ano 2018 foi aprobada polo mesmo órgano o 16 de marzo de 2018; xa que na mesma se establece como obxectivo estratéxico o de dotar á provincia de infraestruturas e servizos que contribúan ao benestar comunitario dos seus veciños, especialmente nas zonas rurais. Consegui que a poboación que reside nas zonas rurais poida dispoñer de servizos similares aos das cidades, contribuíndo así á fixación de poboación no rural. Mellorar as contornas urbanas menos favorecidas.

O obxecto que se persegue con esta subvención é dotar aos veciños de Río de Castro, parroquia de Santa María do Castro, no concello de Cervantes, de infraestruturas rurais necesarias para o benestar comunitario (vías de acceso ás vivendas e explotacións gandeiras), e adaptadas ás súas necesidades actuais, eliminando así diferenzas na dispoñibilidade de servizos co resto de veciños das zonas urbanas.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobado a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 9.500,00€ a favor da entidade á Asociación de Veciños Río Móvese, para sufragar os gastos derivados do proxecto de “Reparación e consolidación de muro de pedra en Río de Castro”, subvención incluída na Liña 1.3 – Infraestruturas e servizos, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 9.500,00€ con cargo ao orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2018, a favor da Asociación de Veciños Río Móvese, para sufragar gastos derivados do proxecto de “Reparación e consolidación de muro de pedra en Río de Castro”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Sétimo. - *Proposta relativa ao convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Excma. Deputación Provincial á Asociación Cabaleiros de Begonte, para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto “Ruta cabalar Begonte 2018” na anualidade 2018.*

Logo de ver a proposta do Sr. Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, a teor do seguinte texto:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Asociación Cabaleiros de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución do proxecto “Ruta cabalar Begonte 2018”, polo importe de 3.059,00€, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2018.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio, ao conformar o do Servizo de Contratación e Fomento.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 6 – Agricultura, gandeiría e pesca, pertencente á área funcional de Medio Rural e do Mar, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2018 foi aprobada polo mesmo órgano o 16 de marzo de 2018; xa que na mesma se establece como obxectivo estratéxico o de acadar o desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro como sectores estratéxicos da economía da provincia e xeradores de oportunidades de emprego, e que redunde na fixación de poboación nas zonas rurais._Obsérvase que no futuro, de manterse esta actividade de fomento, débese analizar a oportunidade de tramitarse como subvención nominativa.

O obxecto que se persegue con esta subvención é a promoción e desenvolvemento do sector equino en Galicia, e por ende, na provincia de Lugo, que constitúe unha actividade económica de vital importancia.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 3.059,00€ a favor da entidade Asociación Cabaleiros de Begonte, para sufragar os gastos derivados do proxecto de “Ruta Cabalar Begonte 2018” subvención incluída na Liña 6 –

Agricultura, gandería e pesca, pertencente á área funcional de Medio Rural e do Mar do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 3.059,00€ con cargo ao orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2018, a favor da Asociación Cabaleiros de Begonte, para sufragar os gastos derivados do proxecto de “Ruta Cabalar Begonte 2018”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Oitavo.- *Proposta relativa ao convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Excm. Deputación Provincial á Asociación de Veciños Escola Habanera de Tardade, para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto de “Reparación fachadas, frente y lateral derecho”, na anualidade 2018.*

Logo de ver a proposta do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, a teor do seguinte texto:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Asociación de Veciños Escola Habanera de Tardade, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución do proxecto de “Reparación fachadas, frente y lateral derecho”, polo importe de 6.816,54€, co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 3.408,27€ con dispensa de garantía, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2018.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio, ao conformar o do Servizo de Contratación e Fomento.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2018 foi aprobada polo mesmo órgano o 16 de marzo de 2018; xa que na mesma se establece como obxectivo estratéxico o de conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a Provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital etc).

O obxecto que se persegue con esta subvención é a rehabilitación da sede da Asociación De Veciños Escola Habanera de Tardade, mantendo así en condicións de uso óptimas o local social desta entidade:

Trátase de facilitar o seu uso e desfrute, realizado ao longo dos anos. Coa actuación proxectada evítase o agotamento dun edificio emblemático desa bisbarra (elemento identitario) e imaxe do ornato colectivo. Facílitate a participación dos veciños da parroquia de Tardade (Vilalba) e contorna na vida económica, social, política e cultural, removendo os obstáculos que o “feito rural” normalmente conleva.

Rehábitase e, xa que logo, establecece a plataforma para a pervivencia no tempo dun equipamento arquitectónico, cerne da instrución no rural galego e froito da solidariedade colectiva dos veciños da localidade e da filantropía de persooeiros da emigración, Trasatlántica, neste caso Cubana.

A actuación incrementará os niveis de colaboración da cidadanía e do asociacionismo veciñal, desa parroquia, do municipio, con repercusión favorable na provincia en xeral: En consecuencia, xera riqueza, entendida “lato sensu”, como calidade de vida, superadora dunha perspectiva meramente monetarista.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe 6.816,54€ a favor da entidade Asociación De Veciños Escola Habanera De Tardade, para sufragar os gastos derivados do proxecto de “Reparación fachadas, frente y lateral derecho”, subvención incluída na Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 6.816,54€ con cargo ao orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2018, a favor da Asociación De Veciños Escola Habanera De Tardade, para sufragar gastos derivados do proxecto de “Reparación fachadas, frente y lateral derecho”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Noveno.- *Proposta relativa ao convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Excm. Deputación Provincial á Asociación Amigos da Feira de Bretoña, para sufragar os gastos derivados da execución da actividade “Festa da bola de liscos e das freces 2018”, na anualidade 2018.*

Logo de ver a proposta do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, a teor do seguinte texto:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Asociación Amigos Da Feira De Bretoña, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actividade “Festa da bola de liscos e das freces 2018”, polo importe de 3.000,00€, co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir 1.500,00€ con dispensa de garantía, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2018.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio, ao conformar o do Servizo de Contratación e Fomento.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 6 – Agricultura, gandería e pesca, pertencente á área funcional de Medio Rural e do Mar, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2018 foi aprobada polo mesmo órgano o 16 de marzo de 2018; xa que na mesma se establece como obxectivo estratéxico o de acadar o desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro como sectores estratéxicos da economía da provincia e xeradores de oportunidades de emprego, e que redunde na fixación de poboación nas zonas rurais.

O obxectivo ou finalidade que se persegue con esta subvención é a recuperación, potenciación e promoción de produtos gastronómicos tradicionais. En concreto, trátase de poñer en valor, potenciar, promocionar e exaltar a “bola de liscos” e as “freces”, produtos gastronómicos tradicionais típicos da comarca de Bretoña, e que en tempos pasados constituíron un produto básico na alimentación da sociedade.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 3.000,00€ a favor da Entidade Asociación Amigos Da Feira De Bretoña, para sufragar os gastos derivados da actividade “Festa da bola de liscos e das freces 2018”, subvención incluída na Liña 6 – Agricultura, gandería e pesca, pertencente á área funcional de Medio Rural e do Mar do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 3.000,00€ con cargo ao orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2018, a favor da Asociación Amigos Da Feira De Bretoña, para sufragar gastos derivados da actividade “Festa da bola de liscos e das freces 2018”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo.- *Proposta para aprobar o convenio interadministrativo de cooperación entre esta Excm. Deputación Provincial e o concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na “Prestación do servizo de axuda no fogar e reparación do camión de recollida de lixo, ano 2018”.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Tendo en conta os informes e antecedentes incorporados ao expediente e visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao Convenio Interadministrativo de referencia:

“Antecedentes de feito:

Proposta de borrador de convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Guitiriz.

Dona Regina Polín Rodríguez, Alcaldesa do Concello de Guitiriz achega escrito de solicitude de relación interadministrativa de cooperación (público-público), de data 20 de decembro de 2018, ao que acompaña certificacións das tributarias coa da Seguridade Social e da Facenda Estatal e Autonómica,. Aporta memoria para a realización conxunta polo Concello de Guitiriz e a Deputación de Lugo, das actuacións consistentes na: “Prestación do servizo de axuda

no fogar e reparación do camión de recollida de lixo”, nas que conflúen os respectivos títulos competenciais, para satisfacer demandas veciñais de xeito eficiente: Na memoria explícanse os fins e obxectivos perseguidos con este convenio, que son en síntese, contribuír ao correcto cumprimento das competencias municipais en servizos básicos (xestión de residuos sólidos urbanos) e a prestación do servizo de axuda no fogar nos meses de agosto a decembro de 2018. Con data 24/12/2018, engade a súa solicitude memoria detallada das actividades obxecto deste convenio. En data 27/12/2018 presenta un anexo a memoria, explicativo do orzamento presentado e o seu financiamento.

Con data 28 de decembro de 2018, o Concello de Guitiriz, envía no anexo de modificación da memoria e solicitude, modificando a distribución e financiamento deste convenio, segundo o cadro que segue:

O convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa entre o concello de Guitiriz e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo de executar os fins comúns da “Prestación do servizo de axuda no fogar e reparación do camión de recollida de lixo”, non constituíndo prestacións propias dos contratos, regulados na lexislación de contratos do sector público ou en normas administrativas especiais, para o que se comprometen a realizar as seguintes prestacións:

ACTUACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA DO CONCELLO DE GUITIRIZ
Prestación do servizo de axuda no fogar	18.0000,00 €	2.000,00 €
Reparación do camión de recollida de lixo	22.000,00 €	2.427,24 €
TOTAL	40.000,00 €	4.427,24 €

O concello de Guitiriz financiará o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguidos, para a súa correcta execución. Terá o deber de asegurar, manter adecuadamente e adicar aos fins públicos causantes deste convenio tanto á Prestación do servizo de axuda no fogar, como a reparación do camión de recollida de lixo.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, precisa a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”
(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os

convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

d) Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

e) A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

f) O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

g) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

h) Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento

i) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

j) Réxime de modificación do convenio.

k) Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

a. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

b. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e no convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural, mellorando a calidade de vida das persoas que viven no rural; dotar ao medio rural e, en particular, aos núcleos de poboación, das infraestruturas e equipamentos públicos básicos necesarios.

Esta relación interadministrativa de carácter cooperativo, formalizado vía convenio, encarna unha acción colaborativa-relacional destinado a dotarse de un equipamento mobile (vehículo), necesario para a prestación de servizos.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das

Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

En materia de residuos o art. 6 da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de Residuos de Galicia, atribúe as deputacións as seguintes competencias: “1. Adoptar as medidas oportunas para asegurar, conforme o establecido na lexislación vixente en materia de administracións locais, a colaboración precisa aos concellos na prestación do servizo de recolla e xestión de residuos urbanos, incluíndo estes servizos como de carácter preferente nos plans provinciais de obras e servizos.

2. Así mesmo, de acordo co contido dos plans de residuos e nos termos establecidos na lexislación de réxime local, poderán contribuír economicamente á elaboración e execución de plans comarcais e locais de xestión de residuos.”

O art. 63 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, di: “As deputacións provinciais, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de vinte mil habitantes.”

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de Guitiriz é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, e nos termos da lexislación do

Estado e Autonómica, entre as que enumera “b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; e) Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social (...); j) Protección da salubridade pública.. (...). Entre estes servizos públicos é evidente a inclusión dos servizos básicos como a xestión de residuos, de protección as persoas e servizos de axuda no fogar.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais. A estes efectos, distinta normativa sectorial habilita competencialmente esta actuación que se converte nun dereito da veciñanza, a súa esixencia, de acordo co previsto no artigo 18 da propia LBRL.

Ademais, da lexislación de réxime local, estas competencias veñen fixadas, pola lexislación sectorial (nos termos do propio Tribunal Constitucional – STC 41/2006, do 5 de marzo) tal como ocorre cos artigos 60,63 e 64 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, así como no art. 5.2 da Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia, referente as competencias dos concellos en materia de residuos salientando, a prestación por si solos ou asociados, dos servizos derivados da xestión de residuos sólidos urbanos ou municipais, na forma establecida nas súas respectivas ordenanzas e, no seu caso, nos plans de xestión de residuos. A xestión do servizo público relativa a xestión de residuos de forma directa ou indirecta.

O Concello de Guitiriz, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación , segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para o investimento, sendo responsabilidade do Concello de Guitiriz tanto a obtención das autorizacións, de ser do caso, que resulten necesarias para a execución das actuacións sinaladas, tal e como se especifica no convenio interadministrativo.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal inter-

administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo e do Consello, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da asesoría xurídica xeral da Xunta de Galicia; e na actualidade asumido e regulado no artigo 31 da LCSP/2017 ao referirse ás potestades de auto organización e sistemas de cooperación vertical e horizontal. Na actualidade con “Carta de natureza” no dereito básico interno a través do art. 31 da propia Lei 9/2017, do 8 de novembro (LCSP).

Así, para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a dar aos veciños do Concello de Guitiriz, da Provincia e da cidadanía en xeral, as actuacións sinaladas (prestación do servizo de axuda no fogar e reparación do camión de recollida de lixo), establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación guiadas unicamente por consideracións de interese público, nas que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

ANUALIDADE	ACTUACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA DO CONCELLO DE GUITIRIZ
2018	Prestación do servizo de axuda no fogar	18.0000,00 €	2.000,00 €
	Reparación do camión de recollida de lixo	22.000,00 €	2.427,24 €
	TOTAL	40.000,00 €	4.427,24 €

Concello de Guitiriz: As obrigas de facer xunto coas achegas relacionadas no Convenio interadministrativo obxecto deste informe, e no cadro precedente.

Esta relación interadministrativa de cooperación enmarcarase, xa que logo, na estrutura dunhas administracións ordenadas para remover os obstáculos que impidan ou dificultan que a igualdade e liberdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivos, especialmente acaído nunha provincia de dinámicas demográficos rurais e poboación envellecida, mellorando a mobilidade da poboación e dos sectores económicos, xunto coa calidade urbana e medio ambiental.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local. Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

O concello de Guitiriz será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación (prestación do servizo de axuda no fogar e reparación do camiión de recollida de lixo), como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non este comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo paragrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011, en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, por canto o importe do convenio ten unha contía superior á dos contratos menores (art. 59.8 ROD). O indicado consonte ao precisado na circular de Secretaría Xeral do 2 de novembro de 2018, respecto da aplicación do citado regulamento.

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente .

É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.

Este informe substitúe o asinado en data 27 de decembro de 2018, por cambios da distribución do financiamento, segundo actividades, do convenio solicitado polo concello de Guitiriz.”.

Polo anteriormente exposto, propono que pola Presidencia se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobado o texto do Convenio Interadministrativo a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na prestación do servizo de axuda no fogar e reparación do camión de recollida de lixo, ano 2018, cun orzamento total de 44.427,24 €; a achega da Deputación ascende a contía 40.000,00 €, coa seguinte distribución:

ACTUACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA DO CONCELLO DE GUITIRIZ
Prestación do servizo de axuda no fogar	18.000,00 €	2.000,00 €
Reparación do camión de recollida de lixo	22.000,00 €	2.427,24 €
TOTAL	40.000,00 €	4.427,24 €

2º.- Aprobado o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 40.000,00€ con cargo ao vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2018”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo primeiro.- *Proposta relativa ao convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Excm. Deputación Provincial á Asociación de Veciños de Carballido-Pacios, para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto de “Obras de rehabilitación en local social”, na anualidade 2018.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Asociación de Veciños De Carballido-Pacios, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución do proxecto de “Obras de rehabilitación en local

social”, polo importe de 25.998,36€, co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 12.999,18€ con dispensa de garantía, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2018.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio, ao conformar o do Servizo de Contratación e Fomento.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2018 foi aprobada polo mesmo órgano o 16 de marzo de 2018; xa que na mesma se establece como obxectivo estratéxico o de conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a Provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou

inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital etc).

O obxecto que se persegue con esta subvención é a rehabilitación do local social da Asociación De Veciños De Carballido-Pacios, converténdoo así nun local adaptado ás necesidades e usos da entidade.

Trátase de facilitar o seu uso e disfrute, realizado ao longo dos anos. Coa actuación proxectada acádase a rehabilitación integral dun edificio construído polos veciños para o seu uso colectivo.

Facílitate a participación dos veciños da parroquia de Pacios (Begonte) e contorna na vida económica, social, política e cultural, removendo os obstáculos que o “feito rural” normalmente conleva.

Rehabílitase e, xa que logo, establecece a plataforma para a pervivencia no tempo dun equipamento arquitectónico, cerne da instrucción no rural galego e froito da solidariedade colectiva dos veciños.

A actuación incrementará os niveis de colaboración da cidadanía e do asociacionismo veciñal, desa parroquia, do municipio, con repercusión favorable na provincia en xeral: En consecuencia, xera riqueza, entendida “lato sensu”, como calidade de vida, superadora dunha perspectiva meramente monetarista.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 25.998,36€ a favor da entidade Asociación de Veciños de Carballido-Pacios, para sufragar os gastos derivados do proxecto de “Obras de rehabilitación en local social”, subvención incluída na Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente

Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 25.998,36€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2018, a favor da Asociación de Veciños de Carballido-Pacios, para sufragar gastos derivados do proxecto de “Obras de rehabilitación en local social”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo segundo.- *Proposta relativa ao convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Excma. Deputación Provincial á Asociación Cabaleiros de Escairón, para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto “XII feira do cabalo de Escairón” na anualidade 2018.*

Logo de ver a proposta do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, a teor do seguinte texto:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Asociación Cabaleiros de Escairón, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución do proxecto “XII feira do cabalo de Escairón”, polo importe de 5.000,00€, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2018.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio, ao conformar o do Servizo de Contratación e Fomento.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 6 – Agricultura, gandería e pesca, pertencente á área funcional de Medio Rural e do Mar, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2018 foi aprobada polo mesmo órgano o 16 de marzo de 2018; xa que na mesma se establece como obxectivo estratéxico o de acadar o desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro como sectores estratéxicos da economía da provincia e xeradores de oportunidades de emprego, e que redunde na fixación de poboación nas zonas rurais. Obsérvase que no futuro, de manterse esta actividade de fomento, débese analizar a oportunidade de tramitarse como subvención nominativa.

O obxecto que se persegue con esta subvención é a promoción e desenvolvemento do sector equino en Galicia, e por ende, na provincia de Lugo, que constitúe unha actividade económica de vital importancia.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobado a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 5.000,00€ a favor da entidade Asociación Cabaleiros De Escaliron, para sufragar os gastos derivados do proxecto de “XII feira do cabalo de Escalirón” subvención incluída na Liña 6 – Agricultura, gandería e pesca, pertencente á área funcional de Medio Rural e do Mar do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

2º.- Aprobado o gasto de 5.000,00€ con cargo ao orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2018, a favor da Asociación Cabaleiros de Escalirón, para sufragar os gastos derivados do proxecto de “XII feira do cabalo de Escalirón”.

3º.- Aprobado o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo terceiro.- *Proposta relativa ao convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Excm. Deputación Provincial á Asociación de Comerciantes, Industriais, Servizos y Autónomos de Ribadeo, para sufragar os gastos derivados da execución da actividade “V Ribadeo Indiano” na anualidade 2018.*

Logo de ver a proposta do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, a teor do seguinte texto:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Asociación de Comerciantes, Industriais, Servizos y Autónomos De Ribadeo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actividade “V Ribadeo Indiano”, polo importe de 6.020,00€, co aboamento anticipado do 50%

sobre o importe total subvencionado, é dicir 3.010,00€ con dispensa de garantía, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2018.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio, ao conformar o do Servizo de Contratación e Fomento.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 3.1 – Fomento da promoción económica e social da provincia de Lugo, pertencente á área funcional de Promoción Económica e Social - Emprego do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017 e cuxa actualización para o ano 2018 foi aprobada polo mesmo órgano o 16 de marzo de 2018; xa que na mesma se establece como obxectivos, entre outros, os de acadar a competitividade empresarial e fomento do comercio local.

O obxecto que se persegue con esta subvención é fomentar o asociacionismo empresarial e o desenvolvemento do sector comercial, industrial, de servizos e dos autónomos da vila de Ribadeo.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 6.020,00€ a favor da entidade Asociación De Comerciantes, Industriales, Servicios Y Autónomos De Ribadeo, para sufragar os gastos derivados da actividade de “V Ribadeo Indiano”, subvención incluída na Liña 3.1 – Fomento da promoción económica e social da provincia de Lugo, pertencente á área funcional de Promoción Económica e Social - Emprego do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 6.020,00€ con cargo ao orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2018, a favor da Asociación De Comerciantes, Industriales, Servicios Y Autónomos De Ribadeo, para sufragar gastos derivados da actividade de “V Ribadeo Indiano”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo cuarto.- *Proposta relativa ao convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Excma. Deputación Provincial de Lugo ao Centro de Iniciativas y Turismo Club Fluvial de Begonte, para sufragar os gastos derivados da execución da actividade “Festa da empanada 2018” na anualidade 2018.*

Logo de ver a proposta do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, a teor do seguinte texto:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder ao Centro de Iniciativas y Turismo Club Fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actividade ”Festa da empana 2018”, polo importe de 3.040,00€, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2018.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio, ao conformar o do Servizo de Contratación e Fomento.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2018 foi aprobada polo mesmo órgano o 16 de marzo de 2018; xa que na mesma se establece como

obxectivo estratéxico o de conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a Provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital etc). Obsérvase que no futuro, de manterse esta actividade de fomento, débese analizar a oportunidade de tramitarse como subvención nominativa.

O obxecto que se persegue con esta subvención é fomentar a participación cidadá e o asociacionismo veciñal, incrementar os niveis de colaboración da cidadanía e o seu acercamento ás administracións e a inversa; ao tempo que se xere dinamismo económico, no medio rural.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.- Que se aprobe a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 3.040,00€ a favor da entidade Centro De Iniciativas Y Turismo Club Fluvial De Begonte, para sufragar os gastos derivados do proxecto de “Festa da empana 2018”, subvención incluída na Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

2º.- Que se aprobe o gasto de 3.040,00€ con cargo ao orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2018, a favor da Centro De Iniciativas Y Turismo Club Fluvial De Begonte, para sufragar gastos derivados da actividade “Festa da empana 2018”.

3º.- Que se aprobe o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo quinto.- *Proposta de aprobación, se procede, da addenda ao convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Excma. Deputación Provincial á Asociación Vecinal Cultural Deportiva San Vicente de Pena, para sufragar os gastos derivados da execución da “Restauración da Fonte de Ribadecardos”, na anualidade 2018.*

Logo de ver a proposta do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, a teor do seguinte texto:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, de data 26 de decembro de 2018, conformado pola Secretaria Xeral no que literalmente se establece o seguinte:

Asunto: Modificación do Convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Excma. Deputación Provincial de Lugo á Asociación Vecinal Cultural Deportiva San Vicente de Pena para sufragar os gastos derivados da execución da “Restauración da Fonte de Ribadecardos”, na anualidade 2018

En relación co asunto de referencia, vista a solicitude efectuada polo Presidente da Asociación Cultural e Deportiva San Vicente de Pena, procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

Por resolución presidencial, de data 12 de xullo de 2018, resolveuse:

a) “Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 3.115,15 €, a favor da Asociación Vecinal Cultural Deportiva San Vicente de Pena, para sufragar os gastos derivados da execución da “Restauración da Fonte de Ribadecardos”.

b) Aprobar o gasto por importe de 3.115,15 € .

Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención.”

O Convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Excma. Deputación Provincial de Lugo á Asociación Vecinal Cultural Deportiva San Vicente de Pena para sufragar os gastos derivados da execución da “Restauración da Fonte de Ribadecardos”, na anualidade 2018, formalizouse o 13 de xullo de 2018

No devandito convenio establécese o seguinte:

- Cláusula primeira.-Obxecto do convenio

“Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Entidade beneficiaria e a Deputación de Lugo coa finalidade de que o Organismo Provincial subvencione a esta Entidade beneficiaria cunha axuda económica que lle permita financiar os gastos derivados da execución da “Restauración da fonte de Ribadecardos” no ano 2018”.

- Cláusula terceira.- Orzamento de execución da actuación subvencionada, e gastos subvencionables.

“O orzamento total, inicialmente previsto, de execución das actuacións ascende á cantidade total de 3.279,10€ de acordo co presuposto achegado coa solicitude que obra no expediente.

A contratación de persoal para o desenvolvemento do devandito proxecto non implica relación laboral algunha entre estes traballadores e a Deputación, polo que non se poderá esixir a esta responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos feitos acaecidos durante o desenvolvemento das actuacións, obxecto do presente convenio.

Considéranse gastos subvencionables os gastos que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro da anualidade 2018.

(...)”.

- Cláusula Cuarta.-Achegas e compromisos das partes

“Para a consecución do obxecto do presente convenio, as partes subscribintes conveñen no seguinte réxime de achegas e compromisos.

(...)

B. A Excma. Deputación Provincial de Lugo comprométese a:

Subvencionar a actividade cunha cantidade de 3.115,15€.

A cantidade sinalada anteriormente non é un importe certo, fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que a lo menos, o 5% da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.

(...)”

- Cláusula Décima.- Vixencia do Convenio.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2018 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro de 2019 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2018, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Dentro dos prazos establecidos nos apartados precedentes desta cláusula, o convenio enténdese extinguido coa aprobación da conta xustificativa e pagamento procedente.

O anterior é sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera haber lugar, e das obrigas que como contratante incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo unánime entre as partes, mediante a subscripción da addenda de modificación respectiva”.

- Cláusula undécima.- Prazos de xustificación.

“Unha vez finalizada a acción ou comportamento as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado e en todo caso, como máximo o día 31 de outubro de 2018. (...)”.

- Cláusulas Adicionais. Anticipos

“As partes asinantes acordan que a Excm. Deputación Provincial de Lugo poderá realizar o aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 1.557,57€ con dispensa de garantía, tendo en conta a solicitude da Entidade beneficiaria que obra no expediente. (...)”

O Presidente da Asociación Cultural e Deportiva San Vicente de Pena remitiu, o 21 de decembro de 2018 con número de rexistro de entrada 34752, e o 26 de decembro de 2018 ao Servizo de Contratación e Fomento escritos no que se solicita unha prórroga de 3 meses para o remate da xustificación da obra obxecto e o anticipo do 95 % para poder facer fronte ao pago dunha factura.

Deste xeito e, tomando en consideración o reflectido na solicitude sobre a imposibilidade de poder cumprir cos prazos establecidos no convenio por causas alleas á vontade da Asociación Cultural e Deportiva San Vicente de Pena, preténdese a modificación das seguintes cláusulas do convenio asinado en data 13 de xullo de 2018, precisamente para remover esa dificultade, quedando redactadas do seguinte xeito:

- Na súa cláusula Terceira: “(...)Considéranse gastos subvencionables os gastos que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro da anualidade 2018 e ata o 31 de marzo de 2019.

(...)”.

- Na cláusula undécima: “Unha vez finalizada a acción ou comportamento as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado e en todo caso, como máximo o día 31 de marzo de 2019. (...)”.

- Cláusulas Adicionais. Anticipos

“As partes asinantes acordan que a Excm. Deputación Provincial de Lugo poderá realizar o aboamento anticipado do 95% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 2.959,39 € con dispensa de garantía, tendo en conta a solicitude da Entidade beneficiaria que obra no expediente. (...)”

Consideracións

O artigo 22.2 c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, dispón que se poderán conceder de forma directa ás seguintes subvencións:

“(...) c).-Con carácter excepcional, aquelas outras subvenciones en que se acrediten razones de interés público, social, económico o humanitario, u otras debidamente justificadas que dificulten su convocatoria pública”.

De acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local son competencias propias da Deputación, entre outras, a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da

provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Este é o caso da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, establece no seu artigo 118 que compete ás Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento do mesmo.

Debe tomarse en consideración ademais, no relativo a non consideración como exercicio de novas competencias, o establecido no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sostenibilidade da Administración Local. A maior abastanza, esta determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais, ás cales fanse referencia no informe de concesión da subvención.

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas entidades.

No artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, se establece que:

“Cando o convenio instrumento unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e a normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable”.

Considerando que a solicitude presentada polo Presidente da Asociación Cultural e Deportiva San Vicente de Pena supón a vontade de cumprir cos compromisos asumidos no convenio e alcanzar así a finalidade pretendida, isto é, os fins de interese público ou xeral que xustifican esta acción de fomento.

A estes efectos cabe lembrar o recollido no artigo 20 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das AAPP cando, en relación coa responsabilidade da tramitación, establece que:

“1. Os titulares das unidades administrativas e o persoal ao Servizo das Administracións Públicas que tivesen ao seu cargo a resolución e o despacho dos asuntos, serán responsables directos da súa tramitación e adoptarán as medidas oportunas para remover os obstáculos que impidan, dificulten ou retrasen o exercicio pleno dos dereitos dos interesados e o respecto aos seus intereses lexítimos dispoñendo o necesario para evitar e eliminar toda anormalidade na tramitación dos procedementos”.

Na cláusula décima –vixencia- do Convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Excm. Deputación Provincial de Lugo á Asociación Vecinal Cultural Deportiva San Vicente de Pena para sufragar os gastos derivados da execución da “Restauración da Fonte de Ribadecardos”, na anualidade 2018, establécese que:

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2018 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro de 2019 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2018, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Dentro dos prazos establecidos nos apartados precedentes desta cláusula, o convenio enténdese extinguido coa aprobación da conta xustificativa e pagamento procedente.

O anterior é sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera haber lugar, e das obrigas que como contratante incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo unánime entre as partes, mediante a subscrición da addenda de modificación respectiva”.

Polo que o convenio está vixente e pode modificarse por acordo das partes

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, posto que lle é de aplicación a lexislación de subvencións.

En canto ao órgano competente do ente provincial para a modificación do convenio no que se instrumenta a subvención directa excepcional de referencia é o Presidente, en base ao establecido no artigo 59 do Regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial (publicado no BOP de Lugo núm. 56, de 10 de marzo de 2011) e por ser este o órgano que aprobou a mesma, e na base 24.4 das Bases de Execución do Orzamento provincial para o ano 2018, que aínda que recolle que o órgano competente é o Presidente cando o importe individual sexa inferior a 18.000,00€ debe estarse ao establecido na nova Lei de contratos que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000,00€, polo que o órgano competente é o Presidente cando o importe individual sexa inferior a 15.000,00€. A aplicación do regulamento publicado no BOP de 10 de marzo de 2011, baséase na circular da Secretaría Xeral de data 2 de novembro de 2018.

En consecuencia, infórmase favorablemente a proposta de modificación do Convenio a medio de addenda, onde se fagan constar as modificacións identificadas no presente informe, dadas as razóns de interese xeral expostas.

Tal é o que procede informar ao respecto, con sometemento a calquera outro criterio mellor” .

Por todo o anteriormente exposto, propónse que polo Presidente se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar a Addenda ao convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Excm. Deputación Provincial de Lugo á Asociación Vecinal Cultural Deportiva San Vicente de Pena para sufragar os gastos derivados da execución da “Restauración da Fonte de Ribadecardos”, na anualidade 2018, incorporada ao expediente, e por medio da cal se modifican as cláusulas Terceira, Undécima e adicionais do convenio, quedando redactadas do seguinte xeito e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio de referencia:

- Na súa cláusula Terceira: “(...)Considéranse gastos subvencionables os gastos que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro da anualidade 2018 e ata o 31 de marzo de 2019.

(...)”.

- Na cláusula undécima: “Unha vez finalizada a acción ou comportamento as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado e en todo caso, como máximo o día 31 de marzo de 2019. (...)”.

- Cláusulas Adicionais. Anticipos.

“As partes asinantes acordan que a Excm. Deputación Provincial de Lugo poderá realizar o aboamento anticipado do 95% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 2.959,39 € con dispensa de garantía, tendo en conta a solicitude da Entidade beneficiaria que obra no expediente. (...)”

2º.- Aprobar a concesión do anticipo con dispensa de garantía do 95% do importe da subvención, o que supón unha contía de 2.959,39.

3º.- Proponer o pagamento do antedito anticipo, con dispensa de garantía, unha vez subscrita a addenda do convenio e que conste no expediente a documentación establecida no mesmo, en relación coa tramitación do citado anticipo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo sexto.- *Proposta relativa ao convenio da subvención excepcional outorgada por esta Excm. Deputación Provincial á Asociación Corazóns Artesáns, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto “Actividades socio-culturais na provincia de Lugo”, na anualidade 2018.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada de Cultura, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder ao Asociación Corazóns Artesáns co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto denominado “Actividades socio-culturais na provincia de Lugo” durante a anualidade 2018, polo importe constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Informe emitido pola Área de Turismo e Cultura (Servizo de Cultura) que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio regulador da concesión, elaborado na Área de Turismo e Cultura (Servizo de Cultura) que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2018.

Informe da Área de Turismo e Cultura (Servizo de Cultura), no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2018.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24.2 das Bases de Execución do Orzamento 2018 e tendo en conta os informes precedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da 5.2-c), titulada "Cultura" (Outras actuacións específicas), da Área de Cultura , do PES da Deputación de Lugo 2017-2019.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar unha subvención directa de carácter excepcional, por importe de 2.000,00 €, a favor da Asociación Corazóns Artesáns, para sufragar os gastos derivados da actuación denominada “Actividades socio-culturais na provincia de Lugo” na anualidade 2018 subvención incluída na Liña 5.2-c), titulada "Cultura" (Outras actuacións específicas), da Área de Cultura, do PES da Deputación de Lugo 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 2.000,00 € con cargo ao vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2018 a favor da Asociación Corazóns Artesáns, para sufragar os gastos derivados da actuación denominada “Actividades socio-culturais na provincia de Lugo”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, elaborado na Área de Turismo e Cultura (Servizo de Cultura)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo sétimo.- *Proposta relativa á subvención directa excepcional, en especie, a outorgar por esta Excma. Deputación Provincial á “Asociación Cabaleiros de Duancos, Taty sempre con nós” para sufragar os gastos de adquisición e serigrafiado de gorras, mochilas e camisetas para a III ruta cabalar en Duancos. anualidade 2018.*

Logo de ver a proposta do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, a teor do seguinte texto:

“Resultando que no expediente relativo á subvención directa de carácter excepcional (en especie) a conceder á Asociación Cabaleiros de Duancos, Taty sempre con nós, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos de adquisición e serigrafiado de gorras, mochilas e camisetas para a III Ruta Cabalar en Duancos, por importe de 1.542,75 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

a) Solicitud presentada en data 20 de agosto de 2018 (nº RE 22955) de axuda económica para sufragar os gastos derivados da adquisición e serigrafiado de gorras, mochilas e camisetas para a III Ruta Cabalar en Duancos, celebrada no mes de outubro.

Trala solicitude efectuada dende o Servizo de Contratación e Fomento en data 26 de novembro de 2018 (vía electrónica en aras da axilización do procedemento), achégase a solicitude novamente a través do modelo facilitado (Anexo I), con data de entrada no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Lugo de 3 de decembro de 2018.

b) Certificación acreditativa do acordo da solicitude e do nomeamento do representante da entidade de data 3 de decembro de 2018.

c) Autorización da entidade para que a Deputación Provincial de Lugo solicite – se é o caso- os certificados de estar ao corrente das obrigas coas Axencia Tributaria Estatal, Facenda da Xunta

de Galicia, Tesouraría Xeral da Seguridade Social e o Servizo de Recadación Provincial, impostas polas disposicións vixentes.

d) Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, nin nas prohibicións establecidas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2018.

e) Declaración responsable de non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro e de asunción do IVE.

f) Declaración xurada do representante da entidade das axudas/subvencións e patrocinios (sen achega económica) solicitados e/ou concedidos por outras administracións para a mesma actividade.

g) Solicitud de autorización para a subcontratación de actividades subvencionadas con terceiros.

h) Declaración responsable de que a entidade Serigráfica Argentina, S.L. de que:

- Non se atopa incurso nas prohibicións de contratar ás que se refire o artigo 71 da LCSP.

- Ten plena capacidade de obrar e a habilitación profesional necesaria para realizar a prestación de conformidade cos artigos 65,84,118 e 131.3 da LCSP.

- De estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas pola lexislación vixente.

- Atópase dada de alta no Imposto de Actividades Económicas.

- Habilita a dirección electrónica e consinte na súa utilización de conformidade co estipulado no artigo 151.3 e na Disposición Adicional Décimoquinta da LCSP.

i) Estatutos do Clube e Visado destes co nº 2017/21222 da Sección 1ª do Rexistro Provincial de Asociacións.

j) Fotocopia do C.I.F. da entidade.

k) Fotocopia do D.N.I. dos membros da Asociación.

l) Resolución da Xunta de Galicia sobre a Inscripción, no Rexistro Provincial de Asociacións, da constitución da Asociación de data 17 de marzo de 2017.

m) Acta fundacional da Asociación de Cabaleiros de Duancos, Taty sempre con nós, de data 7 de marzo de 2017.

n) Memoria das actividades levadas a cabo na III Ruta Cabalar de Duancos (Castro de Rei) celebrada o 20 de outubro de 2018, en homenaxe a Tatiana, que inclúe reportaxe fotográfica.

o) Certificados de estar ao corrente coa AEAT, Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social e a Deputación Provincial de Lugo.

p) Factura proforma de Serigráfica Argentina,S.L., por importe de 1.542,75€ cuxo concepto reflicte: “camisetas, gorras e mochilas grabación un color”. Xúntanse ademais imaxes dos logos da Deputación Provincial de Lugo e da propia Asociación que se utilizaron para o estampado.

q) Factura nº 000230, expedida en data 17 de outubro de 2018 por Serigráfica Argentina,S.L., por importe de 1.542,75 € e polo concepto: “250 camisetas grabación 1 color, 250 gorras e 250 mochilas”, debidamente dilixenciada.

Informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, de data 21 de decembro de 2018, debidamente conformado pola Presidencia.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente de data 27 de decembro de 2018.

No presente caso, trátase dunha actividade englobada dentro da Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á área funcional de Presidencia, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado pola Xunta de Goberno do Organismo Provincial o 23 de xuño de 2017, onde se prevé a concesión de subvencións por parte da Deputación Provincial para conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a Provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital etc).

O obxecto que se persegue con esta subvención é o recoñecemento e a reivindicación social e respecto polas persoas, pola súa dignidade, o seu dereito á vida (o máis importante dos dereitos subxectivos e fundamentais), unha declaración fronte á violencia de xénero. En definitiva, unha acción de interese público e social. A actividade obxecto da subvención en especie, consiste na homenaxe a unha persoa e recordo, un xeito de berrar fronte a violencia de xénero (con estatuto xurídico de prevención e loita), unha actividade lúdica e deportiva ao aire libre, coa mostra dun animal tradicional na vida rural (os cabalos), xunto á posta en valor da paisaxe rural da Terra Chá.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar a axuda excepcional en especie (para a gravación de 250 camisetas a unha cor, 250 gorras e 250 mochilas) a favor da Asociación Cabaleiros de Duancos, Taty sempre con nós, representada por don Cristian Vázquez Abuín, na contía de 1.542,75€, equivalentes ao importe da factura emitida por Serigráfica Argentina, S.L., co seguinte detalle: Concepto “250 Camisetas grabación 1 color, 250 gorras e 250 mochilas” por importe de 1.275,00 euros, máis 267,75 euros en concepto de 21% de I.V.E.

2º.- Aprobar o gasto por importe de 1.542,75€ con cargo ao Orzamento Xeral vixente da Deputación Provincial de Lugo, para sufragar os gastos derivados da concesión desta subvención excepcional en especie.

3º.- A entidade beneficiaria da subvención debe acreditar, antes do pagamento do importe da subministración de 250 camisetas con gravación a unha cor, 250 gorras e 250 mochilas, ao provedor:

a) Que continúa cumprindo coas condicións establecidas nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A estes efectos, se os incorporados ao expediente estivesen vixentes nese momento poderán desglosarse.

b) Achegar unha memoria xustificativa, na que se indiquen as actividades realizadas e os resultados obtidos, debidamente asinada polo representante da entidade.

c) Declaración responsable na que se faga constar que a actividade desenvolta contou con axuda “en especie” da Deputación Provincial de Lugo, en concreto sufragando os gastos de adquisición de 250 camisetas con gravación a nunha cor, 250 gorras e 250 mochilas.

4º.- A mercantil prestadora dos servizos de serigrafiado, Serigráfica Argentina,S.L., debe acreditar o cumprimento das condicións de aptitude requiridas para contratar con esta Administración. Debe xustificarse no expediente que non existe causa de incompatibilidade especial prevista no artigo 118.5 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, nos termos da Instrución nº1 en materia de contratación aprobada pola Xunta de Goberno en sesión de data 20 de abril de 2018, para a tramitación de contratos menores dada a contía da prestación. Con carácter previo ao pagamento da factura debe tramitarse o procedemento especial de acumulación de fases previsto nas Bases de Execución do Orzamento”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo oitavo.- *Proposta relativa ao convenio da subvención excepcional outorgada por esta Excma Deputación Provincial á Asociación Cultural Cántigas e Frores, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto “Feira do 48” na anualidade 2018.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada de Cultura do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder ao Asociación Cultural Cántigas e Frores co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto denominado “Feira do 48” durante a anualidade 2018, polo importe constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Informe emitido pola Área de Turismo e Cultura (Servizo de Cultura) que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio regulador da concesión, elaborado na Área de Turismo e Cultura (Servizo de Cultura) que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2018.

Informe da Área de Turismo e Cultura (Servizo de Cultura), no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2018.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24.2 das Bases de Execución do Orzamento 2018 e tendo en conta os informes precedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da 5.2-c), titulada "Cultura" (Outras actuacións específicas), da Área de Cultura , do PES da Deputación de Lugo 2017-2019.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar unha subvención directa de carácter excepcional, por importe de 3.000,00 €, a favor da Asociación Cultural Cántigas e Frores, para sufragar os gastos derivados da actuación denominada “Feira do 48” na anualidade 2018 subvención incluída na Liña 5.2-c), titulada "Cultura" (Outras actuacións específicas), da Área de Cultura, do PES da Deputación de Lugo 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 3.000,00 € con cargo ao vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2018 a favor da Asociación Cultural Cántigas e Frores, para sufragar os gastos derivados da actuación denominada “Feira do 48”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, elaborado na Área de Turismo e Cultura (Servizo de Cultura)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo noveno.- *Proposta relativa ao convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Excma. Deputación Provincial de Lugo á Asociación Semente Monforte, para*

sufragar os gastos derivados da execución da actividade “V Concurso Proxectos Empresariais” na anualidade 2018.

Logo de ver a proposta do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, a teor do seguinte texto:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Asociación Semente Monforte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actividade “V Concurso Proxectos Empresariais”, polo importe de 3.000,00€, co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir 1.500,00€ con dispensa de garantía, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2018.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio, ao conformar o do Servizo de Contratación e Fomento.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 3.1 – Fomento da promoción económica e social da provincia de Lugo, pertencente á área funcional de Promoción Económica e Social - Emprego do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017 e cuxa actualización para o ano 2018 foi aprobada polo mesmo órgano o 16 de marzo de 2018; xa que na mesma se establece como obxectivos, entre outros, os de acadar a competitividade empresarial e fomento do comercio local.

A finalidade perseguida con esta subvención é fomentar e estimular o emprendemento empresarial na bisbarra de Monforte de Lemos en concreto e na Provincial en xeral.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobado a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 3.000,00€ a favor da entidade Asociación Semente Monforte, para sufragar os gastos derivados da actividade “V Concurso Proxectos Empresariais”, subvención incluída na Liña 3.1 – Fomento da promoción económica e social da provincia de Lugo, pertencente á área funcional de Promoción Económica e Social - Emprego do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

2º.- Aprobado o gasto de 3.000,00€ con cargo ao orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2018, a favor da Asociación Semente Monforte, para sufragar gastos derivados da actividade “V Concurso Proxectos Empresariais”.

3º.- Aprobado o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Vinte.- *Proposta relativa ao convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Excma. Deputación Provincial á Fundación Daño Cerebral, para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto “Centro de atención a persoas con trastorno/patoloxía dual”, nas anualidades 2018 e 2019.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Fundación Daño Cerebral, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución do proxecto “Centro de atención a persoas con trastorno/patoloxía dual”, nas anualidades 2018 e 2019, polo importe total de 200.000,00€, (115.400,00€ para 2018 e 84.600,00€ para 2019)€, co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado para cada anualidade, é dicir, 57.700,00€ para 2018 e 42.300,00€ para 2019, con dispensa de garantía, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2018.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio, ao conformar o do Servizo de Contratación e Fomento.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Informe anexo xustificación da elevación excepcional das porcentaxes en gastos plurianuais, fixados polo artigo 174 TRLFL.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 3.2.1 – Benestar Social, xestionada actualmente dende Benestar Social da Área Promoción Económica e Social, do vixente Plan Estratéxico de Subvención da Deputación de Lugo, xa que na mesma se recolle como obxectivos contribuír a aumentar os niveis de benestar social da poboación da provincia de Lugo no sentido máis amplo (mellorando a súa calidade de vida, contribuíndo a unha sociedade máis igualitaria de oportunidades para todos os colectivos, especialmente daqueles máis vulnerables, e na que os aspectos sociais teñan unha maior relevancia), intentando acadar un verdadeiro “estado de benestar”.

O obxectivo ou finalidade que se persegue con esta subvención é poñer en marcha un novo proxecto identificado como " Centro de atención a persoas con trastorno/patoloxía dual", con fin de mellorar a calidade de vida de doentes e das súas familias.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa plurianual de carácter excepcional, por importe de 200.000,00€ a favor da entidade Fundación Daño Cerebral, para sufragar os gastos derivados do proxecto “Centro de atención a persoas con trastorno/patoloxía dual”, nas anualidades 2018 e 2019, subvención incluída na Liña 3.2.1 – Benestar Social, xestionada actualmente dende Benestar Social da Área Promoción Económica e Social do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Ano 2018: 115.400,00€

Ano 2019: 84.600,00€.

O importe da anualidade 2019 queda supeditado ao condicionante fixado no punto terceiro.

2º.- Con carácter excepcional, e o tratarse dun proxecto de gran repercusión social para esta provincia, elévase os límites sinalados no art. 174 da TRLRFL, de acordo coa distribución por anualidades sinalada no punto anterior.

3º.- Aprobar o gasto plurianual polo importe total de 200.000,00 € que se deglosa en 115.400,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 2314.789, do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2018, a favor da Fundación Daño Cerebral, para sufragar gastos derivados do proxecto “Centro de atención a persoas con trastorno/patoloxía dual”, e para a anualidade 2019 por importe de 84.600,000€, adoptar o compromiso de dotar no orzamento xeral do 2019 a citada contía, quedando supeditada á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade e sostibilidade financeira.

4º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Vinte e un.- *Proposta relativa ao convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Excm. Deputación Provincial á Asociación de Produtores do Pemento de Mougán (APROPEM), para sufragar os gastos derivados da execución da actividade “Festa do pemento de Mougán 2018”, na anualidade 2018.*

Tras ver a proposta do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, a teor do seguinte texto:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Asociación de Produtores Do Pemento De Mougán (APROPEM), co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actividade “Festa do Pemento de Mougán 2018”, polo importe de 2.375,00€, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2018.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio, ao conformar o do Servizo de Contratación e Fomento.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 6 – Agricultura, gandeiría e pesca, pertencente á área funcional de Medio Rural e do Mar, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2018 foi aprobada polo mesmo órgano o 16 de marzo de 2018; xa que na mesma se

establece como obxectivo estratéxico o de acadar o desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro como sectores estratéxicos da economía da provincia e xeradores de oportunidades de emprego, e que redunde na fixación de poboación nas zonas rurais.

O obxectivo ou finalidade que se persegue con esta subvención é o desenvolvemento do sector agrícola, estratéxico para a economía da provincia de Lugo, e a potenciación dos produtos agrícolas autóctonos a través dos consellos reguladores e as denominacións de orixe.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 2.375,00€ a favor da entidade Asociación de Produtores do Pemento De Mougán (APROPEM), para sufragar os gastos derivados da actividade “Festa do Pemento de Mougán 2018”, subvención incluída na Liña 6 – Agricultura, gandeiría e pesca, pertencente á área funcional de Medio Rural e do Mar do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 2.375,00€ con cargo ao orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2018, a favor da Asociación de Produtores do Pemento de Mougán (APROPEM), para sufragar gastos derivados da actividade “Festa do Pemento de Mougán 2018”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Vinte e dous.- *Proposta relativa ao convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Excm. Deputación Provincial á Comunidade Vecinal del monte en mano común Farelo, para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto “Reparación de pista forestal”, na anualidade 2018.*

Tras ver a proposta do Sr. Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, a teor do seguinte texto:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Comunidade Vecinal do monte en mano común Farelo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución do proxecto “Reparación de pista forestal”, polo importe de 4.000,00€, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2018.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio, ao conformar o do Servizo de Contratación e Fomento.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña Liña 2 – Medio ambiente, pertencente á área funcional de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medio Ambiente do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2018 foi aprobada polo mesmo órgano o 16 de marzo de 2018; xa que na mesma se establece como obxectivo estratéxico a protección e mellora do medio ambiente. O medio ambiente é un elemento clave que contribúe na consecución dun equilibrio adecuado para o desenvolvemento económico, o crecemento da poboación, o uso racional dos recursos e para a protección e conservación do ambiente. É preciso satisfacer as necesidades da sociedade, pero o desenvolvemento e o benestar social están limitados polo nivel tecnolóxico, polos recursos do medio ambiente e pola capacidade que ten o propio medio ambiente para capar os efectos da actividade humana. Desde a Deputación se traballa para mellorar a tecnoloxía e a organización social, de xeito que o medio ambiente poda recuperarse ao mesmo ritmo que sofre os efectos negativos da actividade humana.

O obxectivo ou finalidade que se persegue con esta subvención é a protección e mellora do medio ambiente no seu conxunto, protexendo os bosques e os espazos naturais, como elemento clave para a consecución dun equilibrio adecuado para o desenvolvemento económico, o crecemento da poboación, o uso racional dos recursos e a protección e conservación do ambiente.

A reparación da pista que dá acceso ao Monte Veciñal en Man Común Farelo, no municipio de Antas de Ulla, permite protexer e mellorar un espazo medioambiental de tipo forestal, que constitúe un pulmón natural para a zona, evitando e minimizando os riscos provocados polos incendios forestais así como outros factores degradantes.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 4.000,00 € a favor da entidade Comunidade Vecinal do monte en man común Farelo, para sufragar os gastos derivados da actividade “Reparación de pista forestal”, subvención incluída na Liña 2 – Medio ambiente, pertencente á área funcional de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medio Ambiente do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 4.000,00€ con cargo ao orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2018, a favor da Comunidad Vecinal del monte en mano común Farelo, para sufragar gastos derivados da actividade “Reparación de pista forestal”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Vinte e tres.- *Proposta relativa ao convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Excm. Deputación Provincial á Asociación Provincial de Reparación y Venta de Automóviles y Recambios -APREVAR- para sufragar os gastos derivados da execución de “Compra instalacións: anualidade 2019 a pagar en 2018”, exercicio económico 2018.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor literal:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Asociación Provincial de Reparación y Venta de Automóviles y Recambios -APREVAR-, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución de “Compra de instalacións: Anualidade 2019 a pagar en 2018” segundo consta na memoria presentada pola citada asociación, con rexistro de entrada 21698 de data 30 de xullo de 2018, e polo solicita unha subvención por importe de 45.000,00€, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

a) Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

b) Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

c) Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2018.

d) Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

e) Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio.

f) Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio, ao conformar o do Servizo de Contratación e Fomento.

g) Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 3.1 – Fomento da promoción económica e social da provincia de Lugo, pertencente á área funcional de Promoción Económica e Social - Emprego do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2018 foi aprobada polo mesmo órgano o 16 de marzo de 2018; xa que na mesma se establece como obxectivo estratéxico a cooperación no fomento do desenvolvemento empresarial da provincia de Lugo.

O obxecto que se persegue con esta subvención é o fomento da actividade económica do sector do automóbil na provincia de Lugo, neste caso a través da Asociación Provincial De Reparación y Venta de Automoviles y Recambios -APREVAR-, colaborando co proxecto de compra de instalacións.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobación a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 45.000,00€, a favor da entidade Asociación Provincial de Reparación y Venta de Automóviles y Recambios -APREVAR-, para sufragar os gastos derivados da actuación “Compra de instalacións: Anualidade 2019 a pagar en 2018”, subvención incluída na Liña 3.1 – Fomento da promoción económica e social da provincia de Lugo, pertencente á área funcional de Promoción

Económica e Social - Emprego do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017 - 2019.

2º.- Aprobar o gasto de 45.000,00€ con cargo ao orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2018, a favor da entidade Asociación Provincial de Reparación y Venta de Automóviles y Recambios -APREVAR-, para sufragar gastos derivados da actuación “Compra de instalacións: Anualidade 2019 a pagar en 2018”, no ano 2018.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, que se incorpora ao expediente”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Vinte e catro.- *Proposta relativa ao convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Excm. Deputación Provincial á Asociación de Comerciantes, Empresarios, Profesionales y Autónomos del Centro Comercial Abierto de Lugo, para sufragar os gastos derivados da execución da actividade “Vive o Centro este Nadal” na anualidade 2018.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Asociación de Comerciantes, Empresarios, Profesionales y Autónomos del Centro Comercial Abierto de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actividade “Vive o Centro este Nadal”, polo importe de 31.804,00€, co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir 15.902,00€ con dispensa de garantía, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2018.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio, ao conformar o do Servizo de Contratación e Fomento.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 3.1 – Fomento da promoción económica e social da provincia de Lugo, pertencente á área funcional de Promoción Económica e Social - Emprego do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017 e cuxa actualización para o ano 2018 foi aprobada polo mesmo órgano o 16 de marzo de 2018; xa que na mesma se establece como obxectivos, entre outros, os de acadar a competitividade empresarial e fomento do comercio local.

O obxecto que se persegue con esta subvención é dinamizar e revitalizar a área comercial tradicional formada polos establecementos comerciais ubicados no centro da cidade de Lugo, fomentando o comercio local ou de proximidade, incrementando as vendas e incentivando o consumo. Trátase de crear un centro comercial aberto entre todos os comercios locais dentro da zona amurallada ofrecendo aos consumidores uns servizos similares aos dispoñibles nas grandes superficies. Mellorar a competitividade, a eficiencia e a capacidade de adaptación ás novas correntes de consumo dos comercios tradicionais, cubrindo as necesidades dos consumidores en todos os aspectos.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 31.804,00€ a favor da entidade Asociación de Comerciantes, Empresarios, Profesionales y Autónomos del Centro Comercial Abierto de Lugo, para sufragar os gastos derivados da actividade “Vive o centro este nadal”, subvención incluída na Liña 3.1 – Fomento da promoción económica e social da provincia de Lugo, pertencente á área funcional de Promoción Económica e Social - Emprego do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 31.804,00€ con cargo ao orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2018, a favor da Asociación De Comerciantes, Empresarios, Profesionales y Autónomos del Centro Comercial Abierto de Lugo, para sufragar gastos derivados da actividade “Vive o centro este nadal”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Vinte e cinco.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Excm. Deputación Provincial e o concello de Lugo, coa finalidade común de colaborar na “Substitución do pavimento do pavillón municipal de Frigsa”.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo,

coa finalidade común de colaborar na “Substitución do pavimento do pavillón municipal de Frigsa”, que dispón o seguinte:

“Asunto: convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación Provincial e o concello de Lugo, coa finalidade común de colaborar na “Substitución do pavimento do pavillón municipal de Frigsa”.

En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

Proposta de borrador de convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Lugo.

D^a. Lara Méndez López, Alcaldesa do Concello de LUGO achega escrito de solicitude de relación interadministrativa (público-público), de data 19/12/2018, ao que acompaña declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e da Facenda Autonómica impostas polas disposicións vixentes así como de non ter débedas con esta Deputación en período executivo e proxecto para a realización conxunta polo Concello de Lugo e a Deputación de Lugo, das actuacións de: Substitución do pavimento do pavillón municipal de Frigsa nas que conflúen os respectivos títulos competenciais, para satisfacer demandas veciñais de xeito eficiente. Na memoria explícanse os fins e obxectivos perseguidos coa operación de substitución do pavimento referido. A Alcaldía de Lugo, coa solicitude efectuada e na documentación técnica aportada, xustifica os títulos competenciais e a necesidade da actuación; estado do firme do pavillón, intensidade de uso por equipos e xogadores. Tamén se alude a repercusión fora do territorio municipal, atendendo ás competicións que se celebran e das actividades deportivas con participación de persoas do municipio de Lugo, da Provincia e da propia Comunidade autónoma. Isto é, a transcendencia no circulo de intereses provinciais.

En aclaracións posteriores á solicitude, clarifícase que o órgano de contratación sexa a administración municipal.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre o Concello de Lugo e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo de executar os fins comúns de: Substitución do pavimento do pavillón municipal de Frigsa. Esta acción colaborativa non conforma prestacións propias dos contratos, regulados na lexislación de contratos do sector público ou en normas administrativas especiais, comprometendose a realizar os seguintes investimentos:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
SUBSTITUCIÓN DO PAVIMENTO DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE FRIGSA	83.470,74€	--
TOTAL	83.470,74€	

O concello de Lugo achegará os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente; así mesmo encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran normativamente.

O Concello aportará tódolos terreos precisos, permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución e financiará o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común, e de interese público, perseguido; comprometéndose a recibir a obra, aperturala, mantela e dar á veciñanza o servizo que proceda, segundo a natureza e destino do investimento obxecto desta acción colaborativa.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”
(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo (acción colaborativa) manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-; precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“ A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do estado prestacional ao estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade. Neste suposto e dada a natureza das actuacións promovidas, fundamentalmente resultados concretos.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de Lugo é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, e nos termos da lexislación do Estado e Autonómica, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...); h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local; (...); l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre; m) promoción da cultura e equipamentos culturais (...)

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo”. Nos municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademais instalacións deportivas de uso público.”

O artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece as competencias deportivas das Deputacións Provinciais, entre elas: “(...) Fomentar, promover e difundir o deporte; asistir aos municipios e colaborar con eles, sobre todo cos de menor capacidade; calquera outra actuación que redunde en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial” e o artigo 8 as competencias dos concellos en materia deportiva, “(...) construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal, e no seu caso a xestión e mantemento das de titularidade autonómica ...”

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos Concellos ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Concello de Lugo, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación , segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade do Concello de Lugo. Tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo e do Consello, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da asesoría xurídica xeral da Xunta de Galicia; e na actualidade asumido e regulado no artigo 31 da LCSP/2017 ao referirse ás potestades de auto organización e sistemas de cooperación vertical e horizontal.

Así, para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a dotación aos veciños do Concello de Lugo, da Provincia e da cidadanía en xeral das actuacións sinaladas, establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación (acción pública colaborativa) guiadas unicamente por consideracións de interese público, nas que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
2018	83.470,74€

Concello de Lugo: As obrigas de facer e no seu caso achegas complementarias relacionadas no Convenio interadministrativo obxecto deste informe.

Esta relación interadministrativa de cooperación enmarcarase, xa que logo, na estrutura dunhas administracións ordenadas para remover os obstáculos que impidan ou dificultan que a igualdade e liberdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivos, especialmente acaído nunha provincia de dinámicas demográficos rurais e poboación envellecida, mellorando os servizos e prestacións dirixidas a cidadanía e equipamentos.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local. Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos. No convenio inclúese o cadro orzamentario e de financiamento con cargo a anualidade 2018

O concello de Lugo será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

Ao presente convenio non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”, precepto que se complementa con artigo 31 da propia LCSP

relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24.2 das Bases de Execución do Orzamento 2018 e tendo en conta os informes precedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da 5.2-c), titulada "Cultura" (Outras actuacións específicas), da Área de Cultura , do PES da Deputación de Lugo 2017-2019.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar unha subvención directa de carácter excepcional, por importe de 6.000,00 €, a favor do Círculo de las Artes, para sufragar os gastos derivados da actuación denominada “Reparacións Salón Rexio” na anualidade 2018 subvención incluída na Liña 5.2-c), titulada "Cultura" (Outras actuacións específicas), da Área de Cultura, do PES da Deputación de Lugo 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 6.000,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 3340.48911 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2018 a favor do Círculo de las Artes, para sufragar os gastos derivados da actuación denominada “Reparacións Salón Rexio”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, elaborado na Área de Turismo e Cultura (Servizo de Cultura)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Trinta e sete.- *Proposta relativa á subvención directa excepcional, en especie, a outorgar por esta Excma. Deputación Provincial á Asociación de Veciños Piñeiro – Quetesende*

Laxe Blanca para sufragar os gastos de “Montaxe de carpas, xerador, alumeado e cartelería nas Festas de Santa María de Piñeiro – Quetesende (O Corgo)”, na anualidade 2018.

Tras ver a proposta do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, a teor do seguinte texto:

“Resultando que no expediente relativo á subvención directa de carácter excepcional (en especie) a conceder á Asociación de Veciños Piñeiro - Quetesende Laxe Blanca, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos de “Montaxe de carpas, xerador, alumeado e cartelería nas festas de Sta. María de Piñeiro, por importe de 850,00 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Solicitud presentada en data 30 de xullo de 2018 (nº RE 21791) de axuda económica para sufragar os gastos derivados da “Montaxe de carpas, xerador, alumeado e cartelería nas festas de Sta. María de Piñeiro”, en Quetesende (O Corgo). Xunto con esta solicitud primeira, achegáronse ademais 4 presupostos do custe total da actuación pretendida.

Trala solicitud efectuada dende o Servizo de Contratación e Fomento en data 26 de novembro de 2018 (vía electrónica en aras da axilización do procedemento), achégase a solicitud novamente a través do modelo facilitado (Anexo I), achegada polo representante da Asociación ao Servizo de Contratación e Fomento en data 27 de novembro de 2018.

Certificación acreditativa do acordo da solicitud e do nomeamento do representante da entidade de data 3 de febreiro de 2018.

Autorización da entidade para que a Deputación Provincial de Lugo solicite – se é o caso- os certificados de estar ao corrente das obrigas coas Axencia Tributaria Estatal, Facenda da Xunta de Galicia, Tesouraría Xeral da Seguridade Social e o Servizo de Recadación Provincial, impostas polas disposicións vixentes.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, nin nas prohibicións establecidas nos apartados

2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2018.

Declaración responsable de non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro e de asunción do IVE.

Declaración xurada do representante da entidade das axudas/subvencións e patrocinios (sen achega económica) solicitados e/ou concedidos por outras administracións para a mesma actividade.

Solicitud de autorización para a subcontratación de actividades subvencionadas con terceiros.

Declaración responsable de que a entidade Serigráfica Argentina, S.L. de que:

- Non se atopa incurso nas prohibicións de contratar ás que se refire o artigo 71 da LCSP.
- Ten plena capacidade de obrar e a habilitación profesional necesaria para realizar a prestación de conformidade cos artigos 65,84,118 e 131.3 da LCSP.
- De estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas pola lexislación vixente.
- Atópase dada de alta no Imposto de Actividades Económicas.
- Habilita a dirección electrónica e consente na súa utilización de conformidade co estipulado no artigo 151.3 e na Disposición Adicional Décimoquinta da LCSP.

a) Estatutos da Asociación de Veciños Piñeiro – Quetesende Laxe Blanca e visado destes co nº 10810 da Sección 1ª do Rexistro Provincial de Asociacións.

b) Fotocopia do C.I.F. da entidade.

c) Fotocopia do D.N.I. do Presidente da Asociación

d) Certificado do secretario da entidade de que os Estatutos non sufriron modificación algunha dende a súa presentación.

e) 3 fotografías da carpa instalada.

f) Memoria ao respecto das actuacións obxecto da subvención, levadas a cabo os días 16 e 17 de agosto de 2018, na parroquia de Quetesende.

g) Certificados de estar ao corrente coa AEAT, Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social e a Deputación Provincial de Lugo.

h) Cartel publicitario onde se anunciaban as festas na honra de S. Roque.

i) Factura nº 55, expedida en data 22 de novembro de 2018 por Orquesta Lucas Dándara, S.L.U., por importe de 850,00 € e polo concepto: *“Cartelería, alquiler de generador y Carpa en las fiestas de Sta. María de Piñeiro Quetesende 16 y 17 de agosto”*; debidamente dilixenciada expresando a conformidade coas cantidades e prezo.

Informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, de data 31 de decembro de 2018, debidamente conformado pola Presidencia.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente de data 31 de decembro de 2018.

No presente caso, trátase dunha actividade englobada dentro da Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á área funcional de Presidencia, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado pola Xunta de Goberno do Organismo Provincial o 23 de xuño de 2017, onde se prevé a concesión de subvencións por parte da Deputación Provincial para conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a Provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital etc).

O obxecto que se persegue con esta subvención é o fomento da participación cidadá e do asociacionismo, promovendo o achegamento dos cidadáns ás Administracións e viceversa. Estas funcións fomentan a participación de todos os veciños en actividades de ocio e cultura, organizadas pola propia sociedade civil.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar a axuda excepcional en especie (para a *montaxe de carpas, xerador, alumado e cartelería nas festas de Sta. María de Piñeiro*) a favor da Asociación de Veciños Piñeiro -

Quetesende Laxe Blanca, representada por don Ángel Miguel Corredoira Real, na contía de 850,00€, equivalentes ao importe da factura emitida por Orquesta LucusDandara, S.L.U., co seguinte detalle: “*Cartelería, alquiler de generador y Carpa en las fiestas de Sta. María de Piñeiro Quetesende 16 y 17 de agosto*”, por importe de 702,48 euros, máis 147,52 euros en concepto de 21% de I.V.E.

2º.- Aprobar o gasto por importe de 850,00€ con cargo ao Orzamento Xeral vixente da Deputación Provincial de Lugo, para sufragar os gastos derivados da concesión desta subvención excepcional en especie.

3º.- A entidade beneficiaria da subvención debe acreditar, antes do pagamento do importe do servizo ao provedor:

a) Que continúa cumprindo coas condicións establecidas nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A estes efectos, se os incorporados ao expediente estivesen vixentes nese momento poderán desglosarse.

b) Achegar unha memoria xustificativa, na que se indiquen as actividades realizadas e os resultados obtidos, debidamente asinada polo representante da entidade.

c) Declaración responsable na que se faga constar que a actividade desenvolta contou con axuda “*en especie*” da Deputación Provincial de Lugo; en concreto sufragando os gastos de montaxe de carpas, xerador, alumeado e cartelería nas festas de Sta. María de Piñeiro

4º.- A mercantil prestadora dos servizos Orquesta LucusDandara, S.L.U., debe acreditar o cumprimento das condicións de aptitude requiridas para contratar con esta Administración. Debe xustificarse no expediente que non existe causa de incompatibilidade especial prevista no artigo 118.5 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, nos termos da Instrución nº1 en materia de contratación aprobada pola Xunta de Goberno en sesión de data 20 de abril de 2018, para a tramitación de contratos menores dada a contía da prestación. Con carácter previo ao pagamento da

factura debe tramitarse o procedemento especial de acumulación de fases previsto nas Bases de Execución do Orzamento”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN E ADXUDICACIÓN DE OBRAS, SERVIZOS E SUBMINISTRACIÓNS.

Primeiro.- *Proposta de adxudicación, se procede, da contratación por lotes da subministración de 18 vehículos para o Parque Móbil Provincial e recollida de vehículos usados (lote 3).*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do servizo de Contratación e Fomento, no que se recollen as seguintes consideracións:

Consideracións Xurídicas

Incoouse expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación por lotes da subministración de 18 vehículos para o parque móbil provincial e recollida de vehículos usados.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu artigo 4.

Ao contrato élle de aplicación o LCSP, xa que a Excma. Deputación provincial de Lugo é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

O contrato definido ten a cualificación de contrato de subministración, de acordo co artigo 16 da LCSP, ao conformar o seu obxecto a adquisición de produtos (bens de carácter móbil).

Os pregos de condicións, elaborados para disciplinar a licitación e o contrato, recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicouse mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) e 131.2 da LCSP, como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta, conforme aos artigos 145 e 146 da LCSP.

De acordo co previsto no artigo 99 da LCSP, a división en lotes pasa a ser a regra xeral. Neste procedemento existe división en varios lotes:

LOTE 1	ADQUISICIÓN DE OITO FURGONETAS E RECOLLIDA DE OITO VEHÍCULOS USADOS RELACIONADOS NO PPT.
LOTE 2	ADQUISICIÓN DE CINCO VEHÍCULOS TODO CAMIÑO 4X4 E RECOLLIDA DE CINCO VEHÍCULOS USADOS RELACIONADOS NO PPT
LOTE 3	ADQUISICIÓN DE CINCO VEHÍCULOS ELÉCTRICOS COS SEUS CORRESPONDENTES PUNTOS DE RECARGA E RECOLLIDA DE CINCO VEHÍCULOS USADOS RELACIONADOS NO PPT

Visto que, de conformidade coa Acta correspondente á sesión da mesa de contratación do 2 de outubro do 2018, deuse conta do informe da Xefa da Unidade do Rexistro Xeral de data 18 de setembro de 2018, no que consta que presentaron ofertas, en prazo, para tomar parte no expediente para a “Contratación por lotes da subministración de 18 vehículos para o parque móbil provincial e recollida de vehículos usados.exp0030su18-abo”, ás seguintes empresas:

LICITADOR
IBERICAR GESTOSO SL (LOTES I e III)
FERGIL AUTO SLU (LOTE III)



Tendo en conta que as empresas concorrentes presentan en tempo e forma a súa proposta, procedeuse á apertura e exame do sobre “A”, documentación administrativa, resultando que as empresas presentan as declaracións responsables esixidas nos pregos de cláusulas administrativas debidamente asinadas e seladas, polo que a mesa de contratación acordou considerar adecuadamente presentada a documentación xeral (sobre A) polas empresas relacionadas. Fíxose unha primeira e superficial comprobación da memoria técnica presentada por cada licitador, con este resultado:

EMPRESA	SOPORTE PAPEL	SOPORTE DIXITAL	OFERTA ASINADA
IBERCAR GESTOSO SL	<u>X</u>	<u>X</u>	<u>NON</u>
FERGIL AUTO SLU	<u>X</u>	<u>X</u>	<u>SI</u>

Compróbase que a memoria técnica presentada por IBERCAR GESTOSO,S.L. está sen asinar, polo que decidiuse requirir a súa subsanación a fin de que asine a memoria técnica en cada unha das súas follas.

Ambas memorias técnicas serán remitidas, unha vez saneadas, ao Parque Móbil aos efectos de que comproben e emitan informe para verificar as características técnicas dos vehículos ofertados compren cos mínimos esixidos no PPT.

Os resultados do contido das ofertas económicas son os que se detallan a continuación, tendo en conta que os criterios a avaliar segundo o recollido na cláusula décimo segunda son os seguintes, todos eles de carácter matemático ou automático:

Sobre B: Proposición económica e documentos relativos a oferta, distintos ao prezo, que se cuantifican de forma automática.

LOTE 1	ADQUISICIÓN DE OITO FURGONETAS E RECOLLIDA DE OITO VEHÍCULOS USADOS RELACIONADOS NO PPT.
LOTE 2	ADQUISICIÓN DE CINCO VEHÍCULOS TODO CAMIÑO 4X4 E RECOLLIDA DE CINCO VEHÍCULOS USADOS RELACIONADOS NO PPT
LOTE 3	ADQUISICIÓN DE CINCO VEHÍCULOS ELÉCTRICOS COS SEUS CORRESPONDENTES PUNTOS DE RECARGA E RECOLLIDA DE CINCO VEHÍCULOS USADOS RELACIONADOS NO PPT

A. Criterios de adjudicación. (todos evaluables automáticamente)

CRITERIOS COMÚNS AOS TRES LOTES	PUNTUACIÓN MÁXIMA
1. Menor prezo ofertado	45
2. Incremento do prazo de garantía	20
3. Incremento do prezo ofertado polos vehículos usados do lote	10
4. Redución do prazo de entrega	5
5. Dispoñer de neumáticos altamente eficientes en canto ao consumo de combustibles (clases C ou superior)	4
6. Dispoñer dun sistema de freada rexenerativa	4
7. Dispoñer dun sistema automático de monitorización da presión das rodas (TPMS)	2
Total	90
CRITERIOS ESPECÍFICOS PARA OS LOTES 1 E 2 (vehículos non eléctricos)	PUNTUACIÓN MÁXIMA
8. Menor emisión de CO ₂ (g CO ₂ /km)	4
9. Dispoñer dun sistema automático de indicador de cambio de marchas	2
10. Dispoñer dun sistema Start&Stop	2
11. Dispoñer de catalizadores ou filtros engadidos ao equipamento de serie que reduzan as emisións contaminantes do motor	2
Total	10
CRITERIOS ESPECÍFICOS PARA O LOTE 3 (vehículos eléctricos)	PUNTUACIÓN MÁXIMA
12. Incremento dos puntos de recarga sobre o mínimo esixido	7
13. Dispoñer dun indicador de eficiencia para vehículos eléctricos (equivalente ao sistema automático de indicador de cambio de marchas)	3
Total	10

- Ofertas económicas para o lote 1 :adquisición de oito furgonetas e recollida de oito vehículos usados relacionados no PPT

CRITERIO	IBERCAR GESTOSO SL
1. Menor prezo ofertado	82.588,12 (sen iva)
2. Incremento do prazo de garantía	12 meses
3. Incremento do prezo ofertado polos vehículos usados do lote	120 euros
4. Redución do prazo de entrega	0
5. Dispoñer de neumáticos altamente eficientes en canto ao consumo de combustibles (clases C ou superior)	NON
6. Dispoñer dun sistema de freada rexenerativa	NON
7. Dispoñer dun sistema automático de monitorización da presión das rodas (TPMS)	NON
8. Menor emisión de CO ₂ (g CO ₂ /km)	1,05/1,08
9. Dispoñer dun sistema automático de indicador de cambio de marchas	SI
10. Dispoñer dun sistema Start&Stop	SI
11. Dispoñer de catalizadores ou filtros engadidos ao equipamento de serie que reduzan as emisións contaminantes do motor	SI

- Lote 2- adquisición de cinco vehículos todo camiño 4x4 e recollida de cinco vehículos



usados relacionados no PPT. non concorreu ningún licitador a este lote.

- Ofertas económicas para o lote 3: adquisición de cinco vehículos eléctricos cos seus correspondentes puntos de recarga e recollida de cinco vehículos usados relacionados no PPT.

	IBERICAR GESTOSO SL	FERGIL AUTO SLU
CRITERIO		
1. Menor prezo ofertado (sen iva)	123.777,00 (sen iva)	128.899,00 (sen iva)
2. Incremento do prazo de garantía	0	60 meses
3. Incremento do prezo ofertado polos vehículos usados do lote	75 euros	290 euros
4. Redución do prazo de entrega	0	30 días
5. Dispoñer de neumáticos altamente eficientes en canto ao consumo de combustibles (clases C ou superior)	SI	SI
6. Dispoñer dun sistema de freada rexenerativa	SI	SI
7. Dispoñer dun sistema automático de monitorización da presión das rodas (TPMS)	SI	SI
8. Incremento dos puntos de recarga sobre o mínimo esixido	0	2
9. Dispoñer dun indicador de eficiencia para vehículos eléctricos (equivalente ao sistema automático de indicador de cambio de marchas)	SI	SI

A proposta de adxudicación dos lotes I e III quedarán condicionados á comprobación por parte do Parque do Móbil de que as memorias técnicas presentadas por Ibercar Gestoso, S.L. e Fergil Auto, S.L.U.se adecúan ás características técnicas fixadas no PPT, do que se dará conta na próxima Mesa de Contratación que se convoque ao efecto de dar conta do informe en relación a este extremo. Así consta na acta da mesa celebrada o 22 de outubro de 2018.

A Acta da Mesa de contratación celebrada o día 22 de outubro de 2018 recolle o seguinte:

En relación co Lote 1 (Adquisición de oito furgonetas e recollida de oito vehículos usados relacionados no PPT).

Dáse conta do Informe elaborado polo Xefe do Parque Móbil, sobre incumprimento do prego de prescricións técnicas no que se refire á cilindrada mínima de 1.500 cc., pola única licitadora que se presentou a esta lote, Ibericar Gestoso S.L. Este informe incorpórase ao expediente.

Dáse conta do Informe do Servizo de Contratación e Fomento, incorporado ao expediente, que conclúe que, á vista da contradición posta de manifesto, procede conceder un prazo de tres días hábiles a esta licitadora a fin de que presente aclaración.

En relación co Lote 3 (Adquisición de cinco vehículos eléctricos cos seus correspondentes puntos de recarga e recollida de cinco vehículos usados relacionados no PPT):

Dáse conta do Informe elaborado polo Xefe do Parque Móbil, que acredita o cumprimento do Prego de Prescricións Técnicas polas dúas licitadoras que se presentaron, Ibericar Gestoso S.L. e Fergil Auto S.L.U. Queda unido, o mesmo, ao expediente.

Dáse conta do Informe do Servizo de Contratación e Fomento sobre valoración das ofertas técnico-económicas (criterios avaliados automaticamente) presentadas por ditas licitadoras para o Lote 3, que propón a seguinte puntuación:

CRITERIO	OFERTA IBERICAR GESTOSO SL	OFERTA FERGIL AUTO SLU	PUNTUACIÓN IBERICAR GESTOSO SL	PUNTUACIÓN FERGIL AUTO SLU
1. Menor prezo ofertado (sen iva). 45 PUNTOS	123.777,00	128.899,00	45	43,21
2. Incremento do prazo de garantía. 20 PUNTOS	0	60 meses	0	20
3. Incremento do prezo ofertado polos vehículos usados do lote. 10 PUNTOS	75 euros	290 euros	2,59	10
4. Redución do prazo de entrega. 5 PUNTOS	0	30 días	0	5
5. Dispoñer de pneumáticos altamente eficientes en canto ao consumo de combustibles (clases C ou superior). 4 PUNTOS	si	si	4	4
6. Dispoñer dun sistema de freada rexenerativa. 4 PUNTOS	si	si	4	4
7. Dispoñer dun sistema automático de monitorización da presión das rodas (TPMS). 2 PUNTOS	si	si	2	2



8. Incremento dos puntos de recarga sobre o mínimo esixido. 7 PUNTOS	0	2 puntos	0	7
9. Dispoñer dun indicador de eficiencia para vehículos eléctricos (equivalente ao sistema automático de indicador de cambio de marchas). 3 PUNTOS	si	si	3	3
TOTAL			60,59	98,21

A mesa, por unanimidade, acorda:

1º.- En relación co Lote 1, conceder un prazo de tres días hábiles á licitadora Ibericar Gestoso S.L. a fin de que presente aclaración sobre o cumprimento do requisito mínimo de cilindrada de 1500 cc. que consta no PPT. Non se poderá cambiar a oferta presentada e a acreditación de que os vehículos ofertados teñen unha cilindrada mínima de 1.500 cc demostrarse segundo o previsto no artigo 128 LCSP:

Informes de pruebas, certificación y otros medios de prueba.

Los órganos de contratación podrán exigir que los operadores económicos proporcionen un informe de pruebas de un organismo de evaluación de la conformidad o un certificado expedido por este último, como medio de prueba del cumplimiento de las prescripciones técnicas exigidas, o de los criterios de adjudicación o de las condiciones de ejecución del contrato.

Cuando los órganos de contratación exijan la presentación de certificados emitidos por un organismo de evaluación de la conformidad determinado, los certificados de otros organismos de evaluación de la conformidad equivalentes también deberán ser aceptados por aquellos.

A efectos de lo dispuesto en esta Ley, se entenderá por «organismo de evaluación de la conformidad» aquel que desempeña actividades de calibración, ensayo, certificación e inspección, y que están acreditados de conformidad con el Reglamento (CE) n.º 765/2008, del Parlamento Europeo y del Consejo.

Supletoriamente los órganos de contratación deberán aceptar otros medios de prueba adecuados que no sean los contemplados en el apartado primero, como un informe técnico del fabricante, cuando el empresario de que se trate no tenga acceso a dichos certificados o informes de pruebas ni la posibilidad de obtenerlos en los plazos fijados, siempre que la falta de acceso no sea por causa imputable al mismo y que este sirva para demostrar que las obras, suministros o servicios que proporcionará cumplen con las prescripciones técnicas, los criterios de adjudicación o las condiciones de ejecución del contrato, según el caso.

En relación co Lote 3, publicar na plataforma de contratación do Sector Público as puntuacións totais e elevar informe–proposta ao órgano de contratación para que adopte a seguinte Resolución:

Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	FERGIL AUTO S.L.U.	98,21 puntos
2	IBERICAR GESTOSO S.L.	60,59 puntos

Requirir á empresa FERGIL AUTO S.L.U., que obtivo a maior puntuación, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

De conformidade co previsto na cláusula segunda do PCAP, apartado 1, cada lote constituirá un único contrato, de modo que é susceptible de adxudicación independente. No caso de xurdiren incidencias ou demoras na tramitación da adxudicación dalgún dos lotes poderá continuar a tramitación dos restantes, incluída a adxudicación, licitación e comezo da prestación.

O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59

apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011), aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018; nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

Polo que vai dito, e en base ao establecido no artigo 150.2 da LCSP e na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, propónse que polo Sr. Presidente da Excm. Deputación de Lugo se acepte a proposta feita pola mesa de contratación con data 22 de outubro do 2018 e consecuentemente se adopte a seguinte resolución, en relación coas prestacións do lote 3:

Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	FERGIL AUTO S.L.U.	98,21 puntos
2	IBERICAR GESTOSO S.L.	60,59 puntos

Requirir á empresa FERGIL AUTO S.L.U., que obtivo a maior puntuación para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas:

O día 03 de decembro de 2018, a Presidencia procedeu a requirir á empresa FERGIL AUTO, S.L.U. a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e segundo o disposto na cláusula décimo sétima do PCAP. En base á amentada resolución, o Servizo de Contratación e Fomento cursou o pertinente requirimento por medio de correo electrónico na data do 05 de decembro de 2018.

A empresa FERGIL AUTO S.L.U. atendeu correctamente en tempo e forma ao requirimento efectuado (registro de entrada número 33949 do día 17 de decembro de 2018 e número 35045 do 27 de decembro de 2018 unha vez cursado requirimento de subsanación.).

Por Resolución de Presidencia de data 28 de decembro de 2018 aprobouse a exclusión da oferta presentada pola empresa IBERICAR S.L. para o lote I da contratación por lotes da subministración de 18 vehículos para o parque móbil provincial e recollida de vehículos usados e a declaración de deserto dos lotes I e II.

Tendo en conta o establecido na cláusula segunda do PCAP, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación dos pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas e á adxudicación e nos restantes actos procedimentais o órgano competente será a Presidencia, en virtude do establecido no art.59, apartados 8 e 12 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011, aplicable de acordo coa circular da Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº.170 do 26 de xullo 2018.

(...)"

En base ao que vai dito, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa FERGIL AUTO, S.L.U., o contrato de adquisición de cinco vehículos eléctricos cos seus correspondentes puntos de recarga e recollida de cinco vehículos usados relacionados no PPT (Lote 3), por importe de 128.899,00 euros, aos que se engadirán 27.068,79 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 155.967,79 euros; comprometéndose a aboar á Deputación Provincial de Lugo a cantidade de 10.990 euros (sen IVE), polos vehículos usados, sendo o prazo máximo de entrega e de recollida dos vehículos de 90 días. O contratista virá obrigado ao cumprimento íntegro da súa oferta económica presentada en relación aos criterios obxecto de adxudicación que se recollen a continuación (incorporado ao expediente), que terán carácter contractual, ao igual que os pregos de condicións reitores, que deberá igualmente cumprir.

-Incrementar o prazo mínimo de garantía en pezas e man de obra en 60 meses, que se sumarán ao prazo mínimo de garantía de 24 meses.

-Incrementar o prezo mínimo de recollida dos vehículos usados do lote en 290 euros, que se suman ao importe mínimo fixado de 10.700 euros.

-Reducir o prazo máximo de entrega dos vehículos novos e de recollida dos usados en 30 días, que se restan ao prazo fixado como máximo de 120 días.

-Dispoñer de neumáticos altamente eficientes en canto ao consumo de combustibles (clases C ou superior).

-Dispoñer dun sistema de freada rexenerativa.

-Dispoñer dun sistema automático de monitorización da presión das rodas (TPMS).

-Incrementar o número de puntos de recarga a instalar no lugar que determine a Administración, sen coste para esta en 2 puntos de recarga a maiores dos 5 mínimos esixidos.

-Dispoñer dun indicador de eficiencia para vehículos eléctricos.

2º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 221.1.f) da LCSP, e polo tanto terá esta condición as seguintes obrigas:

-Entregar a subministración no prazo ofrecido na súa proposición ou, de non ofertar mellora no prazo de entrega, no prazo máximo de 120 días.

-Cumprir co incremento do prazo de garantía, por encima do establecido como mínimo neste PCAP.

-Cumprir coas melloras das características técnicas ofrecidas, por riba das establecidas no prego de prescricións técnicas.

-A empresa adxudicataria cumprira rigorosamente as súas obrigas de afiliación e cotización á Seguridade Social de todo o persoal que intervéñ nesta contratación. A estes efectos, terá a obriga

de acreditar que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social e no pagamento dos salarios do persoal adscrito á execución do contrato, a cuxo fin debe aportar declaración responsable de cumprir con todas e cada unha destas obrigas. A Administración resérvase a facultade de solicitar os TC1 e as nóminas deste persoal e a transferencia bancaria, como medio de acreditar o pagamento. A comprobación do exposto corresponde ao responsable do contrato asistido, se o estima necesario, polo Servizo de Contratación e Fomento.

-Remitir ao Órgano de Contratación e ao responsable do contrato, no prazo máximo de 10 días contados a partir do seguinte á sinatura da acta de inicio, a cadea de mando da empresa e o interlocutor responsable por parte da adxudicataria.

3º.- O prazo máximo de entrega dos vehículos novos e de recollida dos usados será de 90 días. O prazo máximo de entrega e instalación dos puntos de recarga será tamén de 120 días. Este prazo empezará a contar a partir da sinatura do contrato administrativo. Non se prevé a prórroga contractual, salvo a excepción feita para atrasos ou demoras.

4º.- A financiación da cantidade de 155.967,79 euros correspondentes á anualidade do 2018. Os créditos precisos para este contrato financiaranse con cargo ao orzamento xeral.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Adxudicación do contrato menor expediente CMP2018/000417.*

Tras ver a proposta do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, a teor do seguinte texto:

“En relación coas propostas de diferentes unidades administrativas, relativas á tramitación de contratos menores, procede:

Segundo o artigo 25.1 “Contratos Administrativos” da LCSP: “Terán carácter administrativo os contratos seguintes, sempre que se celebren por unha Administración Pública: a) Os contratos de obra, concesión de obra, concesión de servizos, subministración e servizos. (...)”.

Tendo en conta o artigo 73, do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, o correspondente expediente de contratación iníciase correctamente, figurando neste a documentación mencionada no informe do servizo de contratación. Así mesmo, motívase a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 e 118.1 da LCSP.

En base ao artigo 118.1 do citado corpo legal, determínase que “Considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos ou subministracións centralizados no ámbito estatal. Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Así mesmo requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.”

Por outra banda, no punto 3 do artigo 118 determínase que: “No expediente xustificárase que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non subscribiu máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo. O órgano de contratación comprobará o cumprimento de dita regra. (...)”.

O artigo 99 “Obxecto do contrato” da LCSP determina que:

“O obxecto dos contratos do sector público deberá ser determinado. O mesmo poderase definir en atención as necesidades ou funcionalidades concretas que se pretenden satisfacer, sen cerrar o obxecto do contrato a unha solución única. En especial, definiranse deste modo en aqueles contratos nos que se estime que poden incorporarse innovacións tecnolóxicas, sociais ou

ambientais que melloren a eficiencia e sustentabilidade dos bens, obras ou servizos que se contraten.

Non poderá fraccionarse un contrato coa finalidade de diminuír a contía do mesmo e eludir así os requisitos de publicidade ou os relativos ó procedemento de adxudicación que correspondan.

Sempre que a natureza ou o obxecto do contrato o permitan, deberá preverse a realización independente de cada unha das súas partes mediante a súa división en lotes, podéndose reservar lotes de conformidade co disposto na disposición adicional cuarta.

Non obstante o anterior, o órgano de contratación poderá dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse debidamente no expediente, salvo nos casos de contratos de concesión de obras. (...)”.

Na base 17ª de execución do orzamento xeral da Deputación Provincial de Lugo para 2018, establece os criterios para a tramitación de contratos menores.

O artigo 72 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Público, dispón que “ nos contratos menores poderá facer as veces de documento contractual a factura pertinente, ... En todo caso, a factura deberá conter as seguintes mencións:

- a) Número.
- b) Nome e apelido ou denominación social, nº de identificación fiscal e domicilio do expedidor.
- c) Órgano que celebra o contrato.
- d) Descrición do obxecto do contrato, con expresión do servizo ao que vaia destinado.
- e) Prezo do contrato.
- f) Lugar e data da súa emisión.
- g) Firma do funcionario que acredite a recepción...”.

O artigo 131.3 da LCSP estipula que: “Os contratos menores poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.”

No caso de existir subcontratación, deberá de cumprirse o estipulado no artigo 215 da LCSP, referente á subcontratación

Á vista da documentación incorporada ao expediente por parte de Intervención, concretamente o listado das operacións definitivas e pendentes de aprobación no período do exercicio orzamentario de 2019, non consta neste servizo a aprobación de ningún outro contrato menor na que as empresas propostas resultasen adxudicatarias. Polo que, queda xustificado no expediente que non se altera o obxecto contractual para evitar a aplicación das regras xerais de contratación e, así mesmo, que o contratista non subscribiu individual ou conxuntamente, contratos menores que iguallen ou superen a cifra de 15.000,00 € de valor estimado.

Segundo se detallan nos informes do órgano de contratación, consta motivada a necesidade dos contratos, de acordo co estipulado nos artigos 28 e 118.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/21/UE, de 26 de febreiro de 2014.

O prazo de vixencia dos contratos será como máximo dun ano, a contar dende a súa aprobación, tal e como se establece no artigo 29.8 da LCSP.

Polo anteriormente exposto, e visto informe do Servizo de Intervención relativo á existencia de crédito orzamentario suficiente, proponse que pola Presidencia se adopten as seguintes resolucións:

Proceder á aprobación do procedemento de contratación como gasto anticipado segundo establece o artigo 117.2 en relación coa D.A. 3ª.2 da LCSP e a base 18ª de execución do orzamento xeral, quedando supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira e adxudicar a execución dos

seguintes contratos menores, relativos ás unidades administrativas, polos importes e adxudicatarios que a continuación se relacionan:

Nº Expte.	Unidade Administrativa	Obxecto	Prezo con IVE	Tipo contrato	Adxudicatario
CMP2018/000417	Gabinete de Presidencia	Subscrición Xornal La Voz de Galicia, edición Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019	1.179,00 €	Privado (cualificación como subministración)	LA VOZ DE GALICIA, SA
	Secretaría Xeral	Subscrición ao Xornal La Voz de Galicia, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019	393,00 €		
	Goberno Interior e Relacións Institucionais	Subscrición Xornal La Voz de Galicia, edición Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019	1.179,00 €		
	Comunicación	Subscrición ao Xornal La Voz de Galicia, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019	393,00 €		
	Cultura	Subscrición Xornal La Voz de Galicia, edición Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019	1.179,00 €		
	Turismo	Subscrición ao Xornal La Voz de Galicia, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019	393,00 €		



	Centro de Artesanía e Deseño	Subscrición Xornal La Voz de Galicia, edición Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019	1.179,00 €		
	Medio Ambiente	Subscrición Xornal La Voz de Galicia, edición Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019	1.179,00 €		
	Relacións Institucionais	Subscrición ao Xornal La Voz de Galicia, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019	393,00 €		
	Deportes	Subscrición Xornal La Voz de Galicia, edición Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019	1.179,00 €		
	RR.HH	Subscrición ao Xornal La Voz de Galicia, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019	393,00 €		
	Promoción Económica e Social	Subscrición ao Xornal La Voz de Galicia, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019	393,00 €		
	Rede Museística	Subscrición ao Xornal La Voz de Galicia, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019	393,00 €		
	Parque Móbil	Subscrición ao Xornal La Voz de Galicia, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019	393,00 €		

	Servizo Audiovisuais	Subscrición ao Xornal La Voz de Galicia (dous exemplares), desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019	786,00 €		
	Unidade de Apoio, Coordinación e Xestión Territorial	Subscrición ao Xornal La Voz de Galicia, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019	393,00 €		
	Comité de Empresa e Xunta de Persoal	Subscrición ao Xornal La Voz de Galicia, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019	393,00 €		

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- Adxudicación do contrato menor expediente CMP2018/000418

Tras ver a proposta do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, a teor do seguinte texto:

“En relación coas propostas de diferentes unidades administrativas, relativas á tramitación de contratos menores, procede:

Segundo o artigo 25.1 “Contratos Administrativos” da LCSP: “Terán carácter administrativo os contratos seguintes, sempre que se celebren por unha Administración Pública: a) Os contratos de obra, concesión de obra, concesión de servizos, subministración e servizos. (...).

Tendo en conta o artigo 73, do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, o correspondente expediente de contratación iníciase correctamente, figurando neste a documentación mencionada no informe do servizo de contratación. Así mesmo, motívase a necesidade do contrato nos termos previstos non artigo 28 e 118.1 da LCSP.

En base ao artigo 118.1 do citado corpo legal, determínase que “Considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos ou subministracións centralizados no ámbito estatal. Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Así mesmo requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.”

Por outra banda, no punto 3 do artigo 118 determínase que: “No expediente xustificárase que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non subscribiu máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo. O órgano de contratación comprobará o cumprimento de dita regra. (...)”.

O artigo 99 “Obxecto do contrato” da LCSP determina que:

“O obxecto dos contratos do sector público deberá ser determinado. O mesmo poderase definir en atención as necesidades ou funcionalidades concretas que se pretenden satisfacer, sen cerrar o obxecto do contrato a unha solución única. En especial, definiranse deste modo en aqueles contratos nos que se estime que poden incorporarse innovacións tecnolóxicas, sociais ou ambientais que melloren a eficiencia e sustentabilidade dos bens, obras ou servizos que se contraten.

Non poderá fraccionarse un contrato coa finalidade de diminuír a contía do mesmo e eludir así os requisitos de publicidade ou os relativos ó procedemento de adxudicación que correspondan.

Sempre que a natureza ou o obxecto do contrato o permitan, deberá preverse a realización independente de cada unha das súas partes mediante a súa división en lotes, podéndose reservar lotes de conformidade co disposto na disposición adicional cuarta.

Non obstante o anterior, o órgano de contratación poderá dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse debidamente no expediente, salvo nos casos de contratos de concesión de obras. (...)”.

Na base 17ª de execución do orzamento xeral da Deputación Provincial de Lugo para 2018, establece os criterios para a tramitación de contratos menores.

O artigo 72 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Público, dispón que “ nos contratos menores poderá facer as veces de documento contractual a factura pertinente, ... En todo caso, a factura deberá conter as seguintes mencións:

- a) Número.
- b) Nome e apelido ou denominación social, nº de identificación fiscal e domicilio do expedidor.
- c) Órgano que celebra o contrato.
- d) Descrición do obxecto do contrato, con expresión do servizo ao que vaia destinado.
- e) Prezo do contrato.
- f) Lugar e data da súa emisión.
- g) Firma do funcionario que acredite a recepción...”.

O artigo 131.3 da LCSP estipula que: “Os contratos menores poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.”

No caso de existir subcontratación, deberá de cumprirse o estipulado no artigo 215 da LCSP, referente á subcontratación

Á vista da documentación incorporada ao expediente por parte de Intervención, concretamente o listado das operacións definitivas e pendentes de aprobación no período do exercicio orzamentario de 2019, non consta neste servizo a aprobación de ningún outro contrato

menor na que as empresas propostas resultasen adxudicatarias. Polo que, queda xustificado no expediente que non se altera o obxecto contractual para evitar a aplicación das regras xerais de contratación e, así mesmo, que o contratista non subscribiu individual ou conxuntamente, contratos menores que iguallen ou superen a cifra de 15.000,00 € de valor estimado.

Segundo se detallan nos informes do órgano de contratación, consta motivada a necesidade dos contratos, de acordo co estipulado nos artigos 28 e 118.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/21/UE, de 26 de febreiro de 2014.

O prazo de vixencia dos contratos será como máximo dun ano, a contar dende a súa aprobación, tal e como se establece no artigo 29.8 da LCSP.

Polo anteriormente exposto, e visto informe do Servizo de Intervención relativo á existencia de crédito orzamentario suficiente, propónse que pola Presidencia se adopten as seguintes resolucións:

1º.- Proceder á aprobación do procedemento de contratación como gasto anticipado segundo establece o artigo 117.2 en relación coa D.A. 3ª.2 da LCSP e a base 18ª de execución do Orzamento Xeral, quedando supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira e adxudicar a execución dos seguintes contratos menores, relativos ás unidades administrativas, polos importes e adxudicatarios que a continuación se relacionan:

Nº Expte.	Unidade Administrativa	Obxecto	Prezo con IVE	Tipo contrato	Adxudicatario
CMP2018/000418	Gabinete de Presidencia	Subscripción ao Xornal El Progreso de Lugo desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019	385,00 €	Privado (cualificación como subministración)	EL PROGRESO DE LUGO, SL
	Secretaría Xeral	Subscripción ao Xornal El Progreso de Lugo, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019	385,00 €		

Nº Expte.	Unidade Administrativa	Obxecto	Prezo con IVE	Tipo contrato	Adxudicatario
	Goberno Interior e Relacións Institucionais	Subscrición Xornal La El Progreso de Lugo, edición Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019	385,00 €		
	Cultura	Subscrición Xornal La El Progreso de Lugo, edición Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019	385,00 €		
	Turismo	Subscrición ao Xornal El Progreso de Lugo, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019	385,00 €		
	Centro de Artesanía e Deseño	Subscrición Xornal La El Progreso de Lugo, edición Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019	385,00 €		
	Medio Ambiente	Subscrición Xornal La El Progreso de Lugo, edición Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019	385,00 €		
	Relacións Institucionais	Subscrición ao Xornal El Progreso de Lugo, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019	385,00 €		
	Deportes	Subscrición Xornal La El Progreso de Lugo, edición Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019	770,00 €		
	RR.HH	Subscrición ao Xornal El Progreso de Lugo, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019	385,00 €		
	Promoción Económica e Social	Subscrición ao Xornal El Progreso de Lugo, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019	385,00 €		
	Rede Museística	Subscrición ao Xornal El Progreso de Lugo, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019	385,00 €		



Nº Expte.	Unidade Administrativa	Obxecto	Prezo con IVE	Tipo contrato	Adxudicatario
	Parque Móbil	Subscrición ao Xornal El Progreso de Lugo, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019	385,00 €		
	Servizo Audiovisuais	Subscrición ao Xornal El Progreso de Lugo (dous exemplares), desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019	770,00 €		
	Unidade de Apoio, Coordinación e Xestión Territorial	Subscrición ao Xornal El Progreso de Lugo, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019	385,00 €		
CMP2018/000420	Servizo Audiovisuais	Mantemento do programa de contabilidade de Glasof desde o 1 de xaneiro de 2019 ao 31 de decembro de 2019	Servizo	401,72€	GLASOF INFORMÁTICA, SL .

2º.- Proceder á aprobación do procedemento de contratación, autorizar o gasto e adxudicar a execución dos seguintes contratos menores, relativos ás unidades administrativas, polos importes e adxudicatarios que a continuación se relacionan:

Nº Expte.	Unidade Administrativa	Obxecto	Tipo contrato	Prezo con IVE	Adxudicatario
CMP2018/000421	Servizo Publicacións	Traballos de maquetación e deseño de axenda da Deputación Provincial 2019 dedicada a instrumentos musicais medievais e á colección de instrumentos musicais do Centrad	Servizo	1.502,51€	ERA COMUNICACIÓN, SL
CMP2018/000424	Emprego	Elaboración de traballos da análise e diagnose do centro de agricultura ecolóxica	Servizo	18.070,14 €	PEDRO LUIS LÓPEZ FERNÁNDEZ,

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- Contratación obra no concello de TRABADA.- “Adaptación de cociña da Residencia e Centro de Día”.

Tras ver a proposta do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, a teor do seguinte texto:

“Visto o expediente CM023OB18 tramitado pola Área de Promoción Económica e Social como contrato menor, na modalidade de obra, denominado TRABADA.- Adaptación de cociña da Residencia e Centro de Día, así como o informe do Servizo de Contratación e Fomento que dispón:

En relación coa proposta da Área de Promoción económica e Social, coa conformidade da Presidencia para a contratación de “TRABADA.- Adaptación de Cociña Da Residencia e Centro de Día”, por un importe de 39.991,15€, aos que se engadirán 8.398,14€ en concepto de IVE, o que ascende a un total de 48.389,29 euros, e un prazo de execución de 1 mes, e no que consta a seguinte documentación:

Certificado do acordo da Xunta de Goberno de data 15 de outubro de 2018, relativo á toma en razón da entrega dos resultados da encomenda de xestión á Sociedade Urbanística Provincial de Lugo SA, para a construción dos centros de atención a persoas maiores, no que se indica:

“(…) 1º. Tomar coñecemento dos acordos adoptados polo Consello de Administración de SUPLUSA SA, con data 8 de marzo, 8 de maio e 7 de agosto de 2018 respectivamente, polos que, SUPLUSA SA entrega a esta Deputación Provincial os terreos e edificios destinados a residencias ...

Entender a entrega libre de cargas e gravames e, neste sentido, a reserva de uso tense por no posta. (...)”. Entre outros que constan no certificado de dito acordo incorporado ao expediente.

a) Informe en relación ao equipamento e mobiliario do Centro de atención a persoas maiores do Concello de Trabada, realizado polos técnicos da Deputación Provincial de Lugo, na vista realizada en data 6 de novembro de 2018 conclúen entre outras consideracións que o centro de atención a persoas maiores de Trabada (Cam) non conta con equipamento preciso para levar a cabo(no centro) as prestacións de lavandería e restauración.

b) Memoria, presuposto e condicións particulares, estudo básico de seguridade e saúde, asinada pola Directora da Unidade de Proxectos.

- c) Acta de reformulo previo asinado por D^a Ana Belén Mera Arias, con remisión ao acordo de Xunta de Goberno de 15 de outubro de 2018 sobre a titularidade da edificación.
- d) Informe da área de promoción económica e social relativo as necesidades a satisfacer.
- e) Ofertas e declaracións responsables das empresas presentadas.
- f) Proposta de contratación, asinada pola Xefa do Servizo de Promoción económica e Social, coa conformidade da Presidencia, na que consta o obxecto do contrato que se pretende realizar e a descrición da necesidade da execución da obra, así como as empresas que presentaron oferta e proposta de adxudicación a favor da oferta máis vantaxosa.

Antecedentes: Evolución Lexislativa e Doutrinal

A.- Doutrina De Xuntas Consultivas

1.- A Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado (JCCAE), pronunciouse sobre o fraccionamento dos contratos, entre outros, nos seguintes informes, do seguinte xeito:

- Informe 16/2009:

“O amentado precepto (art. 74.2 LCSP; agora 86.2 do TRLCSP (“actualmente en vigor o artigo 99.2 LCSP”) ha de entenderse como unha norma que ten por obxecto tratar de evitar o fraude legal tendente á elusión da aplicación dos procedementos ordinarios de contratación. Non é a súa finalidade, segundo isto, obrigar a agrupar nun so contrato todas as prestacións que teñan idéntica natureza, salvo que éstas estén dotadas dunha certa unidade de carácter funcional ou operativo, cuxo tratamento contractual por separado redundaría en detrimento da correcta xestión do interese público. Ó facer a afirmación anterior quere dicirse que o obxecto do contrato debe estar integrado por todas aquelas prestacións que estean vinculadas entre si por razón da súa unidade funcional, imposta por unha mellor xestión dos intereses públicos. Elo á súa vez supón que a sensu contrario

cando do tratamento unitario de todas as prestacións se derive un beneficio para o interese público que deba decaer ante un maior beneficio derivado da súa contratación por separado ou cando esta sexa esixencia da necesidade de dar cumprimento a unha disposición legal, a contratación por separado das diferentes prestacións non debe considerarse contraria ó disposto polo artigo 74.2 da Lei “actualmente en vigor o artigo 99.2 LCSP”.

- Informe 2/2012:

“Non debe interpretarse o artigo 86 do TRLCSP “actualmente en vigor o artigo 99 LCSP” como unha obriga de integrar nun so contrato, dous ou mais prestacións, aínda que sexan similares e poidan executarse de modo conxunto, se entre elas non existe un vínculo operativo e é perfectamente posible non soamente contratalas por separado, senon incluso a súa explotación de modo independente: a finalidade pode ser a mesma (...), pero as prestacións conforman contratos diferentes de subministracións e servizos.”

A Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Canarias, no seu informe 1/2010, do 3 de febreiro, sinalou que:

“Existirá un único contrato cando haxa coincidencia de elementos esenciais: suxeito, obxecto e causa, é dicir cando a prestación a realizar para atender unha necesidade haxa de contratarse con un mesmo suxeito, para realizar un mesmo obxecto, e motivado por unha mesma causa.” Concluindo que: “As necesidades de diversos servizos ou subministracións a atender pola Administración deberán ser obxecto dun único contrato ou poderán ser obxecto de distintos contratos, dependendo de que tales servizos ou subministracións deriven dunha mesma causa ou, polo contrario, teñan por causa finalidades ou circunstancias distintas.

En relación coa LCSP/2017, existen informes tanto da Xunta consultiva de contratación pública do estado como de Xuntas consultivas das comunidades autónomas de Aragón, Madrid e de Galicia. A Xunta Consultiva de Contratación de Galicia, no seu Informe 1/2018, de 25 de abril de 2018, sobre interpretación do apartado 3º do artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, interpreta (entre outras cousas) o artigo 118.3 do seguinte xeito:

“En conclusión, polas razóns expostas, a xuízo desta Xunta Consultiva e de acordo co manifestado pola JCCA do Estado, a interpretación correcta do artigo 118.3 sería a de entender que no expediente de contratación do contrato menor debe xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que, polo tanto, o contratista non subscribiu máis contratos menores co mesmo obxecto que, individual ou conxuntamente, superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo.”

Por outra banda, no tocante ó ámbito temporal, a Xunta Consultiva de Contratación de Galicia, no amentado informe, pronúnciase como segue:

“Con carácter xeral, partindo da base de que os contratos menores se executen no ano natural, parece axeitado que o período temporal que debe ter en conta a Administración e as entidades do sector público sexa o indicado exercicio orzamentario. A maiores, considerando que as actividades de control previstas na normativa orzamentaria e contractual están sempre referidas ó exercicio orzamentario, este órgano consultivo inclínase por esta opción.”

A Deputación de Lugo aprobou en sesión ordinaria da Xunta de Goberno en data 20 de abril de 2018 unha instrución para a aplicación da Lei 9/2017, de novembro, de contratos doo sector público (LCSP), tomando como orientación os informes da Xunta Consultiva de Aragón, e un informe da Secretaría Xeral desta Deputación, en cuxa parte dispositiva, entre outros recolle: “O límite cuantitativo dos contratos menores debe rexer en función do obxecto do contrato, entendido como tal, en relación aos contratos que teñan a consideración de menores, a tipoloxía de contratos que a lei establece en función do seu obxecto: contratos de obras, contratos de servizos, contratos de subministracións, debendo computar o límite de contía en cada un dos posibles obxectos de contrato para cada operador económico.

O límite temporal no que ha de constatarase o período de acumulación a efectos de incompatibilidade para a contratación, será o do ano natural. No caso do presente exercicio hase de computar as contratacións efectuadas dende o día 1 de xaneiro data de entrada en vigor do orzamento para 2018.

Tanto no ámbito do obxecto como no temporal, a constatación dos límites establecidos, ha de facerse tendo en conta o carácter de suxeito único da Deputación, polo que non procede diferenciar contratos en función dos servizos que os xestionen ou propoñan nin dos órganos competentes para a súa aprobación.”

Polo tanto, esta instrución, na liña dos informes da Xunta Consultiva de Aragón e da Comunidade de Madrid, é mais restritiva ca posición da Xunta Consultiva de Galicia e a Estatal, por exemplo o informe 41/2007 da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, posto que os límites son:

- ✓ por operador económico
- ✓ polo tipo de contrato (obras, servizos e subministracións)
- ✓ por límite cuantitativo de cada tipo de contrato

De tal forma que, con esta mecánica, garántese que non se altera o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación.

A instrución da Deputación de Lugo impide que en períodos anuais, cada operador económico sexa adxudicatario de contratos, por importe superior aos límites cuantitativos correspondentes a cada tipo de contrato, polo que non hai fraude ás regras xerais de contratación que é o fin teleolóxico do artigo 118.3.

Visto canto antecede, polo que subscribe, informase:

Trátase dun contrato de obras regulado no artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014 (en diante LCSP), que establece que:

“Son contratos de obras aqueles que teñen por obxecto un dos seguintes:

a) A execución dunha obra, illada ou conxuntamente coa redacción do proxecto, ou a realización de algún dos traballos enumerados en el Anexo I.

b) A realización, por calquera medio, dunha obra que cumpra os requisitos fixados pola entidade do sector público contratante que exerza una influencia decisiva no tipo ou o proxecto da obra.

Por «obra» entenderase o resultado dun conxunto de traballos de construción ou de enxeñeira civil, destinado a cumprir por si mesmo unha función económica ou técnica, que teña por obxecto un ben inmovible.

Tamén se considerará «obra» a realización de traballos que modifiquen a forma ou sustancia do terreo ou do seu voo, ou de mellora do medio físico ou natural.

Os contratos de obras referiranse a unha obra completa, entendendo por esta a susceptible de ser entregada ao uso xeral ou ao servizo correspondente, sen prexuízo das ampliacións de que posteriormente poida ser obxecto e comprenderá todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a utilización da obra.

Non obstante ao anterior, poderán contratarse obras definidas mediante proxectos independentes relativos a cada unha das partes dunha obra completa, sempre que estas sexan susceptibles de utilización independente, no sentido do uso xeral ou do servizo, ou poidan ser substancialmente definidas e preceda autorización administrativa do órgano de contratación que funde a conveniencia da referida contratación.

Poderanse celebrar contratos de obras sen referirse a unha obra completa nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 30 da presente Lei cando a responsabilidade da obra completa corresponda á Administración por tratarse dun suposto de execución de obras pola propia Administración Pública. (...)”.

Consta xustificado no expediente a cualificación como un contrato de obras, en informe da Unidade de Obras de 20 decembro de 2018, coherente co establecido no citado Artigo 13 LCSP, en

relación co anexo I da mesma Lei, como instalacións nunha edificación, do grupo 45.3 dese anexo no que se remite o Art. 13 LCSP.

Segundo o artigo 25.1 “Contratos Administrativos” da LCSP: “Terán carácter administrativo os contratos seguintes, sempre que se celebren por unha Administración Pública: a) Os contratos de obra, concesión de obra, concesión de servizos, subministración e servizos. (...).

Tendo en conta o artigo 73, do Real Decreto 1.098/2.001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, o correspondente expediente de contratación iníciase pola administración, figurando neste a documentación anteriormente mencionada, así como o presente informe. Así mesmo, motívase a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 e 118.1 da LCSP.

En base ao artigo 118.1 do citado corpo legal, determínase que “Considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos ou subministracións centralizados no ámbito estatal. Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Así mesmo requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.”

Por outra banda, no punto 3 do artigo 118 determínase que: “No expediente xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non subscribiu máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo. O órgano de contratación comprobará o cumprimento de dita regra. (...)”.

O artigo 99 “Obxecto do contrato” da LCSP determina que:

“O obxecto dos contratos do sector público deberá ser determinado. O mesmo poderase definir en atención as necesidades ou funcionalidades concretas que se pretenden satisfacer, sen

cerrar o obxecto do contrato a unha solución única. En especial, definiranse deste modo en aqueles contratos nos que se estime que poden incorporarse innovacións tecnolóxicas, sociais ou ambientais que melloren a eficiencia e sustentabilidade dos bens, obras ou servizos que se contraten.

Non poderá fraccionarse un contrato coa finalidade de diminuír a contía do mesmo e eludir así os requisitos de publicidade ou os relativos ó procedemento de adxudicación que correspondan.

Sempre que a natureza ou o obxecto do contrato o permitan, deberá preverse a realización independente de cada unha das súas partes mediante a súa división en lotes, podéndose reservar lotes de conformidade co disposto na disposición adicional cuarta.

Non obstante o anterior, o órgano de contratación poderá dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse debidamente no expediente, salvo nos casos de contratos de concesión de obras. (...)”.

Así mesmo, a base 17ª de execución do orzamento xeral da Deputación Provincial de Lugo para 2018, establece os criterios para a tramitación de contratos menores.

O artigo 72 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Público, dispón que “ nos contratos menores poderá facer as veces de documento contractual a factura pertinente, ... En todo caso, a factura deberá conter as seguintes mencións:

- a) Número.
- b) Nome e apelido ou denominación social, nº de identificación fiscal e domicilio do expedidor.
- c) Órgano que celebra o contrato.
- d) Descrición do obxecto do contrato, con expresión do servizo ao que vaia destinado.
- e) Prezo do contrato.
- f) Lugar e data da súa emisión.
- g) Firma do funcionario que acredite a recepción...”.

O artigo 131.3 da LCSP estipula que: “Os contratos menores poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.”

No expediente consta xustificación da necesidade de acordo coa información aportada pola da Área de Promoción Económica e Social, de data 27 de decembro de 2018, así como informe do servizo no que se xustifica a necesidade desta contratación, polo que consta motivada a necesidade do contrato, no que indica: “ “O servizo de preparación de comida será realizado dende o propio centro, tal e como consta nos pregos para a contratación de prestacións a persoas maiores nos centros de Trabada e Ribadeo, polo que é imprescindible o equipamento do local de cociña existente, o cal non está equipado e preparado adecuadamente para levar a cabo esta tarefa”

O Servizo de Contratación e Fomento non interveu na solicitude de ofertas, se ben, pola unidade promotora apórtanse tres orzamentos e malia que na práctica desta administración, vense recomendando a solicitude de ofertas no perfil do contratante, o Servizo de contratación respecta o criterio do servizo propoñente da contratación, con tal de cumprir o establecido na LCSP, e ponderando que as Bases de Execución do orzamento non establecen o deber de efectuar publicación no perfil.

Segundo se detalla no informe de intervención, referente á empresa COMERCIAL JELU SL, coa que se pretende adxudicar o contrato TRABADA.- Adaptación de Cociña da Residencia e Centro de Día, non existen outros contratos menores dende o 01/01/2018 que individualmente e/ou conxuntamente iguale ou supere o límite cuantitativo segundo o tipo de contrato.

O expediente tramitado na modalidade de contratación e gasto anticipado, consonte ao establecido no Art. 117-2 e Disposición Adicional 3ª LCSP coa condición suspensiva de consolidación dos créditos comprometidos.

Á vista da documentación incorporada ao expediente consta, en consecuencia, xustificado que non se altera o obxecto contractual para evitar a aplicación das regras xerais de contratación e,

así mesmo, que o contratista non subscribiu individual ou conxuntamente, contratos menores que iguallen ou superen o límite económico de 40.000,00 euros de valor estimado, fixado pola LCSP para este tipo de contratos.

Así mesmo segundo se detalla na proposta de data 27 de decembro de 2018 da área de Promoción económica e social: “... trátase dunha obra completa que permitirá a elaboración das comidas na propia residencia, non alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais da contratación”

En consecuencia, con fundamentación no exposto nos apartados precedentes, e no expediente, está xustificado que para a contratación destas prestacións non se altera o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación.

No caso de existir subcontratación deberá de cumprirse o estipulado no artigo 215 da LCSP, referente á subcontratación.

Segundo se detalla no informe do órgano de contratación, de data 31 de decembro de 2018, consta motivada a necesidade do contrato, de acordo co estipulado nos artigos 28 e 118.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro (LCSP).

Polo que vai dito, e sempre que exista previa confirmación por parte de Intervención da existencia de consignación orzamentaria suficiente, proponse que polo Sr. Presidente se adopten as seguintes resolucións:

Proceder á aprobación do procedemento para a contratación da obra de TRABADA.- Adaptación de Cociña da Residencia e Centro de Día, na modalidade de contratación e gasto anticipado de acordo co previsto no Art. 117-2 e Disposición Adicional 3ª da LCSP, dado que a prestación contratada comezará a executarse no exercicio de 2019. A adxudicación queda suxeita a condición suspensiva da efectiva consolidación dos créditos comprometidos para o exercicio de 2019, no importe de 48.340,32 €

Adxudicar a execución da obra de TRABADA.- Adaptación de Cociña da Residencia e Centro de Día, á mercantil COMERCIAL JELU SL, por importe de 39.950,68€ aos que se engadirán 8.389,64€ en concepto de IVE, o que ascende a un total de 48.340,32 euros, e un prazo de execución de 1 mes, de conformidade coas características técnicas recollidas no proxecto e na proposta da empresa.

Determinar que a execución da prestación se levará a cabo unha vez se dispoña das chaves do edificio data desde o que se contará o prazo de 1 mes de prazo de execución.

Determinar que, no caso de ser necesaria licenza ou comunicación previa, autorizacións ou concesións administrativas para a súa execución, haberá que proverse delas antes da iniciación das obras.

Determinar que o adxudicatario cumprirá co estipulado no artigo 215 da LCSP, referente á subcontratación.

Tendo en conta que, pola Intervención, emitíuse informe de data 31 de decembro de 2018, respecto da existencia de crédito orzamentario suficiente na aplicación 2315622, para a realización do presente contrato, propónse, que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.- Proceder á aprobación do procedemento para a contratación da obra de TRABADA.- Adaptación de Cociña da Residencia e Centro de Día, na modalidade de contratación e gasto anticipado de acordo co previsto no Art. 117-2 e Disposición Adicional 3ª da LCSP, dado que a prestación contratada comezará a executarse no exercicio de 2019. A adxudicación queda suxeita a condición suspensiva da efectiva consolidación dos créditos comprometidos para o exercicio de 2019, no importe de 48.340,32 €

2º.- Adxudicar a execución da obra de TRABADA.- Adaptación de Cociña da Residencia e Centro de Día á mercantil COMERCIAL JELU SL, por importe de 39.950,68€ aos que se engadirán 8.389,64€ en concepto de IVE, o que ascende a un total de 48.340,32 euros, e un prazo de execución de 1 mes, de conformidade coas características técnicas recollidas no proxecto e na proposta da empresa.

3º.- Determinar que a execución da prestación se levará a cabo unha vez se dispoña das chaves do edificio, data desde o que se contará o prazo de 1 mes de prazo de execución.

4º.- Determinar que, no caso de ser necesaria licenza ou comunicación previa, autorizacións ou concesións administrativas para a súa execución, haberá que proverse delas antes da iniciación das obras.

5º.- Determinar que o adxudicatario cumprirá co estipulado no artigo 215 da LCSP, referente á subcontratación”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Quinto.- *Execución do contrato de patrocinio publicitario deportivo de equipos de máximas categorías estatais de fútbol e baloncesto co fin de promocionar a marca A Deputación de Lugo co deporte ou calquera outra marca/imaxe/mensaxe da Deputación de Lugo/provincia de Lugo. Equipo Deportivo: Club Baloncesto Breogán S.A.D. Categoría: Liga LEB Ouro. Disciplina: Baloncesto.*

Tras ver a proposta do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, a teor do seguinte texto:

“Antecedentes

1. Escrito do CB Breogán de data 27 de novembro do 2018
2. Informe do Servizo de Deportes de data 4 decembro do 2018

Lexislación aplicable e informes manexados

- Disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.(en diante TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).
- Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014 , sobre contratación pública.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. (LPAC).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 34/1988, do 11 de novembro, Xeneral de Publicidade
- Real Decreto do 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil.
- Informe 13/2012, do 11 de xullo, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Aragón.

Solicitado informe a este Servizo no que respecta á execución do contrato de patrocinio publicitario deportivo de equipos de máximas categorías estatais de fútbol e baloncesto co fin de promocionar a marca a Deputación de Lugo co deporte ou calquera outra marca/imaxe/mensaxe da Deputación de Lugo /provincia de Lugo. Equipo deportivo: Club Baloncesto Breogán S.A.D. Categoría: Liga LEB ouro. Disciplina: baloncesto, tal e como se sinala no informe do Xefe de Servizo de Deportes de data 4/12/2018, cómpre facer mención ás seguintes

Consideracións técnico- administrativas

Con data 4/12/2018, o Xefe de Servizo de Deportes, responsable do contrato tras a solicitude presentada polo adxudicatario (CB BREOGÁN SAD), con data 27/11/2018 emite informe que na súa parte conclusiva sinala:

“Polo exposto, a xuízo de quen asina, e a expensas do indicado e dos informes que procedan considerárase que a solicitude formulada por CB BREOGÁN SAD, de entrega de entradas relativas a partidos da LIGA ACB a entregar dentro do prazo de execución do contrato e que se disputarían mes de xaneiro de 2019, encaixaría dentro do obxecto do contrato de patrocinio publicitario deportivo de equipos de máximas categorías de fútbol e baloncesto con fin de promocionar a marca “A Deputación de Lugo co deporte”, ou calquera outra marca/imaxe/mensaxe da Deputación de Lugo/provincia de Lugo. Equipo deportivo: Club Baloncesto Breogán SAD. Categoría:Liga LEB OURO. Disciplina: Baloncesto, dado que incidiría na transmisión social da actuación da Deputación como administración comprometida coa extensión e promoción do deporte, co deporte de base, e así mesmo co deporte escolar.

O encaixe indicado e valoración favorable da referida solicitude, realízase e enténdese sen menoscabo da súa obrigada xustificación no momento de presentación da documentación acreditativa que deberá acompañar á respectiva factura e sempre que se acredite suficientemente a achega de entradas a distintos colectivos dentro do prazo previsto e indicado na solicitude e que se realiza do xeito previsto no prego de condicións técnicas (Anexo I, apartado 3), tendo en conta que a entrega se debería realizar dentro do período de execución do contrato e que a entrega de entradas a asociacións e colectivos, -tal e como refería o informe de valoración das accións-, reflectiría a proximidade e vinculación da Deputación co deporte e sería unha ferramenta de achegamento.

O que se informa a fin de remitir a solicitude formulada por CB BREOGAN SAD ao Servizo de Contratación para a emisión do informe que proceda e para os efectos oportunos.”

A cláusula 20 do PCAP dispón que o responsable do contrato “supervisará a súa execución, comprobando que a súa realización se axusta ao establecido no contrato, e cursará ao contratista as

ordes e instrucións do órgano de contratación” “(...) O responsable do contrato será o Xefe do Servizo de Deportes da Excma. Deputación Provincial de Lugo.”

De acordo co previsto na Disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), “Los expedientes de contratación iniciados antes de la entrada en vigor de esta Ley se regirán por la normativa anterior”. Tendo en conta que o expediente iniciouse antes da entrada en vigor da LCSP, é de aplicación o TRLCSP.

E preciso observar aos efectos da execución deste contrato, a natureza xurídica do mesmo. Tal e como dispón a cláusula 3 do PCAP, trátase dun contrato de patrocinio, o cal está regulado na Lei 34/1988, do 11 de novembro, Xeral de Publicidade (en adiante LXP), modificada por Lei 29/2009, do 30 de decembro, pola que se modifica o réxime legal da competencia desleal e da publicidade para a mellora da protección dos consumidores e usuarios, xunto cos contratos de publicidade, de difusión publicitaria e de creación publicitaria. En aplicación do artigo 20.1 e 20.2 do TRLCSP, o contrato cualifícase como contrato privado posto que o patrocinado non é unha empresa adicada aos servizos publicitarios, o que exclúe a posibilidade de consideralo como un contrato administrativo de servizos, e tampouco pode ser considerado como un contrato administrativo especial, xa que non resulta vinculado ao xiro ou tráfico específico da Administración, nin satisface de forma directa ou inmediata unha finalidade pública da específica competencia daquela. A cláusula 3 do PCAP sinala tamén que este contrato rexerese, en canto á súa preparación e adxudicación, polo TRLCSP, mentres que os seus efectos e extinción réxense polo dereito privado. No que respecta aos seus efectos e extinción, a mencionada cláusula 3 do PCAP sinala textualmente:

“(...) En canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, a orde xurisdiccional competente para resolver as cuestións litixiosas será a orde xurisdiccional civil, así o presente contrato rexerese polas cláusulas comprendidas neste prego, e polas establecidas no prego de prescricións técnicas, polo contrato, polo disposto na Ley 34/1998 - modificada pola Lei 29/2009, de 30 de decembro, pola que se modifica o réxime legal da competencia desleal e da publicidade para a mellora da protección dos consumidores e usuarios-, ou calquera outra que modifique a mencionada, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante, consonte ao establecido no artigo 20.2 do TRLCSP.

A estes efectos, na execución e cumprimento deste contrato (Art. 115.2 do TRLCSP), aplicaranse as determinacións fixadas neste prego de condicións e supletoriamente as previstas no propio TRLCSP para o contrato administrativo de servizos”

En relación a estas cuestión, o Informe 13/2012, do 11 de xullo, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Aragón, incorporado a este expediente e ao que se fai mención no PCAP, refírese á natureza e réxime xurídico do contrato de patrocinio sinalando entre outras cuestións que:

- “(...) Ten por obxecto unha publicidade de carácter indirecto que se deu en chamar «retorno publicitario», e que consiste fundamentalmente en que o patrocinado permite que o patrocinador faga pública a súa colaboración económica na actividade do patrocinado e tamén, se así se estipula, en que o patrocinado realice comportamentos activos con esa mesma finalidade. O patrocinador a cambio goza da notoriedade e da resonancia da actividade que desenvolve o patrocinado, co fin de incrementar entre o público o coñecemento do seu nome ou marca e de favorecer a súa imaxe.

O patrocinado é unha persoa física ou xurídica que non necesariamente ten que desenvolver unha actividade profesional, ao contrario do que ocorre no contrato de publicidade que se concerta cunha axencia publicitaria, ou no contrato de difusión publicitaria, no que o contratista necesariamente é un medio de difusión.”(...)

- (...) O contrato de patrocinio, aínda no caso de ser celebrado por unha Administración Pública, ten a consideración de contrato privado (...)

- (...) Como contrato privado réxese, de acordo co previsto no apartado segundo do artigo 20 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, (en diante TRLCSP), «en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas, pola presente Lei e as súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no

seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante. En canto aos seus efectos e extinción, estes contratos rexeranse polo dereito privado. Con todo, serán de aplicación a estes contratos as normas contidas no Título V do Libro I, sobre modificación dos contratos».

Por tanto a preparación e adxudicación do contrato, ao non existir normas específicas, réxese polo TRLCSP, e a execución do contrato polas normas de dereito privado e en concreto, de acordo co artigo 22 LGP, polos artigos 17 a 19 LGP relativos ao contrato de difusión publicitaria en canto lle resulten aplicables (...)

De acordo co sinalado no parágrafo anterior, compre sinalar o exposto pola LXP nos seus artigos 22 e 17 a 19:

- Artigo 22: “O contrato de patrocinio publicitario é aquel por o que o patrocinado, a cambio dunha axuda económica para a realización da súa actividade deportiva, benéfica, cultural, científica ou doutra índole, comprométese a colaborar na publicidade do patrocinador.”

O contrato de patrocinio publicitario rexerase polas normas do contrato de difusión publicitaria en canto sexanlle aplicables”

- Artigo 17: “Contrato de difusión publicitaria é aquel por o que, a cambio dunha contraprestación fixada en tarifas preestablecidas, un medio obrígase en favor dun anunciante ou axencia a permitir a utilización publicitaria de unidades de espazo ou de tempo dispoñibles e a desenvolver a actividade técnica necesaria para lograr o resultado publicitario”

- Artigo 18: “Se o medio, por causas imputables ao mesmo, cumprira unha orde con alteración, defecto ou menoscabo dalgúns dos seus elementos esenciais, virá obrigado a executar de novo a publicidade nos termos pactados. Se a repetición non fora posible, o anunciante ou a axencia poderán esixir a redución do prezo e a indemnización dos prexuízos causados.”

- Artigo 19: “Salvo caso de forza maior, cando o medio non difunda a publicidade, o anunciante ou a axencia poderán optar entre esixir unha difusión posterior nas mesmas condicións pactadas ou denunciar o contrato de devolución do pago pola publicidade non difundida. En ambos os casos, o medio deberá indemnizar os danos e prexuízos ocasionados

Se a falta de difusión fose imputable ao anunciante ou á axencia, o responsable virá obrigado a indemnizar ao medio e a satisfacerlle integramente o prezo, salvo que o medio ocupase total ou parcialmente con outra publicidade as unidades de tempo ou espazo contratadas.”

A maior abastanza pódese facer mención tamén á teoría xeral sobre incumprimento total ou parcial dos contratos bilaterais establecida nos artigos 1101 e 1124 do Código Civil. En particular, o artigo 1124 do CC sinala que “A facultade de resolver as obrigacións enténdese implícita nas recíprocas, para o caso de que un dos obrigados non cumprir o que lle incumbe. O prexudicado poderá escoller entre esixir o cumprimento ou a resolución da obrigación, co resarcimento de danos e abono de intereses en ambos os casos. Tamén poderá pedir a resolución, aínda despois de optar polo cumprimento, cando este resultara imposible. O Tribunal decretará a resolución que se reclame, a non haber causas xustificadas que a autoricen para sinalar prazo.”

Con respecto a esta cuestión a xurisprudencia do Tribunal Supremo, viña mantendo que soamente existía incumprimento resolutorio cando concorre unha vontade deliberadamente rebelde do deudor (SSTS 28-2-1980, 11-10-82, 7-2-83- 23-9-86, 18-11-94 E 5-12-2002, entre outras.) Algunhas sentenzas introduciron matizacións neste criterio, presumindo que a vontade de incumprimento demostrase “polo feito mesmo da inefectividade do prezo contravindo a obriga asumida (STS 19-6-1985); ou admitindo o incumprimento relativo ou parcial, sempre que impida [...] a realización do fin do contrato, isto, é a completa e satisfactoria autorización [...] segundo os termos convidados” (STS 15-10-2002). Esta tendencia, como declara la STS 5-4-2006, axústase aos criterios sobre incumprimento contidos na Convención das Nacións Unidas sobre os contratos de Compraventa Internacional de Mercaderías, do 11 de abril do 1980 (á que se adheriu España por Instrumento de 17-7-90), cuxo art. 25 califica como esencial o incumprimento dun contrato (en virtude do cal o comprado poderá declarar resolto o contrato:art.49) dicindo que “o incumprimento do contrato por unha das partes será esencial cando cause a outra parte un prexuízo tal que a prive

sustancialmente do que tiña dereito a esperar en virtude do contrato, salvo que a parte que incumpriera non houbera previsto tal resultado e que unha persoa razoable da mesma condición non o tivera previsto en igual situación”. En sentido parecido pronúnciase o artigo 8:103 dos Principios do Dereito europeo de contratos, segundo o cal o “incumprimento dunha obriga é esencial para o contrato: “(...) c)Cando o incumprimento sexa intencionado e dea motivos á parte prexudicada para entender que xa non poderá contar no futuro co cumprimento da outra parte.

A normativa mencionada no parágrafo anterior é susceptible de aplicación ao contrato de patrocinio obxecto do presente informe, por canto o patrocinado (Club Baloncesto Breogán), obrígase a divulgar no ámbito que lle é propio, a publicidade do patrocinador (Deputación Provincial de Lugo). Segundo o previsto no artigos 18 e 19 da LXP, no caso de que o patrocinado realizase un cumprimento defectuoso ou non realizase algunha das prestacións obxecto do contrato, o patrocinador poderá optar pola rebaixa do prezo, ou pola repetición ou difusión posterior nas mesmas condicións pactadas, sempre que dita circunstancia fose posible considerando as características das prestacións non executadas ou executadas defectuosamente.

Non obstante o anterior, no caso que nos ocupa, á vista da documentación sinalada nos antecedentes e a xuízo do que subscribe, non nos atopamos nun suposto de incumprimento das prestacións obxecto do contrato nin de cumprimento defectuoso, toda vez que a entrega das entradas mencionadas no escrito presentado polo CB Breogán SAD e tal e como se recolle tamén no informe do Servizo de Deportes realizaríase dentro do prazo de duración do contrato con independencia de que a celebración dos partidos obxecto das mesmas teña lugar con posterioridade á data de finalización do mesmo.

A este respecto sinalar que o prazo de duración do contrato obxecto da presente contratación segundo o previsto na cláusula 5 do PCAP, esténdese ata o 31 de decembro do 2018. Por outra banda na cláusula 26 do PCAP establécese que “Tomando como referencia o recollido nos artigos 307 e 222 do TRLCSP, a administración determinará se a prestación realizada polo contratista está correctamente realizada, axustándose as prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento. A estes efectos será suficiente a conformidade da última factura emitida polo Responsable do Contrato, acompañada de informe da correcta execución das prestacións contractuais (...)”, así como tamén que “(...) Estendida a acta de recepción ou

documento equivalente en relación aos traballos realizados e comprobada a correcta execución das prestacións e obrigas contractuais, comezará a computarse o prazo de garantía que se fixa en 3 meses desde a data da amentada acta ou documento equivalente. Durante o prazo de garantía a Administración poderá comprobar que os traballos realizado se axusta ao contratado e ao estipulado no presente prego e no de prescricións técnicas”.

Tendo en conta que na data actual o contrato aínda non finalizou, e que o PCAP prevé un prazo de garantía de 3 meses a contar desde a data na que se estenda a acta de recepción ou documento equivalente, pódese concluír que o mesmo continuará en execución ata a finalización de dito prazo de garantía, de tal xeito que as entradas para os partidos a disputar polo CB Breogán SAD os días 6, 20 e 26 de xaneiro do 2019 estarían comprendidas dentro de dito período.

Segundo o previsto na cláusula 2 do PCAP, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación dos pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas e á adxudicación. Nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Ilmo.Sr. Presidente.

Conclusión

En base ao exposto, vista a documentación obrante no expediente, pódese concluír que a solicitude realizada polo C.B. BREOGÁN SAD, a cal non supón en ningún caso, modificación algunha do importe de adxudicación do contrato de referencia, axústase ao previsto no ordenamento xurídico e cumpre co obxecto, finalidade e propósito da contratación do expediente, toda vez que, segundo manifesta o Xefe do Servizo de Deportes e responsable do contrato no seu informe, encaixaría dentro das prestacións obxecto de dita contratación, dado que incidiría na transmisión social da actuación da Deputación como administración comprometida coa extensión e promoción do deporte, co deporte de base, e así mesmo co deporte escolar.

Polo que vai dito e, en base ao mesmo, proponse que pola Presidencia, se adopte a seguinte Resolución:

- Resolver favorablemente a solicitude realizada polo CB BREOGÁN SAD en relación á execución das prestacións vinculadas ao obxecto do contrato de patrocinio publicitario deportivo de equipos de máximas categorías estatais de fútbol e baloncesto co fin de promocionar a marca a Deputación de Lugo co deporte ou calquera outra marca/imaxe/mensaxe da Deputación de Lugo /provincia de Lugo. Equipo deportivo: Club Baloncesto Breogán S.A.D. Categoría: Liga LEB ouro. Disciplina: baloncesto, (entrega de entradas relativas a partidos da LIGA ACB a entregar dentro do prazo de execución do contrato e que se disputarían mes de xaneiro de 2019), por axustarse ao previsto no ordenamento xurídico e cumprir co obxecto, finalidade e propósito da contratación.

Faise constar expresamente, que a solicitude realizada polo C.B. BREOGÁN SAD, adxudicataria da contratación de referencia non supón en ningún caso, modificación algunha do importe de adxudicación de dito contrato”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Sexto.- *Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de adxudicación e do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas co obxecto de proceder á contratación da subministración e instalación de marquesiñas na rede viaria provincial.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o Informe Xurídico, no que se recollen as seguintes consideracións:

“Incóase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da subministración e instalación de marquesiñas para a rede viaria provincial.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu art. 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación o LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP.

O contrato definido ten a cualificación de contrato mixto, a tenor do establecido no artigo 18 da LCSP, en relación co disposto no artigo 34.2 da LCSP e de acordo coa cláusula 2.2 do PCAP, na que se recolle que “engloba prestacións dun contrato de subministración dos recollidos no artigo 16.3.a) da LCSP (por tratarse dun contrato en que o empresario se compromete a entregar unha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario sen que a contía total se defina con exactitude no momento de subscribir o contrato, por estaren subordinadas as entregas ás necesidades do adquirente), e dun contrato de obras, entendendo por obra, de conformidade co artigo 13 da LCSP a realización de traballos que modifiquen a forma ou substancia do chan ou do seu vó, ou de mellora do medio físico ou natural.

Ambas prestacións se atopan directamente vinculadas entre sí por unha relación de complementariedade e esixen a consideración e tratamento como unha unidade funcional dirixida á consecución dun único fin institucional propio da entidade contratante. Trátase de unidades complementarias non separables, posto que subministración perde a súa funcionalidade se non se produce posteriormente a correcta instalación; e tanto as unidades de obra a executar como as anclaxes varían dependendo da tipoloxía da marquesiñas que se adquieran”.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptanse á normativa aplicable. Recollen, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida. Na cláusula primeira do PCAP defínese o réxime xurídico aplicable tanto á preparación e adxudicación do contrato(ex artigo 18 da LCSP) como o réxime xurídico aplicable aos efectos, cumprimento e extinción do contrato [ex artigo 122.2 da LCSP].

O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) e 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan no PCAP para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o art. 131 da LCSP. En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polos arts. 145 e 146 da LCSP, os criterios de adxudicación, reflíctanse debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

O presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 22 do LCSP, desenvolto, nas contías, pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018, sendo que o valor estimado é de 185.288,10 euros.

De conformidade co previsto no artigo 99 da LCSP xustifícase a non división desta contratación en lotes en atención o recollido na cláusula 2.1 do PCAP que recolle que: “en atención, por un lado, ao feito de que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo, xa que en realidade debe considerarse unha única prestación a adquisición das marquesiñas e a súa instalación nos diferentes concellos posto que ambas prestacións se atopan directamente vinculadas entre si por unha relación de complementariedade e esixen a consideración e tratamento como unha unidade funcional dirixida á consecución dun único fin institucional propio da entidade contratante. Trátase de unidades complementarias non separables, posto que a instalación precisa da subministración previa e a subministración perde a súa funcionalidade se non se produce a instalación posterior cos anclaxes adecuados.

Por outro lado, tampouco podería esta contratación dividirse en función concellos ou zonas de entrega, xa que existe a necesidade de coordinar por unha mesma empresa e non por varias, a instalación das subministracións aos diferentes puntos, dado que esta se realiza en función das

necesidades xurdidas e deben respectar unha certa imaxe corporativa. Incorporárase xustificación complementaria aportada polo Servizo de Cooperación e Asistencia aos Concellos no que se recolle en síntese se recolle que o contrato ten como obxectivo final único subministrar marquesiñas que requiren dunha uniformidade nas súas características, nos materiais e na integración na paisaxe.”

O orzamento base de licitación integrado por base e IVE ascende á cantidade de 199.998,82 euros; resultado de multiplicar o prezo unitario de cada marquesiña polo número estimado de marquesiñas (2.439,01 * 82 marquesiñas). Prezo unitario máximo: 2.015,71 euros (IVE non incluído).

Segundo o Informe de Intervención de data 23 de novembro de 2018, existe consignación orzamentaria no vixente orzamento xeral para a cantidade de 200.000,00 euros (IVE incluído) da anualidade 2018.

Na fixación do devandito orzamento coidouse que fora axeitado aos prezos de mercado e tivéronse en conta todos os custos directos e indirectos así coma o beneficio industrial, de acordo co estipulado no artigo 100.2 da LCSP.

O prezo do contrato determinarase por prezos unitarios fixando o máximo de 2.015,71 euros (IVE non incluído) e así consta no PPT.

Non se prevé no PCAP a revisión de prezos.

As necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer constan nos informes que obran no expediente e na cláusula 2.1 do PCAP que recolle que: “Na documentación preparatoria do presente contrato xustifícase, conforme ao sinalado no artigo 28 da LCSP, os fins institucionais, a natureza e extensión das necesidades administrativas a satisfacer mediante o mesmo, a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, así como os factores de todo orde tidos en conta. A Deputación de Lugo non dispón do material que se pretende adquirir nin de medios adecuados a súa instalación.

En síntese, as necesidades administrativas a satisfacer mediante este contrato son as que constan relacionadas no Informe do Xefe do Servizo de Cooperación e Asistencia aos Concellos, a saber: A dotación de equipamentos funcionais para as vías provinciais, para contribuír á potenciación do transporte colectivo e mellorar a vertebración da provincia de Lugo e a calidade de vida da súa poboación. ”

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

En canto aos recursos, debe estarse ao establecido no artigo 44 da LCSP, de modo que, nos contratos de subministración de valor estimado superior a cen mil euros (apartado 2º do artigo 44), cabe interpoñer recurso especial en materia de contratación contra as actuacións indicadas no apartado 2º, sendo que o valor estimado é de 181.817.04 euros.

Os actos que se diten en procedementos de adxudicación de contratos das administracións públicas que non reúnan os requisitos do artigo 44, apartado 1º e 2º da LCSP poderán ser obxecto de recurso de conformidade co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011: aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2012); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.”

Polo que vai dito e, en base ao mesmo, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da subministración e instalación de marquesiñas para a rede viaria provincial.

2º.- Aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior.

3º.- Aprobación o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es) e demais publicacións obrigatorias.

4º.- Aprobación o orzamento base de licitación, integrado por base e IVE que ascende á cantidade de 199.998,82 euros; resultado de multiplicar o prezo unitario de cada marquesiña polo número estimado de marquesiñas ($2.439,01 * 82$ marquesiñas). Prezo unitario máximo: 2.049,01 euros (IVE incluído). Este orzamento ten a consideración de máximo aos efectos do previsto na D.A.33 da LCSP.

O expediente tramítase de forma anticipada, de conformidade co previsto no artigo 117.2 e a D.A. 3ª.2 da LCSP, posto que a súa execución comezará no exercicio de 2019.

5º.- Aprobación o gasto con cargo ao orzamento do exercicio económico de 2018, polo importe de 199.998,82 euros (IVE incluído)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Sétimo.- *Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de adxudicación e do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas para a contratación dos servizos para a implantación dun sistema de información e sinalización turística intelixente para a provincia de Lugo, a redacción dun plan de sinalización turística intelixente do casco histórico de Lugo e a subministración e instalación de sinais intelixentes no centro histórico de Lugo.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o Informe Xurídico, no que se recollen as seguintes consideracións:

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder a contratación dos servizos para a implantación dun sistema de información e sinalización turística intelixente para a provincia de Lugo, a redacción dun plan de sinalización turística intelixente do casco histórico de Lugo e a subministración e instalación de sinais intelixentes no centro histórico de Lugo.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu art. 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación o LCSP, xa que a Excma. Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP.

A contratación a realizar cualifícase como contrato mixto, se ben trátase como contrato de servizos xa que o peso económico dos servizos é superior ao das subministracións, de conformidade co establecido no artigo 18 da LCSP, en relación cos artigos 17 e 16 do mencionado texto legal, onde se sinala que “son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas a obtención de un resultado, distinto de unha obra ou un subministro” (art. 17), tendo tamén esta

consideración de contratos de servizos os contratos de adquisición de programas de ordenador desenvolvidos a medida (art. 16).

Consta no expediente Informe do Servizo de Turismo, no que se indica, en cumprimento do previsto no artigo 34.2 da LCSP que as prestacións obxecto do contrato que se pretende realizar atópanse directamente vinculadas entre si e manteñen relacións de complementariedade que esixen a súa consideración e tratamento como unha unidade funcional dirixida á satisfacción dunha determinada necesidade ou á consecución dun fin institucional propio da entidade contratante (art. 34.2 da Lei 9/2017 de contratos do sector público). No mesmo informe determínase o carácter da prestación principal (servizos), aos efectos de establecer as normas que rexerán a adxudicación da presente contratación.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) e 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan no prego de cláusulas administrativas particulares para a determinación da mellor oferta con base á mellor relación calidade-prezo. Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o artigo 131 da LCSP. En consideración ao indicado, así como en cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación reflíctense, debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas. A presente contratación non se atopa suxeita a regulación harmonizada dado o importe do mesma, consonte ao establecido no artigo 22 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orden HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018

Motívase a non división por lotes do contrato en cumprimento do previsto no artigo 99.3 da LCSP e segundo consta no informe do Servizo de Turismo que obra no expediente, polo feito de que “(...) dada a natureza das prestacións obxecto do contrato, para a coordinación das diferentes actuacións a realizar resulta imprescindible que a prestación se realice de xeito unitario por un mesmo licitador, xa que a división en lotes do obxecto do contrato dificultaría a súa correcta execución”.

As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle na certificación da intervención xeral, de data 30 de outubro do 2018, por un importe total de 170.000 €.

O expediente tramitarase na modalidade de anticipado, de conformidade co previsto no artigo 117.2 da LCSP e a Disposición Adicional terceira da LCSP, posto que a súa execución comezará no exercicio 2019

Existe Informe do Servizo de Turismo, no que se recolle que coidouse que o orzamento base de licitación sexa axeitado aos prezos de mercado e tivéronse en conta todos os custos directos e indirectos así coma o beneficio industrial, de acordo co estipulado nos artigos 100 e 101 da LCSP.

Non se prevé no PCAP a revisión de prezos.

As necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer constan no informe do Servizo de Turismo que forma parte do expediente.

O prazo de duración/execución do contrato será de 8 meses, de acordo coa programación prevista ao efecto no prego de prescricións técnicas. Este prazo comezará a contar, desde o día seguinte no que se proceda á sinatura da acta de inicio das prestacións obxecto da presente contratación, ou no seu defecto, desde o día seguinte á formalización do correspondente contrato.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

En canto aos recursos debe estarse ao establecido no artigo 44 da LCSP de modo que nos contratos de servizos de valor estimado superior a cen mil euros (apartado 1º do art. 44) cabe interpoñer recurso especial en materia de contratación, contra as actuacións indicadas no apartado 2º.

Contra as actuacións que caiba recurso especial en materia de contratación, non procederá a interposición de recursos administrativos ordinarios.

Os actos que se diten en procedementos de adxudicación de contratos das administracións públicas que non reúnan os requisitos do Artigo 44.1 da LCSP poderán ser obxecto de recurso de conformidade co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro; así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O Recurso especial en materia de contratación interpoñerase ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, con enderezo en <https://tacgal.xunta.gal/>, dentro do prazo de quince días hábiles computados segundo o fixado no artigo 50 da LCSP.

O Tribunal ten a súa sede en Santiago de Compostela e está incluído no ámbito do Rexistro Xeral da Xunta de Galicia para as funcións de rexistro que precise (situado no Edificio Administrativo San Caetano, en Santiago de Compostela).

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD

(Reglamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011: aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2012); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional sinala que a emisión de informes cando así se establezca na lexislación sectorial é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaría Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.”

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación dos servizos para a implantación dun sistema de información e sinalización turística intelixente para a Provincia de Lugo, a redacción dun plan de sinalización turística intelixente do casco histórico de Lugo e o subministración e instalación de sinais intelixentes no centro histórico de Lugo.

2º.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior.

3º.- Aprobar o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación

Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es) e demais publicacións obrigatorias.

4º.- Aprobar o gasto por importe de 140.495,87, aos que haberá que engadir 29.504,13 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 170.000,00 €.

O expediente tramitarase na modalidade de anticipado, de conformidade co previsto no artigo 117.2 da LCSP e a Disposición Adicional terceira da LCSP, posto que a súa execución comezará no exercicio 2019”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Oitavo.- *Adxudicación do contrato menor da subministración de electrodomésticos para lavandería para o centro de atención a persoas maiores de Trabada.*

Tras ver a proposta do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, a teor do seguinte texto:

“En relación coas propostas de diferentes unidades administrativas, relativas á tramitación de contratos menores, procede:

Segundo o artigo 25.1 “Contratos Administrativos” da LCSP: “Terán carácter administrativo os contratos seguintes, sempre que se celebren por unha Administración Pública: a) Os contratos de obra, concesión de obra, concesión de servizos, subministración e servizos. (...)”.

Tendo en conta o artigo 73, do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, o correspondente expediente de contratación iníciase correctamente, figurando neste a documentación mencionada no informe do servizo de contratación. Así mesmo, motívase a necesidade do contrato nos termos previstos non artigo 28 e 118.1 da LCSP.

En base ao artigo 118.1 do citado corpo legal, determínase que “Considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos ou subministracións centralizados no ámbito estatal. Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Así mesmo requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.”

Por outra banda, no punto 3 do artigo 118 determínase que: “No expediente xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non subscribiu máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo. O órgano de contratación comprobará o cumprimento de dita regra. (...)”.

O artigo 99 “Obxecto do contrato” da LCSP determina que:

“O obxecto dos contratos do sector público deberá ser determinado. O mesmo poderase definir en atención as necesidades ou funcionalidades concretas que se pretenden satisfacer, sen cerrar o obxecto do contrato a unha solución única. En especial, definiranse deste modo en aqueles contratos nos que se estime que poden incorporarse innovacións tecnolóxicas, sociais ou ambientais que melloren a eficiencia e sustentabilidade dos bens, obras ou servizos que se contraten.

Non poderá fraccionarse un contrato coa finalidade de diminuír a contía do mesmo e eludir así os requisitos de publicidade ou os relativos ó procedemento de adxudicación que correspondan.

Sempre que a natureza ou o obxecto do contrato o permitan, deberá preverse a realización independente de cada unha das súas partes mediante a súa división en lotes, podéndose reservar lotes de conformidade co disposto na disposición adicional cuarta.

Non obstante o anterior, o órgano de contratación poderá dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse debidamente no expediente, salvo nos casos de contratos de concesión de obras. (...)”.

Na base 17ª de execución do orzamento xeral da Deputación Provincial de Lugo para 2018, establece os criterios para a tramitación de contratos menores.

O artigo 72 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Público, dispón que “ nos contratos menores poderá facer as veces de documento contractual a factura pertinente, ... En todo caso, a factura deberá conter as seguintes mencións:

- a) Número.
- b) Nome e apelido ou denominación social, nº de identificación fiscal e domicilio do expedidor.
- c) Órgano que celebra o contrato.
- d) Descrición do obxecto do contrato, con expresión do servizo ao que vaia destinado.
- e) Prezo do contrato.
- f) Lugar e data da súa emisión.
- g) Firma do funcionario que acredite a recepción...”.

O artigo 131.3 da LCSP estipula que: “Os contratos menores poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.”

No caso de existir subcontratación, deberá de cumprirse o estipulado no artigo 215 da LCSP, referente á subcontratación

Á vista da documentación incorporada ao expediente por parte de Intervención, concretamente o listado das operacións definitivas e pendentes de aprobación no período do exercicio orzamentario de 2019, non consta neste servizo a aprobación de ningún outro contrato

menor na que as empresas propostas resultasen adxudicatarias. Polo que, queda xustificado no expediente que non se altera o obxecto contractual para evitar a aplicación das regras xerais de contratación e, así mesmo, que o contratista non subscribiu individual ou conxuntamente, contratos menores que igualem ou superen a cifra de 15.000,00 € de valor estimado.

Segundo se detallan nos informes do órgano de contratación, consta motivada a necesidade dos contratos, de acordo co estipulado nos artigos 28 e 118.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/21/UE, de 26 de febreiro de 2014.

O prazo de vixencia dos contratos será como máximo dun ano, a contar dende a súa aprobación, tal e como se establece no artigo 29.8 da LCSP.

Polo anteriormente exposto, e visto informe do Servizo de Intervención relativo á existencia de crédito orzamentario suficiente, propónse que pola Presidencia se adopten as seguintes resolucións:

Proceder á aprobación do procedemento de contratación como gasto anticipado segundo establece o artigo 117.2 en relación coa D.A. 3ª.2 da LCSP e a base 18ª de execución do Orzamento Xeral, quedando supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira e adxudicar a execución dos seguintes contratos menores, relativos ás unidades administrativas, polos importes e adxudicatarios que a continuación se relacionan:

Nº Expte.	Unidade Administrativa	Obxecto	Tipo contrato	Prezo con IVE	Adxudicatario
CMP2018/000425	Benestar	Subministración de electrodomésticos para lavandería para o centro de atención a persoas maiores de Trabada para poder realizar as tarefas de lavandería: lavadora industrial, secadora industrial, rodillo de prancha como equipamento básico para desenvolver esta prestación. A prestación realizarase a partir da data na que se dispoña das chaves do edificio CAM Trabada.	Subministración	11.490,16€	PROYEC HORECA, SL,

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.

Visto o Plan de Seguridade e Saúde da obra que se indica, presentado polo contratista adxudicatario, en cumprimento do disposto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e informe emitido polo director técnico da obra e polos servizos técnicos desta Excma. Deputación Provincial; así como a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar o Plan elaborado para a súa aplicación á obra que se relaciona.

2º.- Comunicar esta aprobación ao director técnico e contratista, para o seu cumprimento durante a execución da obra.

OBRA CUXO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE SE APROBA

Obra: Rehabilitación de firme LU-P-3106 “Os Remedios (N-634A)-Estelo-Romaríz (LU-P-0101)”, P.K. 8+570 AL 10+020 y LU-P-3108 “Viloalle (LU-160)-Figueiras”, P.K. 0+785 al 4+000. MONDOÑEDO.

Contratista: Canteras Isidro Otero, S.L.

6.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE RECURSOS DE REPOSICIÓN DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL, ANUALIDADE 2018.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada de Cultura, do seguinte teor:

“Tendo en conta que, pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada o pasado 4 de maio de 2018, prestouse aprobación das bases e os modelos de solicitude que habían de rexer no procedemento de concorrência competitiva para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural anualidade 2018.

Tendo en conta que o extracto do acordo da Xunta de Goberno do 4 de maio de 2018 polo que se aprobaba a convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 111 do día 16 de maio pola Base de Datos Nacional de Subvencións.

Tendo en conta que de conformidade co punto 6º das Bases do concurso de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo:

“... constituirase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instructor consonte ao disposto no Artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións ”.

Tendo en conta que o día 1 de agosto de 2018, a Comisión de Avaliación , reúnese e acorda elevar a proposta de resolución das subvención á Xunta e Goberno, na que se especifica que a solicitude presentada pola A.C. Peleríños queda desestimada por “falta de documentación segundo o punto 8 das bases”.

Tendo en conta que o día 10 de agosto a Xunta de Goberno aproba a Resolución definitiva das subvencións de concorrência competitiva destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, ano 2018, publicando dito acordo no BOP nº 186 do día 14 de agosto de 2018.

Tendo en conta que con data 12 de setembro de 2018, o Secretario da A.C. Peleríños, Borja García López, presenta un Recurso de Reposición contra o acordo da Xunta de Goberno do día 10 de agosto, no que se alega que a documentación solicitada no seu momento foi presentada por correo electrónico.

Tendo en conta que nese enderezo de correo electrónico non figura ningún mail da A.C. Pelerínos, á Área de Cultura solicitou do Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Lugo, información de se ese mail entrou na conta de correo electrónico da Deputación, en que data foi enviado así como a documentación que viña adxunta.

O Servizo de Novas Tecnoloxías conseguiu localizar o citado mail e remitiuno á Área de Cultura, onde se comprobou que efectivamente a documentación entrou en prazo e era correcta.

A vista de que a documentación solicitada (Memoria e Anexos VI e VII) fora enviada, aínda que non recepcionada por un problema tecnolóxico, por parte do Servizo de Cultura, procédese a revisión do expediente de referencia da A.C.Pelerínos comprobándose que agora a solicitude está completa para ser valorada pola Comisión. Unha vez avaliada e, de acordo co punto 6 das bases da convocatoria, corresponderíalles unha axuda por importe de 566.58€.

Dado que no seu momento e, de acordo co punto 5 das bases da convocatoria a cantidade total a repartir para 2018 foi de 280.000,00€; e dicir o 100% do importe consignado para a concorrência competitiva da anualidade 2018. Non obstante, na Xunta de Goberno de data 14 de decembro de 2018, aprobouse unha renuncia do ano 2018, correspondente á “Asoc.para o Desenrolo Rural Integral de Negueira de Muñiz” por importe de 1.064.00€, unha cantidade máis que suficiente para facer fronte aos 566.58€ que agora lle correspondería á A.C. Pelerínos.

Por todo o dito,

A Deputada Delegada que subscribe, propón a Xunta de Goberno, en base a proposta da Comisión de Valoración;

Que se estime o Recurso de Reposición presentado pola A.C. Pelerínos e se lle conceda unha subvención por importe de 566.38€, para a actividade “Promoción e difusión da música e baile tradicional galego”, dentro da concorrência de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo en concorrência competitiva, ano 2018”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- COMPARECENCIA EN RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 249/2018.

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 249/2018, interposto por Dona María Mosquera Álvarez, fronte a resolución do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación desta Excm. Deputación Provincial de data 18 de abril de 2017, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso Contencioso Administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento, de ser preciso, de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído a compañía aseguradora se fora preciso.

8.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

9.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as quince horas e cincuenta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.